



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Serie Pleno  
Número 3

**Sesión Plenaria**  
10 de novembro de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## Orde do día

---

Punto único. Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.

## Sumario

---

*Retómase a sesión ás once e trinta e un minutos da mañá.*

### **Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia. (Continuación.)**

*O señor presidente comunica a inasistencia e delegación de voto da deputada dona María Luisa Pierres López, por maternidade, quen, ao abeiro do disposto no artigo 84.3 e 4 do Regulamento da Cámara, exerce o seu dereito á delegación de voto para esta sesión no deputado don Abel Fermín Losada Álvarez. (Páx. 5.)*

*O señor presidente explica a ordenación do debate do punto único da orde do día, que constará dunha intervención dos representantes dos grupos parlamentarios por un tempo de trinta e cinco minutos, de conformidade co acordado pola Mesa e Xunta de Portavoces do día 4 de novembro de 2016; dunha intervención do candidato, que poderá contestar individual ou globalmente aos grupos parlamentarios conforme o disposto no artigo 136.4 do Regulamento; e votación. (Páx. 5.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 5.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 14.), Sr. Villares Naveira (EM) (Páx. 25.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 37.)*

**Resposta do candidato a presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo (Páx. 45.)**

*O señor presidente suspende a sesión e anuncia que se retomará ás cinco da tarde. (Páx. 62.)*

*Suspéndese a sesión ás tres e once minutos da tarde e retómase ás cinco.*

*O señor presidente comunícalle á Cámara que se vai retomar a sesión coa rolda de réplica dos grupos parlamentarios, por un tempo de dez minutos cada un, conforme o recollido no artigo 136 do Regulamento. Así mesmo, anuncia que, en cumprimento do artigo 136 do Regulamento, tras o debate, terá lugar a votación, ás seis e media da tarde, sen prexuízo de que o desenvolvemento da sesión obrígase a modificar a devandita hora. (Páx. 63.)*

*Réplica dos grupos parlamentarios: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 63.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 67.), Sr. Villares Naveira (EM) (Páx. 70.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 73.)*

**Dúplica do candidato a presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo (Páx. 77.)**

*O señor presidente anuncia que se vai proceder á votación para a elección do candidato proposto a presidente da Xunta de Galicia, que a votación será pública por chamamento e se fará por orde alfabética do primeiro apelido, agás no caso dos membros do Goberno en funcións e mais os da Mesa da Cámara, que o farán ao remate, e que comezará pola deputada ou polo deputado elixidos á sorte. Así mesmo, tamén comunica que, de acordo co artigo 136.6 do Regulamento, se requiren os votos da maioría absoluta para que o candidato poida saír elixido. (Páx. 91.)*

*A seguir, o señor presidente pídelle á señora secretaria que saque á sorte a letra pola que comezará o chamamento das señoras e dos señores deputados. (Páx. 92.)*

*A señora secretaria (Arias Rodríguez) saca á sorte a letra, que será o “f”. Polo tanto, corresponde comezar o chamamento polo deputado don César Manuel Fernández Gil. (Páx. 92.)*

*A continuación, a señora secretaria (Arias Rodríguez) procede a efectuar o chamamento das señoras e dos señores deputados, así como dos membros do Goberno e mais da Mesa, que responden “si” ou “non”. (Páx. 92.)*

*Votación: votos a favor, 41; votos en contra, 34. (Páx. 95.)*

*O señor presidente fai público o resultado da votación, e, obtida a maioría absoluta, proclama elixido presidente da Xunta de Galicia a don Alberto Núñez Feijóo. (Páx. 95.)*

*Remata a sesión ás sete e cinco minutos do serán.*

*(Versión revisada)*

*Retómase a sesión ás once e trinta e un minutos da mañá.*

**Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.** (Continuación.)

**O señor PRESIDENTE:** Bos días. Reiniciamos a sesión.

En primeiro lugar, comunícolle á Cámara unha inasistencia e delegación de voto. Xustificou a súa inasistencia a deputada dona María Luisa Pierres López, por maternidade, quen, ao abeiro do disposto no artigo 84.3 e 4 do Regulamento da Cámara, exerce o seu dereito á delegación de voto para esta sesión no deputado don Abel Fermín Losada Álvarez. A Mesa, na reunión do 8 de novembro, autorizou a dita delegación.

E agora corresponde a intervención dos representantes dos grupos parlamentarios. De conformidade co acordado pola Mesa e Xunta de Portavoces do día 4 de novembro de 2016, poderá facer uso da palabra cada un dos representantes dos grupos parlamentarios por un tempo de trinta e cinco minutos. O candidato poderá contestar individual ou globalmente aos grupos parlamentarios conforme o disposto no artigo 136.4 do Regulamento. Tras o debate levarase a efecto a votación, arredor das 18.30. En todo caso, sen prexuízo das incidencias que poidan xurdir, serán avisados puntualmente.

A primeira intervención, polo tanto, correspóndelle agora ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten para iso a palabra a señora Ana Belén Pontón Mondelo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señores deputados e señoras deputadas, candidato á Presidencia da Xunta, para min é unha honra e unha responsabilidade a confianza que nos deron os galegos e as galegas para ser a súa voz neste Parlamento.

Sei ben que son tempos de incertezas, nos que miles de persoas miran con preocupación o futuro. É precisamente en tempos como estes cando a democracia real, a política, son máis necesarias que nunca. A política de verdade, con maiúsculas, a política que non entende de curtopracismos e que foxe de oportunismos, a política que defende ideas e principios e que sabe antepoñer os intereses do país. E aquí estamos representadas voces e ideas diferentes, mais cadaquén desde o seu ámbito podemos aportar o noso gran de area. Sempre nos atoparán naqueles acordos que sirvan para defender Galiza, nos que sirvan para defender dereitos sociais e para que realmente deixemos atrás unha crise que tanta dor e que tanto sufrimento ten causado.

Estamos nun momento clave no que toca repensar o futuro de Galiza. Toca repensar Galiza como proxecto e enfocar o futuro con luces largas. Toca repensar e redefinir colectivamente o modelo produtivo, o modelo social, cultural dun país no que temos todo por gañar. Confiamos no potencial de Galiza, e temos ideas alternativas e propostas para construír ese país con igualdade, prosperidade, moderno, e orgullosos do que somos e tamén do que queremos ser.

Pero dificilmente se pode chegar a un acordo con quen non ve esta realidade. Señor Feijóo, vostede pide unión, pero leva oito anos dividindo; vostede pide acordos, pero sempre acaba antepoñendo os seus intereses e os intereses do seu partido por riba do interese xeral dos galegos e das galegas, sempre acaba traizoando a Galiza.

Pola contra, no BNG non esquecemos que estamos aquí grazas á xente que nos votou. E esa xente sabe que nós non a imos traizoar, que non imos traizoar a súa confianza nin tampouco abstermos de defender as nosas ideas. E permítanme que desde aquí lles exprese o agradecemento sincero a todas e cada unha das persoas que votaron BNG o pasado 25 de setembro. Sabemos do caudal de ilusión e de esperanza que nos acompañan.

Quero agradecerlles tamén a todas aquelas persoas que votando outras opcións políticas nos trasladaron que a única alegría que tiveran na noite electoral fora o resultado do BNG.

E a todas esas persoas que hoxe senten que non teñen nada que festexar, quero dicirlles que non se sintan nin derrotadas nin vencidas, que aquí estamos coa man tendida para construír xuntos, para construír xuntas esa Galiza que queremos, esa Galiza onde a xente realmente teña motivos para sorrir e para ollar con confianza o futuro.

Neste debate importante quero facer un recoñecemento público ás mulleres, ao feminismo e á loita pola igualdade. Grazas ás mulleres como Rosa Parks, que se negou a ir no asento de atrás por ser negra. Grazas ás mulleres como Rosalía de Castro, por publicar en galego cando estaba proscrito e por facelo sendo muller nun momento no que, como ela mesma dicía, «non lles estaba permitido ás mulleres escribir o que senten e o que saben». (*Aplausos.*) Grazas tamén ás mulleres anónimas, ás loitadoras do cotián, como a miña avoa Carme, unha muller de aldea que sabía moi ben o que era traballar duro e tamén o que significa ter que loitar por saír adiante, quen coa súa dignidade de labrega ensinou as súas netas a mirar as estrelas pero tamén a ser un pouco máis libres. A todas elas eu quero darlles as grazas nun día no que é a primeira vez na historia desta Cámara que nun debate de investidura se escoita a voz dunha muller. Un feito que non é un logro, é unha evidencia máis deses chans pegañentos, deses teitos de cristal e tamén das barreiras que seguen existindo da igualdade real das mulleres.

Mais tamén é un orgullo que sexa o nacionalismo, o BNG, os que demos un paso adiante para feminizar a política con feitos, porque estamos cansadas das palabras e das promesas que non se acompañan con realidades. Queremos igualdade, ¡e queremosola xa! (*Aplausos.*)

Afrontamos este debate de investidura cunha premisa moi clara: imos facer unha oposición estrita, rigorosa, un control do Goberno, e defenderemos iniciativas en positivo para que Galiza avance, se modernice e para blindar os dereitos sociais e nacionais.

Señor Feijóo, hoxe sería moi sinxelo describilo a vostede e descualificar toda a súa proposta de goberno simplemente nomeando os seus amigos. Podería lembrarlle aquí o seu amigo o narco Marcial Dorado, o conseqüidor da operación Zeta, o señor Pachi Lucas, mais non o farei. (*Risos.*) A nosa prioridade é darlles voz... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...ás persoas que nos votaron e dar alternativas para que os galegos e as galegas teñan solucións aos graves problemas que seguen existindo. Por iso, señor Feijóo, nunca vou recorrer nin ao insulto nin á descualificación persoal, e espero que vostede faga o mesmo. Agardo que non asfixie a democracia outros catro anos máis, que deixe funcionar este Parlamento en liberdade e que empece por respectar a oposición que representamos aquí a galegos e galegas igual que vostede.

Porque, mire, o problema da democracia non son as manifestacións, como dixo vostede aquí antonte. Mesmo ata o señor Feijóo ten participado nalgunha, ¿non? Poderíamos lembrarlle aquí aquel asalto dos alcaldes do Partido Popular ao Parlamento. O pasado martes vostede exhibiu como un trofeo a súa maioría absoluta, que lle dá capacidade e lexitimidade para gobernar, pero que non lle dá máis razóns. As súas maiorías, señor Feijóo, non trouxeron a felicidade.

Os seus oito anos de Goberno non lle cambiaron a vida a Lola. Lola ten 30 anos, érguese ás seis da mañá, traballa dez horas por 700 euros ao mes. ¿Vostede cre que sería capaz de vivir con 700 euros ao mes?

A súa maioría tampouco lle serviu para nada a Manuel, que está a piques de cumprir 50, que leva cinco anos no paro; deixou de mirar os xornais porque nunca dá o perfil. Vostede, señor Feijóo, seguro que tamén deixaba de mirar os anuncios do xornal, como Manuel.

Pero a súa maioría non lle vale para nada a Rosa —pídlle, por favor, que escoite—. Rosa ten unha pensión de xubilación de 632 euros, ten Alzheimer desde hai dez anos e Rosa é dependente. Hai moi poucos días á súa filla acaban de comunicarlle que Rosa ten un cancro. Cunha pensión de 632 euros ten que pagar a contribución da súa casa —460 euros—, ten que pagar a luz, ten que pagar a calefacción, ten que pagar a comida, ten que pagar medicinas..., e ten que pagar tamén unha axudante porque é dependente total, necesita axuda as vinte e catro hora do día. Ten a dependencia recoñecida, pero aínda non viu nin un só cartón nin ningunha axuda por esa dependencia.

Señor Feijóo, despois de todo isto, ¿vostede votaría a si mesmo? ¿Pode vostede mirar aos ollos a Lola, a Manuel ou a Rosa e dicirlles que vai facer para cambiar todo isto? ¿Vai vostede ofrecerlles algo diferente a estas persoas de carne e óso? ¡É evidente que non!, porque vostede é un presidente á fuga, presentouse para marchar, e isto está condicionando as súas prioridades e está condicionando tamén o seu goberno.

Pero a min o que me parece máis alarmante é que vostede non está disposto a cambiar nada, nin asume ningún erro. As promesas que nos fixo o martes son, no esencial, as mesmas promesas que hai catro anos, son as mesmas promesas que hai oito anos, señor Feijóo. ¡Estes debates empezan a aparecer o día da marmota!

Mire, volve ensinar un titular de hai catro anos. Ano 2012, sesión de investidura: «Feijóo anuncia un fondo para crear emprego». Ano 2016, sesión de investidura: «Núñez Feijóo aspira a crear 100.00 empregos». Ano 2012: «Feijóo chama a un acordo sobre o medio rural». Ano 2016: «Feijóo apela a un consenso sobre o medio rural».

Señor Feijóo, hai que recoñecerlle que vostede é un gran propagandista, pero a súa propaganda non lle dá de comer á xente deste país, nin fai que saíamos adiante.

Mire, teño comigo aquí tamén o *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*. Neste diario vostede dicíanos, hai catro anos, que Galiza estaba en mellores condicións para saír da crise. Titular de hai seis días: «Galicia destrúe emprego mentres o resto de España gaña ocupados». ¿Vostede realmente cre que isto é saír da crise?

A crúa realidade é que non saímos do pozo, e voulle dicir máis, non imos saír do pozo ata que haxa cambios estruturais. Galiza ten que poder decidir sobre aspectos clave da economía para avanzar, pero o seu inmovilismo é un lastre para que a nosa economía progrese e se modernice. En pleno 2016 precisamos algo máis que un autonomismo fosilizado, que un traxe feito á medida dos anos oitenta.

Desde o BNG levamos oito anos dicíndolle que para avanzar se necesitan cambios de fondo, confianza en Galiza e ambición de país.

E permítanme que lle poña algúns exemplos clave:

Primeiro, hai que cambiar o modelo de financiamento. Señor Feijóo, cada vez que vostede vén aquí, na sesión de investidura, dinos que hai que cambiar o modelo de financiamento, pero levamos oito anos perdendo.

Necesitamos máis cartos, máis recursos para poder financiar mellor a sanidade, a educación, os servizos sociais, a dependencia, impulsar o emprego... Necesitamos que eses máis de 3.000 millóns de euros que cada ano recada o Estado, pero que non retornan a Galiza, se utilicen en beneficio dos galegos e das galegas. Pero vostede, inexplicablemente, renuncia a ter unha autonomía fiscal plena e unha facenda galega, e segue preferindo que o señor Montoro sexa quen teña a chave dos cartos dos galegos e das galegas.

En segundo lugar, dixémoslle que era fundamental ter unha estratexia para recuperar o poder financeiro roubado coa liquidación das caixas de aforros, mais vostede foi cómplice dese espolio de 9.000 millóns de euros. Seguimos propoñéndolle unha banca pública galega.

Apostamos desde o BNG por ter un control da enerxía eléctrica, que neste momento producimos sen, basicamente, ningún beneficio para o país. Vostede tampouco quixo unha tarifa eléctrica galega.

Ou, finalmente, levamos oito anos, ¡oito anos!, señor Feijóo, dicíndolle que era necesaria unha aposta estratéxica polas políticas de I+D+i, porque apostar pola ciencia era apostar polo liderado, pero vostede aquí tamén recortou.

En todos estes eidos, señor candidato á Presidencia, vostede nunca militou en Galiza, sempre foi militante dos seus intereses do partido. Non defendeu os intereses de Galiza, nin alzou a voz nin unha soa vez para que non sexamos convidados de pedra en temas vitais para o noso futuro. Somos cativos das decisións que se están tomando a centos de quilómetros de nós.



Por iso, desde o BNG dicimos con moita claridade: temos que superar este autonomismo fossilizado. Necesitamos un novo status para Galiza que nos dea instrumentos para que realmente poidamos afrontar os retos que temos: que se nos reconeça como o que somos, unha nación orgullosa no mundo; que se nos permita decidir sobre aspectos clave da nosa economía; ter unha facenda galega para recadar os nosos impostos; fixar unha carta avanzada de dereitos sociais e blindar os servizos públicos das privatizacións.

Estas medidas son medidas atrevidas e valentes, e terían provocado que Galiza estivera en mellores condicións de saír do pozo. Perdemos a oportunidade de dar un xiro produtivo. Vostede, señor Feijóo, puido facelo, pero non tivo a valentía necesaria.

Pero isto non é o que pasou noutros lugares. Falemos, por exemplo, do que está pasando coas enerxías renovables, que son clave para poder afrontar o cambio climático. Mentres moitos países abandonaron un modelo baseado na produción enerxética tradicional, ¿que está pasando en Galiza e no Estado? Pois que o PP paralizou o desenvolvemento eólico, eliminaron as primas ás renovables e impuxeron medidas disparatadas, como un imposto ao sol.

E mentres, a nivel mundial hai un crecemento exponencial das enerxías verdes. No último ano a enerxía renovable medrou nun 23,5 % en Alemaña, en China fixérono nun 21 %.

E a pregunta é: ¿por que pasa isto? ¿A quen beneficia isto? A Endesa, a Iberdrola, a Gas Natural, que seguen mantendo o seu oligopolio e uns beneficios indecentes.

Señor Feijóo, está claro, vostede antepón as portas xiratorias, que lle garanten retiros doutros, a que democraticemos a enerxía e a que defendamos que a enerxía é dos galegos e das galegas, e que temos dereito a beneficiarnos dela. *(Aplausos.)*

É evidente que outros foron valentes e vostede foi covarde.

Permítame un exemplo. Agora mesmo hai centos de familias na Costa da Morte que están pendentes de ver que decisión toma vostede sobre a venda especulativa das centrais do río Xallas. ¿Vai antepoñer os intereses especulativos de Villar Mir ou defender o futuro das familias galegas?

Convénzanos, señor Feijóo, de que vostede é militante de Galiza, ¡convénzanos! *(Aplausos.)*

Falemos, señor Feijóo, de sectores produtivos. Antonte volveu prometernos o mesmo para iso que hai catro anos, o mesmo para iso que hai oito anos. ¡Outra vez o día da marmota!

Vou refrescarlle a memoria, se mo permite.

Hai catro anos, aquí mesmo, nesta sala, vostede prometeunos: fondo para o crecemento, con investimentos en reformas estruturais para o lácteo e o forestal, priorizando a innovación; programa de captación de talento: ía reter os investigadores mellor formados e traer os investigadores de fóra en áreas estratéxicas.

Petróleos mexicanos ían instalarse en punta Langosteira, establecendo a súa base loxística en Europa; a frota petroleira mexicana ía renovarse en Galiza; ía promover, señor Feijóo, a reordenación do monte, reducir os lumes e ampliar a base territorial das explotacións.

Plan de industrialización do rural galego; novas vías de negocio para as industrias auxiliares; o maior concurso eólico da historia.

Señor Feijóo, esas son as súas promesas. Catro anos despois, ¿a vostede non lle dá ningún apuro —nin por un momento— que a súa palabra non sirva para nada?

O paraíso que vostede promete non se conquista cos prezos do leite máis baixos do Estado. O paraíso tampouco chegou para as xentes do mar, que sempre teñen problemas coas cotas e as rías sen sanear. O paraíso tampouco está no naval, perdéronse máis de 4.000 postos de traballo. O paraíso tampouco está no sector de automoción, deslocalizáronse a Portugal máis de 30 empresas auxiliares, perdéronse 3.000 postos de traballo.

É preciso un novo modelo de desenvolvemento sustentábel, que aposte polo emprego digno e igualitario, que teña nos sectores básicos e na investigación a súa columna vertebral.

Vostede, señor Feijóo, puido duplicar o orzamento en I+D+i, mais non o fixo.

Vostede puido facer da innovación a garantía do sector alimentario, do sector forestal ou da transformación da pedra e da madeira, non o fixo.

Vostede puido fortalecer a innovación noutros sectores, como pode ser o naval, o téxtil, a automoción, combater a deslocalización, non o fixo.

Vostede puido apostar pola biotecnoloxía, pola robótica, polas tecnoloxías óhmicas, polas tecnoloxías da saúde, non o fixo.

Vostede puido defender o naval, non o fixo.

Vostede puido defender prezos xustos e un grupo lácteo galego, pero non o fixo.

Señor Feijóo, ¿nalgún momento destas últimas dúas lexislaturas tivo vostede algún proxecto serio e solvente para Galiza? Levamos oito anos perdidos, e moito temo que van ser doce a este paso.

Dicíalle, ao principio da miña intervención, que as maiorías do Partido Popular non trouxeron a felicidade, e quero dicirle agora que tampouco branquean a corrupción. O seu compromiso coa corrupción —aí recoñezollo— está no mesmo nivel que o do seu partido. Un compromiso que, non sei, ao mellor se pode medir en feitos, como que nos presentaran un código de boas prácticas apadriñado por Ana Mato. A min, visto en perspectiva, case me parece un chiste digno de Gila.

Pero, se mo permite, hoxe voulle ler unha cita de alguén, que seguramente creo que lle pode interesar, ou que, polo menos, o pode inspirar: «*No todo consiste en mejorar las leyes. Hay rin-*

*cones donde la ley no puede llegar, pero a los que también tenemos que atender. Me estoy refiriendo a la ejemplaridad de nuestras conductas, porque más allá de cumplir la ley eso es lo que los ciudadanos esperan de nosotros: que seamos ejemplares a la hora de conducirnos en la vida pública».*

Fin de la cita, que diría o señor Rajoy, que é a quen pertencen estas palabras. *(Aplausos.)*

Señor Feijóo, ¿de verdade vostede pensa que é compatíbel ese código ético con manter como presidente do Partido Popular de Ourense e presidente da Deputación o señor Baltar? *(Aplausos.)*

¿Vostedes cren que a exemplaridade da que nos está falando o Partido Popular é compatible coa habitación 505 do Hotel San Francisco II e con pedir sexo a cambio de postos de traballo na Deputación? ¿Esa é a exemplaridade que vostede defende, señor Feijóo?

Eu xa sei que a vostede non lle gusta que digamos estas cousas, que o incomoda a verdade, ten unha relación moi difícil con ela —seino—. Tamén sei que vostede, se agora mesmo puidera, faría o mesmo que fai na TVG: apagarnos, desconectar, que non se escoite a oposición. Mire, leva vostede comprometéndose desde hai oito anos a que o director da TVG estivese nomeado por este Parlamento. Segue hoxe o mesmo director que vostede nomeou a dedo hai oito anos.

Pero a corrupción non só está en «b», a corrupción tamén está en «a»: a corrupción que se esconde detrás das mentiras e a que está tamén no BOE e no DOG. Aí está a corrupción dunha prórroga inmoral a Ence para que siga contaminando durante sesenta anos máis a ría de Pontevedra e fomentando o monocultivo do eucalipto. A corrupción tamén está na falta de investigación do accidente de Angrois. Poñámonos do lado das vítimas e da verdade, señor Feijóo. ¿Está vostede disposto a colaborar coa verdade ou vai seguir sendo un tapón para que saibamos qué pasou e nunca máis vexamos un accidente así no noso país? *(Aplausos.)*

A corrupción, señor Feijóo, tamén está nos rescates á banca e ás construtoras. Neste país hai sentenzas que condenan persoas por roubar comida a máis de tres anos de cárcere. E os que se desfixeron das caixas, que provocaron un desfalco de miles de millóns de euros públicos, seguen paseándose como señores por este país sen asumir ningunha responsabilidade. Isto pasou coa súa complicidade. Vostede hai catro anos comprometera unha investigación. E si, é certo, constituíuse unha comisión, pero foi unha comisión á que non se lle deixou nin investigar realmente nin concluír os seus traballos. ¿Que ten que ocultar, señor Feijóo? ¿Imos ter outra comisión de investigación amordazada e atada de pés e mans?

Pero falemos doutras estafas legais, falemos de algo que lles preocupa moito aos galegos e galegas que teñen que circular cada día pola AP-9. Vostede comprometeuse hai oito anos a acadar a transferencia da AP-9 e tamén da AP-53. Resultado: peaxes máis altas e o veto por parte do Partido Popular ao debate dunha lei aprobada por unanimidade neste Parlamento. Xa estamos vendo con feitos, señor Feijóo, cal é o seu peso en Madrid: o peso pluma. *(Aplausos.)*

Pero isto, señor Feijóo, non é todo. O Goberno de Rajoy ten previsto destinar 8.000 millóns de euros para rescatar as ruinosas autoestradas madrileñas feitas por Bankia e as constru-

toras amigas do seu partido. Nós propoñémoslle un acordo: defendamos que non se destine nin un só euro público para rescatar as construtoras e a banca que gastaron por riba das súas posibilidades e que destinemos eses cartos para rescatar os galegos e galegas que se apertaron o cinto das abusivas peaxes da AP-9. Poña día e hora, señor Feijóo. Nós alí estaremos sen condicións, o Bloque Nacionalista Galego non vai plantar a Galiza. Demóstrenos máis unha vez que vostede é militante de Galiza.

Antonte tamén nos falou aquí, buscando un titular fácil, de demografía —por certo, igual que hai catro anos, outra vez o día da marmota—. Pero os seus plans e o seu modelo están agudizando este problema: na súa última lexislatura —escoite— 60.000 galegos e galegas menos, ¡60.000 galegos e galegas menos! Sabemos que este é un problema complexo que, efectivamente, non se soluciona coas súas «caixas finlandesas». Trátase de ter emprego digno e de calidade, trátase de que haxa medidas para conciliar e realmente igualdade. E é fundamental para un país como o noso que a xente non emigre, pero vostede sempre minimiza o problema da emigración, e así, señor Feijóo, é imposible. Propoñémoslle outro grande acordo: un pacto para que volva a mocidade, un plan retorna, que destinemos como mínimo o 1 % dos orzamentos da Xunta para que os que marcharon e queren volver teñan a súa oportunidade en Galiza. ¿Está disposto, señor Feijóo?

Pero falemos tamén de dereitos, liberdades e servizos públicos. Aquí vostedes crearon a tormenta perfecta: reformas laborais que precarizan, leis mordaza para frear a protesta social, recortes de servizos públicos e privatizacións que poñen en risco a saúde e a vida das persoas. E en todo isto a escusa sempre, sempre, foi a crise. Se nos acollemos aos seus argumentos, agora mesmo, unha vez superada a crise, non hai ningunha razón para ter que manter os recortes. Quero lembrarlle, señor Feijóo, tamén os seus compromisos: «Feijóo afirma que Galiza sairá do pozo en 2015». Se non hai crise, ¿por que hai recortes? Poña en marcha un plan de rescate dos servizos públicos, a empezar polo Hospital de Vigo. Repoña as médicas e os profesores recortados, aposte pola loita contra a pobreza, por unha renda de integración social, elimine os repagos nos medicamentos e dote dos cartos necesarios a Lei da dependencia. Aposte con orgullo polos nosos creadores e creadoras, deixe de dilapidar máis cartos nesa Cidade da Cultura que é un saco sen fondo. Temos talento no país. O teatro, a literatura, as artes plásticas e as audiovisuais demóstrannos cada día a súa capacidade e o seu potencial. Apoie o talento e recupere a Consellería de Cultura.

Señor Feijóo, debe vostede iniciar unha nova etapa no sistema educativo. Non xogue coa educación dos nosos nenos e das nosas nenas. Deixe atrás a LOMCE, as reválidas e os recortes, e pense que de moi pouco valen ordenadores nas aulas se non hai profesores e profesoras. Queremos un sistema educativo que sexa igualitario, onde a filla dunha labrega, coma min, teña as mesmas oportunidades de ir á universidade que a filla dun empresario como Amancio Ortega. Deixe de recortar no ensino público para darllo ao ensino privado. Necesitamos, señor Feijóo, un ensino que non segregue o alumnado en función do seu sexo, deixe de financiar este *apartheid*.

Señorías, ¿como imos enfrontar a violencia contra as mulleres se hai institucións que están financiando a desigualdade, como vostede con eses centros? ¿Como imos rematar co terrorismo machista se non o consideran un problema de Estado? O martes o señor Feijóo tiña

tempo ilimitado para poder falar nesta Cámara, e non tivo nin un minuto para falar da violencia contra as mulleres. Foron 55 as mulleres asasinadas desde que se iniciou este século, hai máis de 50.000 denuncias por violencia de xénero nos xulgados, e menos dun minuto e cero propostas para falar dun tema tan grave, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

A pesar disto, nós tendémolle a man para que situemos a violencia como un dos grandes problemas do noso país, que fagamos un pacto, pero un pacto con prazos, con medidas reais, con propostas e con orzamentos. Podemos darnos a man, de vostede depende. E quero, neste sentido, pedirlle que deixe de falarnos de plans fantasmas e que teña realmente un compromiso cos dereitos das mulleres. Asuma o compromiso de que toda muller que decida libremente abortar ou que, polas razóns que sexa, o teña que facer vaino poder facer nas mellores condicións na sanidade pública deste país. Non permita, señor Feijóo, que ningunha muller máis volva pasar polo mesmo calvario que Paula, de 33 anos, que tivo que ir no seu coche abortar a 600 quilómetros da súa casa porque na sanidade pública se negaron a facerlle o aborto, un aborto euxenésico. Por culpa desta negligencia, Paula perdeu o útero e non pode ser nai. A min pareceume moi ben que vostede se desculpara con Paula, o que non son capaz de entender é como é compatible que vostede pola mañá se solidarice con Paula e pola tarde o seu conselleiro de Sanidade diga que van recorrer contra a sentenza. *(Aplausos.)* Non cometa ese agravio, señor Feijóo, píddollo por favor. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** O compromiso coa igualdade non se mide en palabras senón en feitos. Do mesmo xeito, señor Feijóo, o compromiso coa lingua tampouco se mide en declaracións de amor.

A nosa lingua é o que máis nos une a todos os galegos e a todas as galegas, é unha herdanza que temos que coidar e que transmitirlles ás xeracións que veñen detrás de nós. O galego é útil porque é a lingua de Galiza, pero é útil porque nos abre as portas da lusofonía e nos permite aprender outros idiomas. Vostede sabe, señor Feijóo, que a única lingua que está en perigo neste país é o galego. Ten a oportunidade de rectificar o seu erro de atacar o idioma por un mísero puñado de votos. Abra unha nova etapa para a lingua galega de respecto e de normalidade. Poña en marcha un novo decreto no ensino, cumpra co que acordamos en 2004 —xa hai un acordo que vostede dinamitou—. Garanta que os nenos e as nenas deste país van dominar o galego para que logo teñan a liberdade de decidir que lingua queren usar.

Porque, señor Feijóo, hai algo que vostede nunca foi capaz de explicarnos: ¿por que para aprender inglés hai que atacar a lingua galega? Explíquenolo na súa réplica se ten ocasión. *(Aplausos.)* Señor Feijóo, non lles roube aos nenos e nenas o dereito a soñar e a amar en galego.

Avancemos tamén noutros ámbitos: na xustiza, na Administración pública —retire todos os retrocesos—, nos medios de comunicación, na tecnoloxía... Hai todo un océano onde traballar en positivo para o país. ¿Sabe, señor Feijóo, que só garantindo que ten que haber atención telefónica en Galiza en galego se poderían crear 2.000 postos de traballo? ¿Sabe que se iso se fixera as máis de 100 persoas que están pendentas dun ERE na Coruña en Extel non terían nese momento esa espada de Damocles sobre as súas cabezas? Creo que merece a pena. Señor

Feijóo, aquí ten vostede outra oportunidade magnífica de demostrarnos con feitos que milita no galego e que milita en Galiza.

E remato, señor Feijóo.

Eu non quero que a vida dos galegos e das galegas se converta nesa especie de día da marmota. Vostede conseguiu maioría absoluta, ninguén llo discute. As súas maiorías non trouxeron a felicidade. As súas maiorías non nos rouban nin un só ápice das ganas de loitar, de traballar, por cambiar as cousas. Dígollo con toda a humildade pero tamén con toda franqueza: a súa maioría non nos vai impedir que sigamos defendendo que Galiza é un pobo que ten dereito a gobernarse, que é un pobo que ten dereito a algo máis que, se o fixeramos, teríamos moitas máis opcións de avanzar e de progresar; a súa maioría non nos impide soñar e traballar por un cambio de réxime, por que deixemos atrás este réxime corrupto, e superar o fracaso dunha transición fallida. A miña xeración ten todo o dereito do mundo a cuestionar un pacto que consolidou a monarquía, a OTAN, o militarismo, os privilexios da Igrexa, esta democrática e neoliberal Unión Europea. Somos inconformistas e rebelámonos por deixar en herdanza un país precario, con emigración, con servizos públicos privatizados e sen identidade.

Señor Núñez Feijóo, a súa maioría nin nos dá medo nin nos asusta. Todo o contrario, dános moita máis forza para traballar cada día por esa Galiza ceibe nun mundo de iguais e con paz.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista.

Señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Señor presidente do Parlamento, señorías, señor candidato, interveño en representación dos e das socialistas de Galicia neste debate de investidura, unha investidura especial, porque o señor Núñez Feijóo xa anunciou que será a última. Está comezando a despedirse. Está ben, é unha oportunidade, unha oportunidade para perderse no labirinto da política española, ou ben unha ocasión única para superar os corsés partidarios, para superar erros pasados e avanzar entre todos. Eu convídoos a que utilice esta última vía.

Galicia é algo máis que o seu partido —non a reduza a el, porque entón perderemos todos—, é máis plural, máis diversa. E, se quere contar cos que opinamos diferente, este hemiciclo é o lugar indicado para facelo. Non é máis galego quen máis veces proclama ou pronuncia a palabra «Galicia», senón quen máis sente a súa terra e máis defende a súa cultura e a súa lingua. Amala e sentila vai coa persoa, non vai co cargo, señor Feijóo.

Teño que dicirlle que temos unha crise de representación política, que non é específica de Galicia, nin sequera de España, que, como vemos, está en todo o mundo. Máis dun millón de cidadáns de Galicia con dereito a voto non votaron a ningunha das forzas que estamos aquí representadas, e só avalaron as súas políticas —a pesar da maioría absoluta— tres de

cada dez votantes potenciais en Galicia. Tivo a maioría absoluta pero perdeu máis de 100.000 votos en relación coas eleccións do ano 2009.

Non lle retira ningunha lexitimidade, ningunha, nós perdemos máis, efectivamente. Si, si, non lle retira ningunha lexitimidade. E, ademais, aproveito para felicitalo polos resultados. Pero esa situación que afecta a todas as forzas políticas —non só a aquelas que estamos na oposición, senón tamén a aqueles que gañaron as eleccións— obríganos a todos, pero singularmente ao Goberno, a ser máis prudentes, a ser máis abertos. *(Aplausos.)*

Dicía hai algún tempo un analista político, o señor Torres Mora, que hai no presente, sobre todo, unha crise de diagnóstico. O seu discurso foi unha proba palpable. Renunciar a un balance despois de oito anos de goberno é un síntoma dunha certa cegueira voluntaria. Nós queremos abrir a cortina, deixar que entre algo de luz, facer unha síntese, facer un balance apertado do que foron estes oito anos. A miña síntese é a seguinte —e despois vou detallala—: a demografía é regresiva, a economía está débil, a paisaxe social está devastada e a Administración autonómica máis débil. Non todo depende dos seus gobernos, eu non fago esa simplificación. A situación global europea —por certo, Europa estivo completamente ausente do seu discurso— e a situación española específica teñen boa parte da responsabilidade do que pasou tamén en Galicia, pero as súas políticas —na miña opinión, na nosa opinión— agravaron os problemas, non os solucionaron, e por iso nós aspiramos a que sexan cambiadas.

Na demografía Galicia leva décadas indo a menos, estamos entre as áreas máis regresivas, máis avellentadas, de Europa. A fecundidade cae, desde inicios do período democrático, ata un fillo por muller, que é unha cifra extremadamente baixa. Nós estábamos fundamentalmente en desacordo co seu plan de revitalización demográfica do ano 2011 —non sei se o lembra— porque criamos que erraba no diagnóstico —o diagnóstico era que os galegos tiñan un problema de mentalidade—, e, por tanto, erraba tamén nas medidas propostas, centradas fundamentalmente na publicidade e na propaganda. Por iso naquel momento votamos en contra. Uns anos despois vemos que a demografía non segue igual senón peor que no ano 2011, e por tanto temos que preguntarlle qué avaliación fai daquel plan, qué cre que equivocou aquel plan, qué hai que cambiar para que as cousas vaian a mellor, porque non foron desde ese momento.

Doulle a miña posición: as familias desexan dous fillos e teñen un, pero desexan dous. Por tanto, hai que colmar esta diferenza entre os desexos e as decisións efectivas que se toman no seo das familias. Isto é o que hai que cambiar ¿Como? Pois actuando sobre as condicións laborais, sobre a conciliación, sobre a repartición das tarefas domésticas, sobre a dispoñibilidade de servizos ou sobre unha política de axuda á infancia. Vostede propuxo na campaña a famosa «caixa finlandesa», que é márketing electoral. Eu o que lle digo é que, se realmente quere facer de Galicia o mellor lugar para fundar unha familia, debe substituír a «caixa finlandesa» por unha política finlandesa. E, se fai isto, aí terá o noso apoio. *(Aplausos.)*

O problema demográfico, ademais, non se reduce á natalidade, hai que falar tamén de emigración. O espellismo da inmigración que tivemos durante uns anos durou pouco, desde 2008 volvemos ser un país de emigrantes. Vostedes falan de mobilidade exterior voluntaria, pero hai unha evidencia esmagadora de que iso non recolle ben o fenómeno. Daniel en Londres, Teresa en París, Manuel en Atlanta, Uxía non sei, en Canadá, outros en Doha, ou Aus-

tralia. Captabamos 17.000 persoas do exterior en termos netos en 2008, e agora perdemos uns cantos miles cada ano. Certo, é unha emigración diferente á clásica, con máis nivel de formación, con máis contactos, con máis capital social, que mantén a relación con Galicia, pero segue sendo emigración. E os seus efectos sobre o noso territorio poden ser aínda máis graves: no capital humano que perdemos, nas menores remesas e na debilidade da expectativa de retorno. Temos que tomar isto en serio. Non é un fenómeno que debamos minimizar ou ocultar. A mobilidade exterior debe ser equilibrada, debe ser voluntaria, debe ser transitoria, debe ser unha opción para os xoves. Por iso propuxemos na campaña un programa de retorno, por iso nos solidarizamos tamén coas dificultades que afrontan os emigrantes retornados na fiscalidade ou no acceso a servizos básicos.

Falemos da crise, falemos da economía. A crise tivo un fortísimo impacto negativo na produción de riqueza ou no emprego. A recuperación está en marcha, pero está en marcha con timidez e con retraso. Houbo unha regresión económica entre 2008 e 2015 máis profunda que a media española. Hai unha recuperación menos viva. Tardaremos, así, máis en volver ao punto de partida, do que estamos aínda lonxe. Entre 2008 e 2015, perdemos, por exemplo, 10 puntos en converxencia coa media das rexións europeas.

Non negamos a recuperación, pero si subliñamos a súa timidez desde 2013. Está alentada, ademais, por factores permisivos do contorno internacional que hoxe, despois dalgúns resultados electorais recentes, seguramente están máis en cuestión ca nunca. E, ademais, esta recuperación foi insuficiente para a recuperación e recomposición do mercado laboral. Hai que usala, hai que reforzala primeiro e usala despois, para construír unha Galicia para todos. E ese debe ser xustamente un dos eixos desta lexislatura.

A crise internacional provocou unha fonda reestruturación da economía de Galicia: a construción perdeu pé, o sector primario debilitouse, a industria manufactureira globalmente caeu de forma moi intensa, así como as actividades financeiras e outras ramas do sector servizos. Os ERE, os peches de empresas, son tan numerosos que deixan de ser noticia.

Eu non digo que todo vaia mal nin que todas as políticas que puxemos en marcha desde Galicia sexan un fracaso: grupos de matriz familiar duplican a súa dimensión cada catro anos, Inditex é un referente mundial, no automóbil resistimos bastante ben nunha conxuntura de extrema dificultade —coa incógnita da competencia portuguesa—; a acuicultura, a produción de alimentos e bebidas, a enerxía convencional e algúns servizos como o turismo resisten; a internacionalización, con todas as dificultades, está progresando adecuadamente. Pero cómprannos en Galicia máis empresas das que adquirimos, e perdemos capacidade de decisión en favor de capital estranxeiro. E o balance global da industria, a pesar destes sectores e estas empresas positivas, é negativo.

O concurso eólico de 2008 foi ferido de morte polo seu Goberno. Os intentos de impulsar novas concesións chocaron con recursos xudiciais, a nova regulación do ministro Soria e tamén co novo contexto, con caída de prezos no sector da enerxía. Ambicionar unha oferta de enerxía renovable moi ambiciosa está ben, señor Feijóo, pero desde 2009 non foi instalado ningún megavatio de enerxía eólica en Galicia; só 28, para ser exactos, practicamente nada.



Fago un esforzo para evitar converter este tema en instrumento de desgaste e para propoñer solucións. Por iso lle propoño crear unha comisión parlamentaria especial non permanente que promova unha nova regulación do sector en Galicia e que lle dea un novo impulso ao sector das enerxías renovables en Galicia que nos permita recuperar o tempo perdido.

Hai sete anos discutimos sobre as dificultades do sector lácteo. Vostede volveu falar disto hai catro anos. Certo, o sector produtor fixo os deberes, pero continua existindo un grave desequilibrio entre a oferta e as posibilidades de transformación, é escasa a organización cooperativa e non se reforzou —ao contrario, debilitouse— o poder de mercado dos produtores.

Nos imos apoiar todas as iniciativas, e singularmente as de base cooperativa, que impulsen a capacidade de transformación, xeren máis valor engadido e aumenten o poder de negociación dos produtores, e que camiñen cara a ese grande obxectivo que debe ser a constitución dun grupo lácteo galego con capacidade de intervir decisivamente no mercado deste sector. Pero perdemos demasiados anos, e, mentres afirma que esta ten que ser a lexislatura do sector primario, como xa fixo de forma similar en 2012, non hai realmente unha soa proposta para o sector lácteo no seu discurso.

Cómpre coidar os habitantes do mundo rural e litoral que se esforzan na procura dun futuro digno. A produción láctea ou cárnica, o viño e a froita, a pesca artesanal e a miticultura precisan atención e propostas específicas para gañar seguridade de futuro e incrementar a xeración de valor engadido. Non as fixo.

Como debemos coidar os camiños de Santiago, para evitar que morran de éxito, mediante unha mellora continua que defenda os seus valores.

A Axenda de Competitividade 4.0 merecería unha discusión detallada. Non teño tempo para facela.

Pero xa lles digo: as nosas diverxencias non están realmente nos obxectivos, están na forma da súa aplicación, están na ausencia de diálogo social efectivo coas organizacións empresariais, que deben participar tamén nesta aplicación.

Insistimos moito na necesidade de refundar o Igape porque non funciona. Insistimos na necesidade de xestionar cun criterio máis exixente a dotación e promoción de solo industrial. Insistimos en reducir a burocracia, e para iso propomos crear unha unidade especializada no seo do Goberno que promova os cambios precisos na lexislación en colaboración coas organizacións empresariais, indo máis alá da auditoría que vostede prometeu. Insistimos no reforzamento da I+D+i e a formación. É necesario duplicar o gasto en I+D+i nesta lexislatura porque os indicadores actuais son demasiados baixos, colócanos ao nivel de países como Ucraína en termos de gastos sobre o PIB.

E propoñemos impulsar un organismo que complete a consolidación da investigación universitaria similar ao que xa existe no País Vasco ou en Cataluña, combatendo a precarización da investigación e completando así toda a cadea que se estivo construíndo ao longo destes anos.

A metade dos fondos que ten previsto a Axenda 4.0 destínanse a apoiar financeiramente o investimento. Estaremos vixiantes sobre esa aplicación, sobre esa eficacia. Cómpre reforzar as decisións que tomen as empresas que xa temos sobre os seus investimentos e atraer, sobre todo, máis investimentos externos. Non o fixemos suficientemente nestes anos, apenas atraemos o 1 % do investimento externo directo en España, o 1 %. ¿Como pensan mellorar estes indicadores? ¿Hai algunha proposta concreta efectiva para isto?

Os factores tradicionais de crecemento están esgotados, e precisamos ser máis intensivos —é dicir, centrarnos na produtividade— para podermos ser máis extensivos, para afrontar a recuperación demográfica e a creación de emprego ao tempo que somos capaces de facer que as rendas salariais evolucionen mellor.

Os indicadores do mercado de traballo —para seguir co balance— son os que mellor resumen o fracaso da política económica dos seus gobernos desde o ano 2008. O comportamento dos indicadores en Galicia é peor que a media española. Ademais, as diferenzas agrávanse na última lexislatura. Cae a actividade o triplo que en España, cae o emprego o dobre que en España, o axuste en activos e en ocupados está moi concentrado por debaixo dos 35 anos, estamos avellentando demasiado a base laboral, estamos desperdiciando capacidades, talentos e coñecementos que enviamos ao exterior.

Non é só a crise, é tamén a política económica e a política laboral seguida nestes anos. Hai un problema adicional de calidade do emprego. Caen os contratos indefinidos e aumenta a ocupación a tempo parcial, para non falarmos dos salarios e das condicións laborais. E pese á caída dos activos, o nivel de desempregados increméntase considerablemente, a un ritmo que duplica o español, que é unha cuestión social de primeira magnitude, sobre todo pola crecente falla de cobertura do seguro de desemprego, que está cubrindo agora en Galicia apenas un cuarto dos desempregados. Problema que afecta sobre todo os parados de longa duración, con cerca de 100.000 persoas que levan máis de dous anos completos en paro. Necesitamos unha política específica para estes sectores sociais, evitando o incremento da desigualdade e da pobreza.

É certo que nos últimos trimestres, da man da recuperación, ten lugar unha redución do número de desempregados, pero só fomos capaces de recuperar un pouquiño máis do 30 % dos postos de traballo perdidos durante a crise. En España, neste mesmo período, foi máis xa do 50 %.

Está en xogo con estes datos a sostibilidade de Galicia como unha sociedade autónoma avanzada, con sistemas de benestar poderosos e con dinamismo económico. Só traballa para vivir hoxe en Galicia, no mercado externo, unha de cada tres persoas; o resto depende familiarmente dos primeiros ou depende do sistema público de redistribución, que está sendo enfraquecido polas políticas de axuste.

Hoxe —permítanme a simplificación, e sei que a é— son moitas veces os maiores, a través das pensións, os que sosteñen os fillos e os netos. Esta é unha simplificación, pero traduce un problema real, e debemos invertir a situación para volver ser un país normal. E hoxe, en Galicia, ser un país normal nesta dimensión é un obxectivo cuasirevolucionario, porque implica un cambio de modelo económico e de modelo social de enorme envergadura.

A prioridade é o emprego, coincidimos con vostede. Baixar o desemprego do 10 % é un obxectivo aceptable, sempre que se faga sobre a expansión da base laboral e non da expulsión de activos. Comprometerse a crear 100.000 postos de traballo adicionais na lexislatura está ben, pero estaría mellor se nos dixera con que instrumentos vai impulsar as decisións empresariais que permitan obter este resultado. Nós propuxemos catro ao longo da campaña: propuxemos reformar substancialmente o sistema público de emprego, converténdoo nunha axencia galega de emprego, con máis capacidades, con máis especialización e con máis medios; un programa de choque para a inserción laboral da mocidade e dos parados de longa duración, no que investiríamos 100 millóns de euros cada ano; un programa de retorno; e un impulso á formación, con especial atención á FP dual, pero tamén a outras alternativas de formación no emprego.

Ademais, coincidimos en que é imprescindible atender mellor as necesidades de autónomos e de emprendedores. Vostede presume dos seus éxitos nesta materia e quere converter a Galicia no lugar máis favorable para ser autónomo. Está ben, pero teño que lembrarlle que desde que é presidente hai 15.000 autónomos menos en Galicia, segundo as estatísticas. Necesitamos, por tanto, unha nova estratexia. Parécenos ben que vostede teña este obxectivo, pero traia esa estratexia ao Parlamento, discutámola, mellorémola e fagamos entre todos o posible para corrixir esta situación.

As desigualdades sociais aumentaron moito en España nestes anos pola globalización, o cambio tecnolóxico, a crise —coas súas consecuencias sobre o emprego—, o axuste nas políticas sociais e outros factores. En Galicia, tamén. Non destacamos especialmente polos datos negativos, pero aumentaron moito as desigualdades, e vostede non falou deste tema. As clases medias asalariadas e profesionais perden status, perden expectativas, están desesperanzadas. Os traballadores e traballadoras menos cualificados son os máis directamente afectados pola competencia doutras áreas, pola mecanización, pola deterioración do mercado laboral, pola reforma que reduce a capacidade de negociación sindical; das operadoras de telemárketing ás caixeiros dos supermercados ou aos traballadores da construción; están todos afectados por estes mesmos problemas. Non é estraño así que, segundo as estatísticas, medio millón de persoas vivan en fogares con carencia material e 136.000 padezan carencia material severa; o que afecta sobre todo os menores de idade. Hai unha pobreza infantil significativa en Galicia, no mesmo país de Inditex ou de Inveravante, e isto non é tolerable. *(Aplausos.)*

A súa política contra a precariedade social é moi insuficiente. A Risga chega tan só a 9.000 persoas. Avancemos cara a sistemas de ingresos mínimos, facendo un esforzo adicional nas familias sen recursos e con fillos encaixable financeiramente. Nós propuxemos na campaña un programa especial contra a pobreza infantil, ao que destinariamos tamén arredor de 100 millóns de euros, que non poría o límite das axudas aos nenos de 3 anos, como é a promesa que fixo vostede no seu discurso de investidura. Este programa atendería as urxencias do presente e prepararía o futuro, devolvendo o orgullo e a esperanza a moitas persoas: reformar e ampliar a Risga e impulsar un sistema de protección á infancia. Retome vostede estas ideas, fágaas súas. Non deixemos a ninguén atrás. ¿Por que non é máis ambicioso neste tema, señor candidato?

Os maiores perderon poder adquisitivo, pero capean o temporal, aínda que teñen as pensións medias máis baixas de España. Estamos esgotando o fondo de reserva, como é ben sabido.

Con 800.000 pensionistas en Galicia non podemos ser indiferentes nin podemos ser tímidos nas solucións. As súas propostas nesta materia non as coñecemos, son inexistentes. Nós imos compensalas con iniciativas que traeremos a este Parlamento.

O estrito cumprimento dos obxectivos de déficit foi a súa política máis clara nestes anos, por necesidade; por cálculo seguramente tamén, por cálculo político. Pero, ao mesmo tempo, de cada 3 euros de débeda da Xunta máis de 2 foron producidos durante os seus mandatos. O seu discurso ten así unha dose de contradición. Vostede criticou moito as contas do período Touriño, cando se pechaban con superávit e a débeda se axustaba, e presume de control fiscal, cando levamos oito anos pechando as contas con déficit e cando ao mesmo tempo incrementamos intensamente a débeda. Si, si, ao mesmo tempo que suspendemos en crecemento, que suspendemos en emprego e que hai un recorte, un axuste brutal, do investimento público, que é o destino que debería ter xustamente a débeda.

A Xunta de Galicia decidiu quedar á marxe do FLA. En principio, é unha boa decisión que garante a nosa autonomía. O que ocorre é que o FLA se ampliou sen data. A condicionalidade non foi exercida na práctica, financiou todo o gasto en que incorrían as comunidades autónomas, incluso aquel que era déficit non autorizado, e fíxoo ademais a custo cero nalgúns anos para estas comunidades. Temos o paradoxo de que aqueles que gastan en exceso son financiados pola Administración central en condicións preferenciais e sen ningún control real. ¿Canto nos custa estar fóra do FLA? Sería bo que o Parlamento coñecera esa cifra. Poñámonos de acordo para acabar con ese instrumento canto antes porque está prexudicando aquelas comunidades cumpridoras como Galicia.

E, de cara ao futuro, non clarexou a súa política fiscal, non cuantificou as súas propostas. A nós as contas saénnos moi dificilmente. ¿Que custo e a que calendario se compromete para a recuperación do poder adquisitivo dos funcionarios, por exemplo? ¿Vai proseguir o axuste do gasto? A Comisión Europea exige 7.500 millóns para o conxunto de España. ¿Con que criterios e con que prioridades? ¿Fiamos todo á intensidade dunha recuperación económica incerta e aos seus efectos sobre os ingresos?

Fala de baixar impostos, pero non citou ningún. E, ao mesmo tempo, eu dígolle que a nosa posición é que un sistema impositivo sólido, eficiente e xusto é a clave do estado do benestar. Revisemos os beneficios fiscais avaliándoos en termos de eficacia e contribución á equidade. Importan máis, señor candidato, os tipos medios efectivos que os tipos marxinais formais. Se subimos aqueles e baixamos estes, estaremos facendo un bo traballo. E combatamos a fraude fiscal desenvolvendo a Atriga e colaborando coa Axencia Tributaria.

No ámbito do financiamento autonómico sitúanse as maiores incertezas e riscos. A situación é complexa. A idea de «ordinalidade», impulsada desde Cataluña, non é un criterio aceptable, porque quebra a igualdade de trato. O criterio básico debe ser o da cobertura igualitaria das necesidades de gasto, ponderando a dispersión, o avellentamento e o sobreavellentamento. Galicia neste contexto só ten dúas fortalezas: a unidade social e política, primeiro, e a intelixencia na formulación e xestión de propostas, despois. Preocupáronme a escasa concreción e a ambición limitada das súas propostas. E propóñolle a creación dunha comisión parlamentaria para decidir unha posición unitaria nesta materia en relación coa reforma do

financiamento autonómico, sempre que nos poñamos de acordo en manter a posición relativa de Galicia no financiamento por habitante axustado.

É necesario tamén impulsar a transparencia, a exemplaridade pública, o control da corrupción. Vostede non fixo ningún avance nesta materia. Eu propóño que converta a transparencia nun principio eficaz de comportamento, cunha lei de inspiración nórdica, que cree un rexistro de intereses para os *lobbys*, que cree unha oficina antifraude e que desenvolvamos a lexislación necesaria para protexer os denunciante internos.

É necesario entender que Galicia está nunha encrucillada política, económica e social. «Os tempos cambian», que diría o Nobel Dylan. Cambiemos a cultura política para incorporar máis participación e máis responsabilidade. Até agora fixemos a administración de recursos que viñan de fóra e que crecían cada ano. Agora precisamos facer autogoberno, con máis participación e con máis responsabilidade interna. Necesitamos construír simultaneamente un novo modelo económico que nos permita superar a crise e que sexa máis inclusivo. Non debemos só importar os impulsos do crecemento económico español e europeo; o obxectivo ten que ser facelo mellor que o resto das rexións competidoras. Iso é o que significa para nós ter orgullo de Galicia.

Preocúpame especialmente o seu esquecemento e desconsideración dos servizos públicos básicos, cando temos que usar a recuperación para reconstruír o Estado do benestar, que significa apostar pola xente.

A sanidade é a principal preocupación da cidadanía. Sei que aquí a nosa visión e a súa non coinciden, tanto sobre o balance como sobre o que cómpre facer. Temos un magnífico sistema sanitario, pero que empeorou desde que vostede é presidente. Nós seguimos defendendo un sistema público de saúde, de acceso universal, de aseguramento único, de financiamento basicamente público, con calidade asistencial. E vostede defendeu —ou fixo, máis ben que defender— dificultades no acceso, unha deterioración asistencial, e impulsou a privatización.

Houbo un dramático recorte no nivel de servizos: 1.000 camas hospitalarias menos, máis de 1.000 profesionais. E, como consecuencia, hai peores prestacións. Vostede esqueceu este problema no seu discurso.

No tempo de agarda, temos as peores estatísticas das comunidades autónomas españolas, con excepción de Ceuta e Melilla. Nas consultas con especialistas, hai un 37 % dos enfermos que agarda máis de tres meses e un 15 %, máis de seis. Na atención hospitalaria, estamos peor que a media española, con insatisfacción para máis dun 50 % dos enfermos.

Temos que recuperar en catro anos o número de profesionais sanitarios perdidos para conseguir impulsar a calidade asistencial. Temos que superar as dificultades de acceso, garantindo de novo o acceso universal á sanidade pública, aliviando a carga aos pensionistas de menores recursos. Temos que impulsar unha estratexia de recuperación das privatizacións. Seguirémonos opoñendo aos seus intentos de continuar por ese camiño.

Tamén na educación os recortes implicaron menos profesores, que dan máis horas de clase a máis alumnos, e a calidade reséntese. Alí onde a demografía empuxa un pouco nos con-

tornos das cidades hai unha demanda crecente e masificación. Non estamos cumprindo obxectivos. Os indicadores de PISA indícanos que somos os mellores dos peores. Non chega. Por exemplo, ¿nos centros plurilingües, mellorou a aprendizaxe da lingua estranxeira ou simplemente nos limitamos a cambiar o rótulo, a cambiar o apelido ao centro, para impartir en inglés ximnasia ou música?

Xa sei que non se trata só de recursos, hai que cambiar tamén os procesos organizativos. Pero sen incrementar os cadros de persoal estes cambios son sumamente improbables. Nós propuxemos volver en catro anos aos números do 2008. Non sabemos como é a súa proposta. Queremos universalizar e homoxeneizar o período de preescolar, impulsar a gratuidade dos libros de textos, reforzar os centros integrados e a FP dual, pór en marcha medidas de redución do abandono escolar temperá, facilitar o acceso de todos os alumnos procedentes de familias con menores recursos aos comedores bonificados. Todo isto necesita recursos e necesita profesionais na educación.

E aos problema de fondo únese a lei Wert. Vaiamos ao urxente. Non hai condicións para aplicar a reválida de bacharelato. O nivel de preocupación da xente é moi alto. ¿Como preparar unha proba decisiva, se non sabemos en que vai consistir? Retomen o modelo previo, derroguen a LOMCE e traballemos nun pacto educativo, en toda España, que poida despois trasladarse a Galicia. *(Aplausos.)*

No transporte, a sentenza do Tribunal Superior é á vez un desafío e unha grande oportunidade. As concesións precisan ser reordenadas en prazos exixentes. Temos que avanzar con rapidez no deseño dun mapa eficiente de liñas, artellando unha estratexia administrativa ben definida. Nas áreas metropolitanas, poñendo en marcha consorcios de transporte. Na mobilidade de media distancia, incorporando os novos centros tractores. E na mobilidade rural, garantindo o acceso da poboación aos servizos básicos. ¿Comprométese a trasladar ao Parlamento este desafío?

E non quero deixar este ámbito sen facer unha referencia ao AVE. Nestes anos, con maioría absoluta do seu partido en Galicia e en Madrid, os atrasos sobre as previsións son evidentes. O grao de execución dos orzamentos iniciais situouse por baixo do 40 %, e agora vostede acepta un AVE incompleto, con trazados provisorios. As obras non van estar rematadas antes do 2022, señor Feijóo. E atrévese a volver co AVE de Lugo a Ourense. ¿En que reviravolta deixou a súa proposta do ano 2009?

Ten a oportunidade de recuperar a coherencia, de volver a ser o azoute sistemático dos gobernos que atrasan o AVE e reducen os investimentos; aínda que sexa un goberno do seu partido. Iso é o que significa ser militante de Galicia e non militante do Partido Popular. *(Aplausos.)*

En medio ambiente, esqueceuse dos incendios en novembro, pero vai ter que apagalos no verán. E falemos da auga. Estamos condenados polo incumprimento da Directiva marco da auga en materia de tratamento e depuración, e está vencido o Plan de saneamento de Galicia. É o momento de priorizar absolutamente o saneamento integral das rías, reflexionando sobre os modelos de xestión, para ter a colaboración de todas as administracións e de todos

os axentes implicados.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Nós propuxemos un organismo por ría, pero pode haber outros modelos, sempre que se garanta a calidade do medio e a súa explotación sostible.

Esqueceu tamén o ámbito local. Sinteticamente, precisamos desenvolver completamente o pacto local; impulsar a constitución e o desenvolvemento das áreas metropolitanas; derrogar a Lei de racionalización; e impulsar un novo sistema de financiamento. ¿Que foi das fusiós municipais?

En 2011 colaborei na lei dos medios públicos. Cinco anos despois, observo que foi desenvolvida con parsimonia e parcialidade. Elixo o director da corporación por maioría cualificada do Parlamento; impulse o Estatuto profesional; e cree o Consello de informativos. Faltan por desenvolver os contratos-programa, que permitirían construír unha televisión moderna. Cómpre rehabilitar a segunda canle, arriscar máis, tentar incorporar novas audiencias. O país vivo, innovador, emerxente, ten que estar presente na Compañía: hai que garantir o acceso e a representación do pluralismo.

Entre os contidos do servizo público, está o de garantir o futuro da lingua propia. Eu dicíalle —hai algúns anos xa— que a nosa debería ser a xeración da concordia lingüística e do futuro do galego: facendo posible o coñecemento universal de galego e castelán en Galicia; establecendo unha política de protección e impulso da lingua propia; e garantindo o máximo respecto á liberdade individual. Certo, vostede baixou nos últimos tempos o grao de confrontación política sobre a cuestión da lingua, pese a algunha recaída en período electoral; pero sen contrición nin propósito de emenda, sen unha política ambiciosa de apoio á lingua e á cultura.

Vostede, señor candidato, está no seu último mandato, seguramente. Pense no legado que deixará para as xeracións futuras. Faga o posible por restablecer a concordia. Deseñemos entre todos un camiño de futuro, a partir dun ditame que podemos pedirllas ás institucións consultivas que temos en Galicia.

A igualdade de xénero non lle preocupa excesivamente. Vostede deu marcha atrás ao entramado normativo en favor da igualdade que erguera o Goberno de Emilio Pérez Touriño. O balance en materia laboral é desolador: por primeira vez cae a poboación activa feminina en Galicia nos últimos trinta anos. Este está sendo o seu legado.

En violencia de xénero supoñíámoslle unha especial atención, pois xa en 2009 fixo mención deste fenómeno. Pois ben, en 2015 —datos oficiais— houbo case catro mil chamadas telefónicas, 60 casos acreditados e 8 mortes, que é o peor indicador relativo das comunidades autónomas. Corrixa esta situación, actuando nos distintos ámbitos: no educativo, no ámbito da prevención, no ámbito xudicial. Dote de máis medios o aparato xudicial e administrativo que debe ocuparse deste problema. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Dous minutos, señor presidente.

Non pode existir orgullo de Galicia ou inspiración galeguista sen confianza no autogoberno, e vostede non confía nel. Nos últimos oito anos non houbo traspasos de competencias; pode pasar á historia de Galicia como o único presidente da Xunta que non ampliou o autogoberno. O proceso vaise esgotando, xa o sabemos, pero estamos por detrás do nivel competencial de Euskadi e de Cataluña. Existe unanimidade nesta Cámara para máis transferencias: ¡fágaas posibles!, porque os intereses de Galicia exixen que se erga a voz de vez en cando. Hoxe temos un goberno central en minoría; está nunha situación política na que pode ser máis sensible a determinadas demandas. Aproveitemos xustamente esta situación.

A transferencia da AP-9 é un bo exemplo. Desde hai anos reclamou a titularidade, logo esqueceuse; volveu á posición orixinal en varias ocasións. Temos unha proposición de lei orgánica suspendida na Mesa do Congreso. Desbloquéaa usando as súas influencias, e fará posible que esa transferencia chegue a Galicia.

Fíxese que non lle pido que renove o Estatuto, e non porque o considere innecesario. É que estamos nunha conxuntura demasiado dominada pola defensa fronte aos avances do independentismo catalán como para que poida prosperar a reforma que precisamos. Só lle diría: esteamos preparados. Se hai unha posibilidade de avanzar no noso autogoberno porque se abre a reforma da cuestión territorial en España, teñamos unha proposta.

Eu confésolle os principios que me gustan: igualdade de trato para todos, respecto á diversidade. En Galicia, ¡nin un centímetro por detrás da súa posición actual de nacionalidade histórica!

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Un minuto, señor presidente.

Non somos partidarios da ruptura, pero tampouco do inmovilismo. O modelo autonómico ten no noso país un apoio maioritario. Está ben que así sexa. Pero, sen cambiar o modelo, podemos melloralo significativamente entre todos; esta é a tarefa que debemos ter. Só se defende un modelo federal, de igualdade na pluralidade, poderá pesar en España.

Remato xa. Nós tamén temos orgullo de sermos galegos e de compromiso co país, pero preferimos un país dinámico demograficamente; con oportunidades para os xoves; sen pobreza, con menos desigualdades; cunha base produtiva sólida; cun sector primario forte; cun sector industrial competitivo, con emprego de calidade; con servizos públicos reforzados; no que a educación sexa un instrumento de igualdade de oportunidades e a sanidade unha garantía de atención rápida; con calidade institucional e sen corrupción; integrado territorialmente; con peso en España e en Europa; con diálogo social e con diálogo político no Parlamento.

Estariamos máis orgullosos de poder vivir nun país así. Por iso non vai ter o noso apoio na investidura, despois do seu balance nos últimos oito anos. Estaremos onde nos situou a cidadanía. Seremos oposición, rigorosa e construtiva, que discrepará de vostede en moitos ámbitos, pero que tamén se atreverá a coincidir con vostede cando sexa necesario.



Nos vindeiros catro anos, teremos oportunidade de perfilar os argumentos para aproximarnos mellor ás demandas sociais; para entender os medos, os desexos e as aspiracións dos cidadáns; para construírnos como alternativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario Popular En Marea, señor Villares Naveira.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Popular En Marea será moito, señor presidente.

Bos días, señor presidente.

Señorías.

Señor candidato.

Cidadanía de Galicia.

Escribiu Porteiro Garea ao fundar as Irmandades da Fala en Compostela, en 1916: «A conciencia do noso pecado. O primeiro, ser xustos: non botar a outros a culpa dos nosos pecados. Teñen dabondo cos seus».

Antonte, nesta Cámara, o candidato popular dixo que os pecados que se puideron cometer nestes muros se expiaran nas urnas. Señor Feijóo, non lle bote a culpa á xente, hai pecados como o paro, a desigualdade, a emigración, e sobre todo a corrupción, que só comete quen goberna.

Como o proceso electoral non absolve dos pecados, En Marea votará non á súa investidura. E como o candidato aludiu no discurso ás Irmandades da Fala, será unha xusta homenaxe ao centenario do seu nacemento a súa evocación, xa que constitúen para nós a primeira marea galeguista, formada nas nosas cidades e vilas, mostra dunha sociedade civil inconformista que se une arredor da lingua, pero tamén dos problemas sociais e políticos de Galicia, que desembocará como proxecto político no Partido Galeguista.

Lois Tobío, diplomático e tradutor viveirense, coetáneo de Porteiro, compartiu con el as mesmas inquedanzas que hoxe trasladamos aquí, sobre como —igual que hai unha centuria— a crise económica e social que vivimos en Galicia, no seu contexto estatal e europeo, provocou unha crise política e democrática.

En efecto, a resposta dada dende as institucións europeas e a Troica a unha crise do capitalismo financeiro, incapaz de atender a súa propia voracidade, foi a de tentar saciarse a custa dos dereitos sociais da cidadanía, impondo recortes de gasto público e investimento en políticas de benestar que articulaban o que se denominara constitucionalmente o Estado social.

Deste xeito, fronte a unha crise sistémica non causada polas maiorías sociais, estas foron as grandes prexudicadas e as súa pagadoras, levando a cabo os poderes públicos o rescate dos bancos e o pago das débedas xeradas pola especulación de todo tipo co diñeiro destinado a educación, sanidade e prestación social.

Houbo así un espolio dos recursos públicos destinados a coidar da xente a favor do peto dunha minoría, egoísta e avarenta, que se fixo máis rica durante estes anos a custa de acumular para eles o que debía de estar máis repartido entre todos. O resultado: cidadanía máis empobrecida e con menos dereitos, individuais e colectivos.

Pero esta situación, para determinadas opcións ideolóxicas e políticas, non quere ser conxuntural, senón estrutural. É dicir, están conformes cun novo modelo económico e social. Un modelo no que poidamos entrar en fase de crecemento económico —o que para o candidato xa foi deixar atrás a crise—, pero deixando destruído para sempre o modelo social e as políticas de benestar. É dicir, consolidando unha sociedade sen dereitos sociais; unha educación de calidade só ao alcance de quen poida pagala; un emprego sen dereitos laborais; uns salarios de miseria que non sacan da pobreza; un paro sen prestacións para sobrevivir con dignidade; unha sanidade privatizada, copagada e lenta; unha vellez sen xubilación logo de toda unha vida de traballo; e cunhas institucións ás que as palabras solidariedade, dignidade ou xustiza lles resultan completamente alleas.

A presente crise foi unha escusa para un cambio de modelo, para baleirar de contido un cambio social onde se redistribuían rendas e riqueza para acadar igualdade de oportunidades na vida, e onde os poderes públicos arbitraban esa distribución, intervindo na economía e fomentando valores como a convivencia e a cultura.

A aceptación das condicións da Troica obrigou aos que quixeron escoitalos, a determinados partidos, a renunciar aos seus propios principios en favor doutros marcados por unhas institucións non escollidas democraticamente, que obrigan a entregar dereitos a parlamentos que si teñen lexitimación democrática, como lembra Luciani. Cando uns asenten a estas políticas impostas polo poder antisoberano e outros se absteñen, abríndolles de novo a porta cando había oportunidade de pechala, fano non para saír dunha crise, senón para saír dun modelo, para estabilizar e normalizar a desigualdade. Saen do Estado social e constrúen o Estado neoliberal. Saen dos dereitos e entran no darwinismo social. Saen das persoas e entran nos números. Saen dos cidadáns e entran nos consumidores. Saen da sociedade e entran no mercado. Saen, en definitiva, da cidadanía e entran na escravitude.

Pero non todo ía ser doado para quen busca subverter silandeiramente o modelo de benestar por outro insolidario e ruín. Así, nace o espazo social de ruptura con esta estafa, como hai cen anos as Irmandades romperon coa inercia política da época.

Existe unha sociedade civil desacougada co cambio de modelo que pretenden os que apoian as receitas da Troica. Primeiro sentimos a indignación á que nos chamaba Stéphane Hessel por facernos pagar á xente do común unha crise que ocasionaron outros, a custa de reducir o gasto social e suprimir dereitos. Pero agora que vemos o que se pretende, e o que se pre-

tende é un cambio de modelo, organizámonos e comprometémonos —como nos reclamaba o pensador francés— na defensa do ben común.

Esta situación establece irreversiblemente unha marca divisoria entre os que apoian este modelo e os que cremos na solidariedade, na xustiza social, na igualdade e na cohesión social e cultural. En resumo, os que cremos que os poderes públicos deben servir aos intereses da xente.

Existe unha crise política de representación, efectivamente, porque a sociedade civil se pregunta a que intereses serven os que nos gobernan.

Antonte, o candidato esqueceu facer unha diagnose da situación actual do noso país. Talvez non foi esquezendo, talvez foi vergoña dun balance de goberno que deixa, tras oito anos de estabilidade parlamentaria, unha crecente inestabilidade social.

Unha ollada a Galicia deixa un triste balance dun país economicamente empobrecido, laboralmente precarizado, socialmente máis desigual, culturalmente máis desgaleguizado e demograficamente minguido; en definitiva, un país máis inxusto para as súas xentes.

O candidato esqueceu falar da Galicia real, pero non se preocupe, xa o facemos nós.

En materia económica, o candidato emprega o argumento de que o PIB medra para afirmar, sen máis, que a crise queda atrás. A realidade é outra, e evidencia o paradoxo dun mal xestor: a economía sae da recesión pero a sociedade galega segue en crise. Só sairemos dela cando recuperemos as condicións de vida e de traballo que tiñamos antes de chegar vostede.

A Galiza de hoxe é un país máis inxusto, máis desigual, máis pobre, con menos protección social, con menos dereitos laborais, con peores servizos públicos, con máis paro, menos salarios e maior precariedade laboral que en 2008.

Hai 207.000 persoas que seguen sen traballo. Catro de cada 10 asalariados cobran menos de 1.000 euros ao mes. A metade da poboación asalariada é precaria. Un de cada catro galegos e galegas están en risco de pobreza ou de exclusión social. Existen 72.000 fogares onde todos os seus membros están en paro. Temos as segundas pensións máis baixas do Estado.

O PIB xa está en niveis de 2007, sen embargo, hai 110.000 asalariados menos. A mesma riqueza pero moito menos emprego, e ademais, de peor calidade. Os traballadores cobran menos, mentres os beneficios empresariais medran máis.

Tampouco se aproveita ese crecemento para incrementar os gastos públicos, nin pola vía da actividade económica nin pola progresividade impositiva. O seu sistema fiscal xera unha repartición inxusta da riqueza, porque a redución de impostos para todos beneficia, sobre todo, aos que máis teñen.

Somos máis pobres, o PIB por habitante non deixa de caer; en 2009 era do 88 % da media de España e hoxe é do 87 %. Menos actividade e, polo tanto, menos emprego; e máis paro: hoxe, 98.000 ocupados menos que en 2009.

O máis preocupante é a análise da diferenza coa media española, porque Galicia é a comunidade coa peor evolución do emprego de todo o Estado: a destrución de emprego multiplica por case tres veces a media estatal.

Neste contexto, a medida estrela do candidato en materia de emprego é crear, ata o 2020, 80.000 empregos. Eses son menos dos que se destruíron desde que vostede chegou, e aínda supoñendo que o consiga, ¿tres lexislaturas para volver a 2009?

Estes días as traballadoras e traballadores de Extel, de Viriato ou do Banco Pastor protestan pola perda dos seus postos de traballo. Ten vostede a oportunidade de comezar co emprego atendendo as súas demandas. ¡Fágao!

A desigualdade salarial aumentou o 40 % por culpa do recorte dos salarios, o aumento da precariedade e do traballo a tempo parcial non desexado.

A desigualdade de xénero tamén se fai patente no emprego. A taxa de ocupación feminina é un 5 % inferior á masculina, e as mulleres galegas perciben un 22 % menos de salario por realizar traballos equivalentes aos dos homes. Nestas condicións, unha muller galega ten que traballar 55 días máis ao ano que un home para gañar o mesmo ca el. *(Aplausos.)*

Somos máis pobres e estamos máis endebedados. ¿De onde saca o candidato unha redución da débeda como a anunciada antonte? É certo, estamos máis endebedados que antes, moito máis. Ou sexa, os problemas de economía agraváronse e, en paralelo, a débeda pública incrementouse. ¿Que xestión é esa? Contraer débeda ten que servir para cubrir necesidades e solucionar problemas. Vostede incrementou a débeda o 250 % e non solucionou nada.

Ademais, vostede aplicou un enorme recorte ás contas públicas, chegando a unha caída do 33 % en termos reais do gasto destinado aos servizos públicos e a investimento. Así, temos hoxe un terzo menos de recursos para a saúde, un terzo menos de recursos para a educación, un terzo menos de recursos para políticas de emprego, un terzo menos de recursos para a vivenda. Con estes bimbios, ¿como quere que lle confiemos os nosos recursos?

No plano do autogoberno, a paralización da transferencia de competencias ao noso país revela un mal xestor que, ademais, non cre na autonomía. Confórmase o candidato con dicir que non interviñeron a comunidade, ¡como se iso fose un logro!, comparándose cos peores da clase, cando a súa función era outra: acadar unhas cotas de competencia que permitisen á cidadanía de Galicia vivir mellor.

Non nos foi tampouco mellor en materia lingüística. As súas políticas desgaleguizadoras, que tiveron como bochornoso emblema a prohibición do ensino das matemáticas en galego, foron ben eficaces, e así ten vostede a dubidosa honra de ser o presidente da Xunta que acadou a maior redución do número de falantes da lingua propia de Galicia en toda a historia do noso país, conseguindo por primeira vez na historia que o galego sexa só predominante nos maiores de 50 anos. *(Aplausos.)*

¿Que lle fixemos as galegas e os galegos para que nos trate así? Xa as Irmandades da Fala —esas das que vostede falou— articularon a sociedade civil para defender a lingua fronte a políticos como vostede, que a pretendían reducir a unha expresión folclórica, como denunciara Manuel Antonio no seu célebre manifesto *Máis Alá*. ¿Como lle imos manifestar e como lle imos confiar ao candidato a nosa lingua?

A sanidade galega sufriu na era Feijóo con especial dramatismo, negando o dereito á saúde a amplas capas da poboación, chegando ao extremo de estar, a día de hoxe, dous altos cargos da administración sanitaria imputados por prevaricación administrativa, por denegar medicación a varios enfermos de hepatite C non por criterios médicos, senón burocráticos, por conveniencia de cadrar as contas da Consellería. Un deles, Félix Rubial, segue á fronte da Xerencia do Hospital de Vigo. Son as terribles consecuencias de tratar o servizo público sanitario como unha empresa e non como un dereito fundamental.

Expresouse en termos relixiosos o outro día o candidato coa expiación dos seus pecados, e así lle retrucamos: para nós a sanidade pública é sagrada; non é un negocio, é un servizo público que garante dereitos esenciais como a vida e a saúde, por iso debe estar xestionada integramente desde o sector público.

Pois ben, para atender este dereito básico, o candidato reduciu un 25 % o seu orzamento. ¿Pensa repoñer os 1.800 postos de profesionais da sanidade que destruíu, ou cre que pode haber sanidade decente sen eles para facer o mesmo traballo que había antes? ¿Sobran antes ou faltan agora?

En canto a medios, na sanidade especialmente indignante é o caso da Área de Vigo. Mentres Povisa segue incrementando o negocio e continúan os traslados a concertadas, hai alas enteiras do Meixoeiro que acumulan máis dun ano de peche. Con estes feitos, ¿quere o candidato que lle confiemos a nosa saúde?

O dereito á educación é outro dos esquecidos no discurso do candidato, talvez porque é a chave para a formación dunha cidadanía libre, crítica e culta, e por iso tamén molesta; e tamén porque os resultados serían recortes, desmantelamento do servizo e privatización crecente do ensino.

¿Parécelle ben 2.300 docentes menos e 59 escolas públicas suprimidas, mentres foron creadas 245 aulas no ensino concertado? ¿Sumaremos a isto unha nova incapacidade de interlocución coa comunidade universitaria e o seguidismo ministerial na aplicación da LOMCE e as súas reválidas?

No sistema universitario galego nada fai albiscar un mínimo xiro nas políticas desenvolvidas nestes anos, nos que se operou desde o Goberno central, e coa colaboración da Xunta, unha auténtica contrarreforma universitaria que, xunto coa crise económica, conduciu as universidades a unha situación de precariedade financeira e perda de autonomía de xestión sen precedentes.

A consecuencia da situación para a innovación é evidente: o I+D galego supón o 0,90 % do PIB, moi lonxe da media estatal, do 1,30 %, e non digamos da europea, do 2,10 %. Somos a

sexta comunidade con menor porcentaxe de investimento en I+D do Estado. Con estas cifras, ¿como quere o candidato que lle confiemos a educación das nosas mozas e mozos?

Coa súa alocución sobre os Capuletos, o outro día esqueceu mencionar que o orzamento destinado á cultura se reduciu un 55 %, caendo a edición do libro en galego un 43 %, e producíndose unha asfixia da cultura de base no teatro, na música, así como na produción audiovisual. ¡Iso si que é unha traxedia shakespeariana. Paisaxe desolada e desesperanzadora, da que se salvan, iso si, o Gaiás e a Fundación Camilo José Cela —baixo sospeita de malversación de fondos—, feitos estes que aproximan a súa política cultural máis ben ao xénero do esperpento. (*Aplausos.*)

Falou tamén o candidato de enerxía. ¿Como pode prometer un horizonte de enerxías renovables cando os seus mandatos foron os da parálise, cando do seu concurso eólico non se instalou nin un só megavatio ou cando non levantou a voz contra a contrarreforma enerxética do ex-ministro Soria, que prexudicaba gravemente o desenvolvemento das renovables?

E no rural, ¿cal foi a evolución do rural desde que goberna? Envellecemento, abandono e perda de servizos. O sector agrogandeiro e forestal perdeu 1 de cada 3 empregos desde que vostede goberna. Os datos do INE de decembro de 2013 dicíannos que só o 4,68 % dos titulares de explotacións agrarias teñen menos de 40 anos, e case o 60 %, 60 anos ou máis.

A cidadanía de Galicia, as súas maiorías sociais, perderon con todos estes anos calidade de vida, dereitos, expectativas laborais e persoais. Minguamos como comunidade humana. Esta é a Galicia real da que o candidato non falou antonte. (*Aplausos.*)

Esta situación económica e social de Galicia, na que nos colocan as políticas populares, so-livianta unha parte importante da sociedade civil, que, indignada, non se resiste a deixar que lle rouben a educación, a sanidade ou as pensións.

A articulación dunha resposta cidadá —da que como galegas sabemos ben, pois xa en 2002 tivemos que recoller coas nosas mans un chapapote do que non se ocupaban as autoridades «in-competentes»— chegou axiña. Primeiro veu en forma de ocupación pacífica das prazas, un 15-M que simbolizou a ansia civil por recuperar uns espazos e unha vida pública que lles estaba sendo furtada. Pero esta reacción espontánea tería continuidade, enviando unha mensaxe ben clara ás forzas políticas para que se unisen, dando lugar a ferramentas políticas como a AGE.

Pero non abundaba, e en paralelo o movemento cidadá decidiu dar un paso máis e organizarse directamente en cidades e vilas, fundando unhas novas irmandades, as irmandades do século XXI, as Mareas municipais, que presentaron candidaturas da dignidade para recuperar os concellos para a xente do común e arrebatárllelos a aqueles que, con casos sonados e continuos de corrupción, representaban a verdadeira antipolítica na sociedade galega, atronando aínda os nosos ouvidos nomes como Conde Roa ou operacións como a Pokémon, tristes episodios que a nosa capital non merecía. (*Aplausos.*)

Así foi como por toda Galicia máis de setenta candidaturas de mareas municipais, que hoxe suman máis dun cento, levaron de novo a dignidade á política dos concellos, pensando no interese do ben común e da cidadanía.

Ao longo de ano medio, amosamos nas cidades do cambio como Coruña, Compostela ou Ferrrol, pero tamén en vilas como Salceda ou Manzaneda, que non prometemos o imposible. Puxemos unha renda social municipal en marcha; recuperamos para o público servizos como a auga, as bibliotecas ou as residencias da terceira idade, e somos máis eficientes que as xestións privadas; demostramos que as ideas son a base dunha nova realidade.

Pero o compromiso da sociedade civil organizada en marea cidadá non remataba aí. Cumpría traer ao Parlamento a voz da xente que non quere ese modelo social, ese modelo laboral e ese modelo político que vostedes propoñen. E por iso estamos aquí. *(Aplausos.)*

Neste proxecto colle aínda moita máis xente, porque aínda está botando a andar. É normal que estean preocupados. No contexto dunha sociedade civil galega emerxente, crecente pero recentemente organizada arredor da Marea, tiveron lugar as eleccións do 25 de setembro, que deixaron un resultado electoral no que o 47,5 % optou polo Partido Popular e o outro 52,5 % non o fixo; un diferencial, desde logo, que non abonda para arrogarse a condición de representante único do país proposto polo candidato, e máis aínda, se temos en conta que a abstención foi superior aos votos obtidos incluso pola forza parlamentaria maioritaria.

Isto, desde logo, non é negar o resultado electoral, senón clarificalo. Teñen vostedes lexitimidade electoral para gobernar, ¡por suposto!, pero o país é máis plural que a pretendida equiparación entre a súa persoa e Galicia, como fixo aquí antonte, como se fose o mismísimo Rei Sol.

Existe outro país, outro país que non se sente representado nesa noción de totalidade que o candidato pretende, nin no relativo á súa concepción rexionalista de Galicia nin ao seu modelo neoliberal e insolidario de sociedade.

Neste espazo de inconformismo, a cidadanía de Galicia sitúa a En Marea como primeira forza política parlamentaria, co 20 % dos sufraxios, en posición de alternativa electoral e, sobre todo, no que máis nos importa, de alternativa social.

A súa maioría electoral non é un cheque en branco nin tampouco unha tarxeta *black*. Antonte deu o candidato en pensar que ese era o mandato cidadán, cando dixo que as eleccións expiaban os pecados cometidos nestes muros. Non. Terá vostede maioría, pero o rastro do seu pecado segue aí: o paro; a exclusión social; a desertización do rural; o devalo demográfico; a desigualdade de xénero; a perda de falantes; a mingua de autogoberno e, por suposto, a corrupción.

Fronte á súa maioría parlamentaria, inzada de pecados, seremos dende o primeiro momento a alternativa social dende a que construír unha maioría electoral para o futuro, xa que como sociedade civil continuamos acumulando forzas, xerando novas dinámicas sociais de participación, e porque sabemos que, tras a investidura de Rajoy e o aval obtido por acción ou por abstención ao modelo social e económico inxusto que pretenden impoñer o PP e a Troica,

hai máis xente que nos observa como única esperanza para acadar un país máis xusto, ao servizo do ben común e non das oligarquías financeiras.

En consecuencia, estas eleccións obrígnanos a En Marea a: unha oposición ás súas políticas, nefastas para Galicia; unha fiscalización á acción do Goberno; e, sobre todo, á formulación parlamentaria da alternativa social que quere gobernar este país en 2020. *(Aplausos.)*

¿Que sentido ten —podería alguén preguntarse— que En Marea se opoña ao candidato e formule xa unha alternativa dende o principio? Pois a razón é ben clara. As democracias contemporáneas, dende a II Guerra Mundial, son máis que regras de maiorías e minorías, son democracias de principios, son democracias de valores e son democracias de dereitos. A sociedade confíalle a unha forza política un poder para que faga algo. A lexitimidade do poder reside en que este se utilice en favor do ben común, non en contra, como recorda Häberle cos dereitos fundamentais. Teñen, efectivamente, o poder para garantir liberdades e asegurar dereitos. Se o utilizan para cambiar o modelo espoliándonos a educación, a sanidade, as prestacións sociais, a vivenda; se permiten e perpetúan a desigualdade de xénero e de oportunidades; se nos negan a lingua e o benestar social; se amordazan a nosa liberdade de expresión, a súa maioría política será ilexítima do punto de vista estatutario, constitucional e internacional.

Poden escoller a forma na que cumpren estas tarefas. O que non poden facer é escoller non cumprilas; ese é un uso ilexítimo do poder. E nós estaremos aquí e na rúa, dende o primeiro día, para denunciar este incumprimento e para formular unha alternativa que si se oriente a acadar, para a xente do común, unhas condicións de vida dignas. *(Aplausos.)*

En Marea representará neste Parlamento, e no conxunto da sociedade, un proxecto nacional para Galicia baseado na democracia participativa e na xustiza social. Nós somos conscientes de que non representamos máis que a unha parte desa nación que está formada por toda a cidadanía de Galicia. Pero o noso proxecto quere ser inclusivo e obter a complicidade das maiorías sociais, unidas por un sentimento de pertenza a un proxecto colectivo de convivencia solidario que mira polo ben común.

A nosa aposta polo dereito a decidir non é un compromiso nacional, é un compromiso democrático. Por iso pulamos porque o Estado recoñeza o seu carácter plurinacional e respecte o dereito de cada pobo a opinar sobre a súa forma de organizarse politicamente, como evolución natural do recoñecemento que xa en 1978 se facía da existencia de nacionalidades históricas coma a nosa, que, como sabe, debemos á aprobación do Estatuto de autonomía do 36, impulsado polo Partido Galeguista e un Castelao —invocado tamén o outro día polo candidato— que fixo valer ata o final o carácter nacional de Galicia.

Somos unha cultura política que entende a democracia de xeito participativo, no Parlamento, pero tamén na rúa. Cremos nunha democracia con liberdades e con dereitos. Exiximos que as institucións democráticas recuperen o control sobre as decisións económicas e que o FMI, o Banco Mundial ou o Banco Central Europeo —que nós non escollemos— non nos marquen nin a política económica nin a política social: ¡queremos decidila nós! *(Aplausos.)* Cremos nunha democracia deliberativa, na que as nosas institucións aseguren e promovan a formación dunha opinión pública libre.



En relación con estes principios, En Marea formula aquí as liñas políticas nas que baseará a súa acción parlamentaria e de transformación social, sobre as cales procurará a concertación doutros grupos da Cámara.

Comezando polo autogoberno, cómpre desenvolver integramente o Estatuto de autonomía e reanudar o proceso de transferencias paralizado durante os mandatos anteriores. Así, ademais de presionar para poñer definitivamente a AP-9 ao servizo da xente —desa xente que é espoliada diariamente polo seu uso—, serán prioridades para nós as competencias en tránsito e seguridade viaria, as de seguridade marítima, a inspección de traballo ou os trens de cercanías, todas elas orientadas á defensa dos nosos sectores estratéxicos e á vertebración do noso territorio.

Fronte ás vaguidades de onte ou antonte feitas por vostede en relación co financiamento, nós pensamos que o financiamento autonómico debe estar asentado nos principios de autonomía financeira, responsabilidade, solidariedade territorial e soberanía fiscal. O control dos recursos xerados endoxenamente é clave para promover un modelo de desenvolvemento no medio e no longo prazo. Tan revolucionarios principios foron xa defendidos hai máis de oitenta anos por outro fillo do galeguismo histórico, Alexandre Bóveda, defensa que o economista pagou co martirio. Hoxe, por certo, a súa neta defende coa mesma dignidade o ideario do seu avó dende as filas de En Marea.

O financiamento local, do que hai unha posición unánime desta Cámara, precisa a execución dese acordo para rematar tamén coa discriminación á que están sometidos os concellos galegos.

A vertebración do territorio é chave para a dinamización económica e para a prestación de servizos. É incomprendible que antonte o candidato anunciase a modificación da Lei de ordenación do territorio para adaptala á Lei do solo. A ordenación territorial faise ao revés: primeiro, planifícase o conxunto e establécense unhas directrices; logo desenvólvense a nivel territorial; e, finalmente, a nivel urbanístico, sendo este o último chanzo da planificación, non o primeiro. Mentres non comprendan o país no conxunto, seguirán a facer leis que só servirán para fomentar a especulación e o crecemento desordenado, e non poderán atender as necesidades da poboación, urbana e rural. Neste apartado apostamos tamén, decididamente, pola comarcalización de infraestruturas e de servizos esenciais, para que ninguén, con independencia do lugar onde viva, quede sen atención de carácter básico.

O galego, como elemento de cohesión social e cultural, debe ser promocionado e non perseguido polos poderes públicos. Cómpre a derogación inmediata do mal chamado Decreto do plurilingüismo, e deben desterrarse os prexuízos que aínda existen cara á nosa lingua infundidos pola Administración. Non pode expulsarse o galego da escola e logo pedirles ás familias que o falen. (*Aplausos.*)

A loita contra a corrupción debe traducirse en medidas efectivas de transparencia e rexeneración democrática. Queremos unha lei galega de *lobbys*, para que todas e todos saibamos quen tenta presionar o Executivo na elaboración das leis e das políticas públicas, o que logo explicaría moi ben que fan ex-ministros e ex-conselleiros sentados nos consellos de administración de coñecidas empresas que operan en Galicia —con alta incidencia contaminante, por certo—.

Igualmente, en materia de xustiza cómpre a disposición de máis medios materiais e humanos que faciliten a investigación de delitos relacionados coa corrupción. E en clave de transparencia, non estaría de máis saber a verdade sobre a fusión e o espolio das caixas de aforros, porque, igual que no caso do accidente de Angrois, temos dereito a ela, temos dereito á verdade. *(Aplausos.)*

A inclusión da igualdade de xeito transversal é imprescindible para mudar a sociedade actual. É preciso incluír a perspectiva feminista en todas as políticas. En clave de loita contra o machismo, cómpre dotar orzamentos suficientes para o pleno desenvolvemento e efectivo funcionamento da Lei integral contra a violencia de xénero, e mais a elaboración dun Plan de emerxencia para acabar cos feminicidios.

En clave de igualdade de oportunidades, o Goberno debe implantar decididamente a Lei sobre titularidade compartida das explotacións agrarias; levar a cabo políticas activas de emprego feminino e rematar co desprazamento das tarefas de coidados cara ao ámbito privado e familiar, do que principalmente se ocupan só as mulleres.

A igualdade tamén supón a ampliación de dereitos civís a toda a poboación, por iso instamos ao futuro goberno a que traballe nunha lei integral de identidade de xénero do xeito acordado coas asociacións LGTBI de Galicia.

O exercicio da dignidade cidadá comeza por unhas condicións vitais mínimas, por iso reclamamos tamén, como acción inmediata transversal, a aprobación dun decreto de garantías sociais que asegure o realoxamento en caso de desafiuzamento, calquera que sexa a súa causa —bancaria ou arrendaticia—, que palie os casos de pobreza material severa e que evite a pobreza enerxética.

O benestar persoal pasa por unha aposta sociosanitaria que tampouco estivo presente no discurso do candidato. Cómpre, neste sentido, desenvolver o Plan da «Estratexia da inclusión social de Galicia 2014-2020» e facilitar economicamente aos concellos para que deseen e implanten programas e servizos máis humanos e normalizados en materia de asistencia social.

A educación tamén é un dereito fundamental que debe asegurarse nun sistema público e de calidade, de acceso universal. Cómpre paralizar a aplicación da LOMCE e frear as súas reválidas; establecer a gratuidade dos libros de texto e un modelo de comedores escolares que permita a conciliación da vida laboral e familiar e, no rural, evite desprazamentos innecesarios aos rapaces, como xa reclamaba Elvira Bao, mestra que chegou a ser secretaria da Irmandade da Fala coruñesa aló polo 1918. Debe haber oferta educativa pública asegurada, non suplida pola concertada; e, en nome da igualdade, debe suprimirse a subvención aos centros que segregan por sexo. *(Aplausos.)*

A cultura tamén é esencial no desenvolvemento dunha sociedade avanzada, por iso débese recuperar a porcentaxe do orzamento para este fin existente en niveis de 2008 —que era o 1,23 %—, redistribuíndo os recursos con base en criterios obxectivos que non vulneren os dereitos sociais e culturais e que poidan ser avaliados de forma externa.

A sanidade require de actuacións urxentes para recuperar o seu carácter de servizo universal básico. Cómpre a paralización inmediata do proceso de privatización de servizos aínda públicos e o establecemento dun plan ordenado de rescate dos que están en réxime de concesión, comezando polo Hospital de Vigo. Igualmente, debe acordarse a resolución inmediata dos contratos en que as empresas estean incumprindo as súas obrigas contractuais, de xeito que revertamos para o sector público o réxime de prestación sanitaria completo. A saúde non pode ser nunca máis usada como un negocio no que as empresas se lucren coa nosa enfermidade. *(Aplausos.)*

Débase postular a eliminación do repago farmacéutico para pensionistas, así como a exclusión sanitaria de calquera colectivo social. A colaboración coa sanidade privada non pode conlevar o desmantelamento do sistema público, como acontece agora, renunciando a construír centros como o do Hío ou a dotar servizos como o de Hemodinámica 24 horas no HULA. A Consellería debería elaborar un plan urxente de redución de listas de agarda e realizar un emprego óptimo de instalacións —incluída a apertura de camas—, así como acometer unha mellora da atención primaria que se ocupe singularmente da atención no medio rural.

Existe unha deterioración prestacional en servizos sensibles que debe ser atendido mediante un plan galego de saúde mental, un plan de prevención do suicidio e a integración da prevención e atención das adiccións no Sergas, sistema que debe garantir tamén o exercicio do aborto nas súas instalacións e con todas as garantías.

A atención ao medio rural require actuacións eficaces do Goberno galego. Precisamos unha aposta por unha industria de transformación láctea participada pola Administración e coa implicación dos gandeiros e gandeiras; a posta a disposición de novas terras que aumente a superficie agraria das explotacións, mediante a revitalización do Banco de Terras, e un plan forestal racional non baseado no monocultivo do eucalipto.

Unha política industrial con futuro, que obrigará —ou debería de obrigar— a coordinar a posta a disposición de solo mediante un banco de parcelas e un plan de investimentos. A política enerxética debería de pular pola recuperación da posición punteira que, tanto a nivel industrial como de produción eléctrica, tiña o sector eólico antes de que o candidato o estragase, paralizano un ámbito que hoxe podería ser líder a nivel mundial e que foi condenado á creba e á deslocalización. Os novos parques deberían levar aparellados compromisos reais de investimento industrial non substituíbles na comarca onde se instalan, para crear emprego e riqueza e para fixar poboación no rural.

E un apuntamento para rematar este capítulo propositivo da nosa alternativa. En Marea consideramos que o devalo demográfico e a desertización do rural son simples síntomas do abandono dun país por parte duns gobernantes que non cren nel. Creen condicións laborais dignas para que a xente non teña que emigrar; restablezan dereitos universais como a educación, a sanidade e a asistencia social en todo o territorio; estimulen a economía produtiva en todas as comarcas; vertebrén o país pensando na xente, e verán como axiña florecerán os sorrisos das nenas e nenos en cidades e vilas, sen necesidade de ridículas medidas electoralistas como o seu sucedáneo das «caixas finlandesas». *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Remato.

Réstame unicamente, señor presidente, explicar como levará a cabo En Marea o seu programa nun contexto de maioría popular. É ben doado, no Parlamento e na rúa.

Para nós a democracia é todo o que pase na sociedade, non só no Parlamento. O candidato rexeitaba antonte as manifestacións de conflito e descontento porque prefire un país submiso e silencioso. Cae na tentación, denunciada por Bobbio, de reprimir as necesidades sociais en vez de satisfacelas. Por iso aproban leis mordaza e manipulan os medios de comunicación públicos, para crear unha aparencia de consenso social que non existe, porque saben que, cando o descontento se espalla e a verdade se coñece, o seu poder tambalea.

O Parlamento non é a única manifestación de democracia, e sábeo. Talvez teña aínda moi recente como foi vostede derrotado por unha maioría social, sen necesidade de maioría parlamentaria, na votación cidadá sobre a Lei de acuicultura. Ou como lle botaron por terra os seus plans coas transnacionais da industria megamineira contaminante. Ou, no ámbito do Estado, como o seu compañeiro Gallardón foi tamén derrotado e dimitido na súa tentativa de lei contra o aborto.

Exemplos non faltan, e si, teñen razóns para estar preocupados, porque En Marea vai levar a cabo o seu programa tamén na rúa, explicándoo activamente e articulando esa maioría social que transformará este país dende abaixo, espallando mareas como irmandades por cada recuncho de Galicia.

A democracia é máis que votar cada catro anos, é traballar seguido para que o mundo cambie e todas e todos teñamos maiores oportunidades de vivir mellor. Por iso estaremos nos barrios das nosas cidades, nos polígonos industriais, no agro, no mar, nas rúas, nas prazas, nas aldeas e nas vilas, porque alí está a nosa xente. Xente que sofre, que traballa, que ri, que se namora, que loita e que soña, ¡claro que si! Xente común que espera da política un alento, un esforzo, un apoio. Que espera que, cando hai abusos dos poderosos, un goberno digno de representalos se poña do seu lado e os defenda. Xente que só agarda do seu goberno que lle facilite unhas condicións de vida dignas.

Vostede —e remato, señoría, señor presidente— cargue cos seus pecados non expiados, que nós coseremos en segredo, como facía Micaela Chao na Fábrica de Tabacos da Coruña, as esperanzas e ilusións da xente da Irmandade, e imprimiremos nas conciencias, como facía María Miramontes en Compostela, os valores da dignidade cidadá e a defensa do ben común.

Queremos construír un país xusto, onde a xente teña máis doado ser feliz. Tentarémolo no Parlamento, e construírémolo, dende logo, fóra, porque alí é onde vive a nosa xente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Señor presidente, señor candidato á investidura, señorías, hoxe estamos a desenvolver un dos actos políticos máis relevantes do noso sistema democrático: o debate de investidura. Un debate que, por ser tan importante, está regulado explicitamente no Estatuto de autonomía no seu artigo 15, que, por certo, vai despois do 11. O 11 é o que establece que hai unha campaña electoral e unhas eleccións. O 15 é o que di que despois das eleccións se debate a investidura do presidente da Xunta, que eliximos un membro da Cámara para que sexa o presidente e que o presidente vén á Cámara presentarse, presentar o seu programa de goberno, e que, unha vez que sexa investido, responderá politicamente ante esta Cámara.

Nós cremos que este acto é a esencia da democracia parlamentaria, e estamos moi contentos de que se estea a celebrar. Houbo mesmo quen prognosticou que nunca máis se volvería celebrar este debate, cando tivemos ocasión de telo hai exactamente catro anos. Porque aquí hoxe imos investir, co respaldo da maioría elixida democraticamente, a quen vai exercer con toda lexitimidade o poder; un poder, obviamente, restrinxido tanto polo tempo como polas competencias que se exercen como tamén polo control que fagamos desde esta Cámara.

E, polo tanto, hoxe é un día no que estamos non só desenvolvendo, senón tamén celebrando, unha grande ocasión democrática e o cume do principio de representación da democracia parlamentaria, do sistema constitucional do ano 1978, do Estatuto de autonomía do ano 1980 e, polo tanto, do mellor sistema que garantiu o benestar para os galegos e para todos os españois. *(Aplausos.)*

E, por iso, pola relevancia que ten este acto, eu síntome moi honrado de ter presentado e de defender a Alberto Núñez Feijóo como candidato á Presidencia da Xunta, de ser o portavoz desa maioría social que elixiu libre e democraticamente unha maioría parlamentaria aquí representada e hoxe de apoiar a súa investidura, a terceira como presidente da Xunta. E, por iso, as miñas palabras non poden ser máis que de agradecemento, de agradecemento fondo ao pobo galego pola confianza renovada en extraordinarias circunstancias na nosa formación política, pola confianza renovada no noso programa electoral e pola confianza renovada no noso candidato, Alberto Núñez Feijóo. Galicia, moitas grazas. *(Aplausos.)*

Pois ben, neste debate de investidura, eu creo que hai que salientar dúas cuestións: primeiro, o contido do programa que expuxo o candidato e —máis importante— a actitude política coa que o candidato veu a esta Cámara.

Eu creo que o programa, como el fixo un magnífico resumo do que foi a proposta electoral coa que concorremos ás eleccións, e unha vez coñecidos os resultados das eleccións, xa sabemos que non é o programa do Partido Popular, senón que é o programa que prefiren practicamente un de cada dous votantes nas últimas eleccións autonómicas. Eu creo que non cómpre meterse en resumilo en exceso, pero si en destacar que o candidato acertou ao establecer tres grandes eixos ou tres grandes bloques de actuación política.

En primeiro lugar, o económico. No eido económico, o obxectivo é claro. É certo que hoxe Galicia está mellor. O paro diminúe, no 2012 tiñamos o paro, na EPA, no 21,6 %, hoxe é o 16,4 %. O paro rexistrado subía no 2012 o 8 %, hoxe baixa o 10 % en taxa interanual. As afiliacións soben, antes diminuían o 4 %, no ano 2012, hoxe increméntanse un 2,4 %. O PIB

estase incrementando: no ano 2012 caía un 3,2 %, actualmente crece no 3 % ou por riba do 3 %, como prognostican a maior parte dos institutos económicos. As exportacións caían o 2,8 % no 2012, hoxe soben o 5,4 %. O consumo contraíase un 4,3 %, hoxe sobe exactamente o 4,3 %. A produtividade de Galicia, do traballo, creceu un 1,1 % o ano pasado; é dicir, practicamente o dobre que a do conxunto do Estado. E todos os indicadores económicos son positivos, o que conleva tamén unha mellora da recadación. A renda dispoñible bruta dos fogares —por certo, que se dixo que Galicia tivera tanta deterioración— no ano 2008 estaba no 90,5 % da media española, hoxe está no 91,6 %. O cal quere dicir que, en termos da renda dispoñible bruta dos fogares per cápita, estamos converxendo con España e iso é, ao final, o que xera máis benestar ás familias.

Sendo todo isto certo, tamén o é, como o recoñeceu o candidato, que mentres preto de 200.000 galegos e galegas padecen o drama persoal de buscar un emprego e non atopalo, e outros o de estabilizar a súa situación laboral para poder estabilizar tamén o seu proxecto vital, é evidente que o obxectivo fundamental da política económica ten que ser favorecer a creación dos empregos estables e de calidade. Esa é a prioridade que o candidato sinalou.

Hai claramente unha folla de ruta plantexada coas aportacións de expertos, da sociedade e deste propio Parlamento, que é o Plan estratéxico de Galicia. As liñas de traballo e os obxectivos, que se resumen en crear entre 80.000 e 100.000 postos novos de traballo nesta lexislatura, están claros, e enumerounos o candidato no seu discurso: favorecer o emprendemento e o traballo autónomo; avanzar na internalización das nosas empresas, o cal conleva á súa vez incrementar o seu tamaño e favorecer a cooperación entre elas; avanzar na Estratexia de especialización intelixente, que está a ter resultados en ámbitos chave para o futuro da nosa economía, como a automoción, a aeronáutica, o naval, e abrir novos polos innovadores, como no ámbito da biotecnoloxía; incentivar a captación de talento; mellorar a formación, particularmente a formación profesional nos novos ámbitos de futuro; contribuír ao impulso dos nosos sectores estratéxicos, que, ademais dos xa mencionados, inclúen o rural, coa promoción da calidade e a transformación dos produtos do rural e do mar como principal obxectivo, ou reformar os servizos públicos de emprego, como se anunciou a través dunha nova lei de emprego de Galicia; un apoio á creación de emprego mediante a consolidación dunha economía aberta e competitiva, que será posible porque, en primeiro lugar, temos, como dixeran, as ideas claras, e unha folla de ruta clara, que é o Plan estratéxico, pero tamén porque a Xunta terá máis recursos no vindeiro ano. Anunciáronse 250 millóns de euros máis de marxe, máis de capacidade de gasto, no vindeiro exercicio orzamentario, fronte á idea de que o compromiso co déficit era fanatismo e de que o que queríamos era reducir a nada o gasto público.

O candidato tamén deixou obxectivos claros no social, que se resumen —e cito literalmente— en que «Galicia é a comunidade autónoma con maior compromiso social», e esta afirmación manterase toda a lexislatura con feitos. É dicir, ten o obxectivo de traballar para restablecer a equidade, que aquí se deteriorou; menos en Galicia que en España, é certo, pero que urxe recuperar. Urxe recuperala para que Rosa, Lola e os exemplos que puxeron — neste caso, a voceira do grupo nacionalista— poidan seguir tendo un diagnóstico nunha sanidade pública gratuíta — España e Galicia, xunto co Reino Unido e Dinamarca, son os únicos países de Europa onde unha consulta e un diagnóstico non se cobran na sanidade pública—, para que poidan seguir tendo un tratamento gratuíto nun hospital público, para que poidan seguir

tendo un acceso aos medicamentos sen ter que adiantar o pago, como o están facendo todos os xubilados en Galicia, porque hai un sistema informático que funciona; evidentemente, para que, se teñen unha necesidade de asistencia económica a través da dependencia, sexan pronto un deses 50.000 galegos que se benefician dela con menos recursos en relación cos 14.000 que había cando chegamos, que eran os que percibían prestación da dependencia, e, por suposto tamén, porque tamén se mencionou, se o precisan, para que poidan optar á axuda do ticket eléctrico, que puxo en marcha a Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Este obxectivo social conleva continuar colaborando cos concellos, continuar colaborando coas organizacións non lucrativas da sociedade civil e desenvolvendo políticas explícitas que camiñen cara á integración nunha axenda social única de todas as políticas sociais que a Xunta está a desenvolver: a Risga, a dependencia, o complemento de pensións non contributivas, a loita contra a pobreza infantil, o ticket eléctrico, o Plan de vivendas e desafiuzamento e o impulso demográfico. Esperamos que sigan colaborando algúns concellos, porque moito se lles enche a boca con que hai que axudar a xente e, cando hai un plan de vivendas baleiras da Xunta, rexeitan colaborar coa Xunta para resolver o problema dos seus concidadáns.

Por suposto, mellorando a asistencia sanitaria pública. O candidato á Presidencia deu claros compromisos tanxibles, tanto nas infraestruturas como nos programas de atención aos pacientes. E, por suposto, mellorando unha educación pública, que é a base da igualdade de oportunidades; unha igualdade de oportunidades que tamén mellora coas infraestruturas de comunicación, tanto as tradicionais como as dixitais, que o candidato enumerou no seu discurso.

En definitiva, apoiamos o candidato porque propón avanzar nunha Galicia solidaria, con igualdade de oportunidades para todos, con independencia do lugar de residencia, da idade, da condición social ou de calquera outra circunstancia persoal, como o xénero.

O candidato tamén fixou obxectivos claros no ámbito político-institucional: reforzar o autonomismo. E, para iso, propuxo reforzar a gobernanza multinivel, cunha aposta pola Conferencia de presidentes, avogando pola súa institucionalización, co principio de lealdade institucional. En segundo lugar, cunha defensa da Constitución, do Estatuto e das institucións que deles nacen, que son as que garanten a solidariedade interpersoal e interterritorial en España con Galicia e entre os galegos, e iso é o que lle convén a Galicia.

Nós non pensamos que a Transición fose fallida. Da Transición naceu o sistema político que garante o autogoberno de Galicia e que garante o progreso e o benestar dos galegos. *(Aplausos.)* E non, tampouco pensamos que o Estatuto do 36, que, sendo un grande estatuto para aquela época, sexa inferior ao Estatuto de 1980; ao contrario, é moito máis avanzado o Estatuto de 1980. De feito, aquel, como sabe vostede, caracterizaba a Galicia como unha «rexión». Ese era o Estatuto que cualificaba a Galicia como unha rexión e non como unha nacionalidade histórica, que é o que di o vixente Estatuto de autonomía.

O compromiso co autogoberno exerceuse todos os días. Certamente, cando un chega a un debate e se di que o compromiso co autogoberno depende da transferencia da AP-9, un dáse conta do desenvolvido que está o Estatuto de autonomía de Galicia: xestionamos sanidade, xestionamos educación, xestionamos políticas sociais, xestionamos xustiza... Efectivamente,

quedan algunhas cuestións, que seguro que teremos ocasión de falalas ao longo da lexislatura, pero se o problema do autogoberno de Galicia é a AP-9 é que o autogoberno de Galicia está ben vizoso. (*Aplausos.*)

Tamén no ámbito institucional, o candidato á Presidencia propuxo un sistema de financiamento autonómico viable e sostible para o conxunto das comunidades autónomas que garanta a estabilidade, o financiamento, a sostibilidade e a progresividade do sistema de financiamento, que implican que o sistema ten que estar orientado a avaliar o custo da prestación dos servizos, que, no caso de Galicia, inciden no financiamento, por exemplo, a dispersión, o envellecemento, especialmente o sobreenvellecemento por riba do 80 anos, a orografía e o clima. Nós, neste caso, quero xa adiantar que estamos moi contentos de ver que o Grupo Socialista —un dos dous principais grupos da oposición—, polo discurso do seu portavoz, parece ter abandonado a idea de votar a favor da Lei do cupo, que na última parte da lexislatura pasada o Partido Socialista apoiou, porque, efectivamente, esa é a vía do traballo: reforzar o sistema de financiamento autonómico, procurando un acercamento ao custo de prestación de servizos para Galicia.

O programa de goberno é, pois, coñecido; é darlle continuidade ao proxecto iniciado no 2009, impulsado no 2012, e creo que non é necesario deterse máis nel, xa o fará o candidato nas réplicas que lles dea aos portavoces da oposición. Eu creo que é máis importante neste debate destacar e salientar algúns aspectos políticos do discurso do candidato á Presidencia da Xunta, non os que fan referencia ao que se quere facer, senón ao como se quere facer. Porque o Partido Popular, o programa co que se presentou ás eleccións, o Goberno que ía nas listas e que durante todos estes anos exerceu a súa responsabilidade nun exercicio de solidariedade exemplar e tamén o candidato e ata o de agora presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, contan cun amplo respaldo político nesta Cámara. Contan, evidentemente, coa maioría absoluta de votos, consecuencia do 47,5 % de votos que obtivemos nas últimas eleccións autonómicas. E, malia iso, malia esa maioría suficiente para tomar decisións sen pactar nada coa oposición, o candidato fuxiu da soberbia, fuxiu da arrogancia e trouxo un discurso que se pode cualificar de realista, respectuoso coa oposición e aberto ao pacto e aos consensos; lonxe, na nosa opinión, do inmovilismo, do continuísmo e do alonxamento da realidade. Chegouse a falar hoxe de «síndrome de Montepío», do «día da marmota», que critican as distintas oposicións presentes nesta Cámara.

O candidato foi, en primeiro lugar, un candidato apegado á realidade. E non deixa de ser curioso que algunha voceira da oposición falara de ter a sensación de estar a vivir, despois de escoitar o discurso, un *déjà vu*. Os psicólogos dinnos que o *déjà vu* está orixinado por unha rápida e breve visión dun obxecto que xera unha percepción parcial da realidade, o cal á súa vez provoca unha falsa sensación de familiaridade. É usual nos seres humanos. Practicamente todos vivimos nalgún momento un *déjà vu*. Eu mesmo hoxe tiven un *déjà vu* cando escoitei falar do «día da marmota», porque xa se falara aquí do día da marmota, e ás veces sentimos que xa vivíramos algo, que xa estiveramos aquí ou que xa pasáramos por isto. É un mecanismo, en fin, que ten que ver coa rapidez de actuación acomodaticia do cerebro, que evita prestar unha atención máis detallada ao que está a ocorrer no presente, polo tanto, coa comodidade de non ter que enfronarse a algo novo. É dicir, non ter que rectificar a conduta e actuar coma se nada tivera pasado porque realmente seguimos no pasado. Iso é o que é un *déjà vu*. (*Aplausos.*)



Entón, eu creo que a oposición, e fundamentalmente a nacionalista e a populista, confunden o que é a continuidade coa repetición do pasado. Se hai algún grupo —entendemos nós—, modestamente, que ten que rectificar nesta Cámara, non é o que acaba de obter e reforzar a súa maioría, senón os que foron derrotados; e non só foron derrotados fronte ao noso partido, senón que foron derrotados incluso fronte ás expectativas que eles tiñan. O que non entendería a maioría social que votou ao Partido Popular e que avalou a candidatura de Alberto Núñez Feijóo sería que non fose continuísta, porque acaban de votar precisamente para renovar estas políticas, non para muden.

E, señorías, cando moitos galegos os escoitan falar de continuísmo, pensan: ¿continuísmo para que a baixada da taxa interanual do paro dure outros tantos meses como os 34 que leva baixando? Pois eu quero continuísmo. ¿Continuísmo para que, como di a última EPA, os empregos indefinidos se incrementen a maior ritmo —+2,1— que os temporais —+1,7—, e os de xornada completa —+2,9— que os de tempo parcial— -4,9—? Pois nós queremos ese continuísmo. ¿Continuísmo para seguir máis trimestres consecutivos, despois dos últimos dez, cun aumento da taxa de crecemento e chegar á máis alta desde 2008, coa taxa de crecemento máis alta desde hai 93 meses? ¿Queremos ese continuísmo? Pois nós queremos ese continuísmo. ¿Para seguir acadando récords de internacionalización dos nosos produtos ou récords na chegada de turistas? Pois tamén queremos ese continuísmo. ¿Para chegar a máis dos 500.000 alumnos que xa desfrutan da educación plurilingüe ou da educación en novas tecnoloxías? Pois claro que queremos continuísmo. ¿Continuísmo para que se sigan incrementando as prazas de comedores escolares e que saian a concurso como teñen que saír e non un ano despois? Pois si que queremos continuísmo. (*Aplausos.*)

Señorías, os galegos queren continuar estreando novos hospitais, novos centros de saúde, novas escolas infantís, novos centros de maiores, novas prazas de formación profesional ou novas prazas de comedor escolar. Queren continuar vendo como baixan os impostos aos que menos teñen, como baixan as listas de espera sanitarias e baixa o déficit público e como baixa o gasto administrativo e se simplifican e eliminan elementos burocráticos. Polo tanto, cando vostedes utilizan o continuísmo como unha crítica a un candidato do que acaba de ser avaliado o seu mandato por unha ampla maioría, pregúntome eu se pensan vostedes revisar o seu continuísmo, se pensan saír dese *déjà vu* e volver á realidade e pregúntome quen é o que está no día da marmota. (*Aplausos.*)

Ser realista, ter en conta a realidade é unha característica do discurso do candidato que cómpre salientar, agora que no mundo estamos a vivir o que algúns, como o ensaísta editor do *New Yorker*, David Remnick, denomina «os tempos da política posverdade»; tempos da política posverdade nos que abundan exemplos: un *Brexit*, porque hordas de inmigrantes turcos van invadir o Reino Unido, ou un Trump porque hordas de mexicanos van invadir os Estados Unidos, que se caracterizan non porque traten de crear unha falsa visión do mundo, o que tratan realmente é de reforzar os prexuízos e de manipular as emocións, que é cousa moi distinta.

Algúns teñen hoxe, por exemplo, falado de corrupción. Lembremos que foi xa Aristóteles quen dixo que a forma máis corrupta da democracia era a demagogia: «os que se adican a

adular o pobo, a excitar as paixóns e os sentimentos». Demagogia que parte da promesa de paraísos terreaís que non existen e que parte de prexuízos e descualificacións do adversario. E permítanme neste punto que lembre o que escribía non hai moito o xurista Ruiz Soroa, nun artigo titulado «*El peligro de una sociedad sin divisiones*»: «*Cuando Podemos propone discursivamente su eje de antagonización, lo que sugiere no es una división de la sociedad en dos o más propuestas políticas distintas. Lo que hace es declarar que la sociedad toda, la gente decente, está de un lado del eje, del suyo, y lo que queda del otro lado es pura ganga política y moral. Una vez que se define de forma «total» al sujeto, resulta que no queda espacio ni legítimo ni moral para ninguna otra parte social, que, por definición, no puede existir sino como la antisociedad o el antipueblo*». Porque o populismo ten unha concepción predeterminada da vontade do pobo que non deixa lugar ao pluralismo ou á deliberación. O propio politólogo Víctor Lapuente expresábo definindo o instinto populista como «*la tendencia a imaginar que nuestros adversarios políticos desean algo malo para el país o para el pueblo, cuando en realidad lo único que prefieren son otros caminos ideológicos para solventar unos problemas del pueblo que también les preocupan*».

Hoxe acabamos de escoitar aquí un exemplo desta demagogia populista dicindo que o que queremos é escravizar a Galicia e impoñer as cuestións da Troica en contra do pobo e cousas destas. Ese é o camiño do populismo, xusto o camiño do que se apartou o candidato á Presidencia da Xunta. Porque o candidato á Presidencia da Xunta recoñeceu en vostedes o pasado martes o interlocutor lexítimo que realmente son. Aprecia en vostedes boa vontade, sen ningunha dúbida, e de cara a esta lexislatura que vén non lles pediu que non fosen oposición, nin sequera que votasen a favor da investidura; só lles pediu o mesmo trato de respecto que hoxe e, entón, aquel día, recibiron da súa parte, de parte do candidato á Presidencia da Xunta.

Non foi así na pasada lexislatura. Eu creo que iso non foi bo para o país, pero, desde logo, despois das eleccións, queda claro que foi moito peor para a oposición. Pois ben, o conto non callou, o conto de que o Partido Popular está para destruír Galicia ou para aniquilar o pobo de Galicia; unha cidadanía consciente e realista que non creu nesas promesas de paraísos perdidos inalcanzables, que non puxo en dúbida a predisposición do Partido Popular para conseguir o ben común, en contra do que din vostedes, que estamos nunha especie de organización cunha maldade intrínseca.

Hoxe, certamente, un ten dúbidas de que esta sexa a postura dos dous grupos, nacionalista e populista, que me precederon no uso da palabra. Eu creo que non entenderon a mensaxe das urnas, e preguntábanos se criamos no país. Nós cremos no país, nós cremos en Galicia, o que pasa é que Galicia e o país non cren en vostedes. (*Aplausos.*)

Precisamente por todos estes motivos, un cre que deberían reconsiderar a súa posición, anular este instinto populista que fai imposible chegar a acordos, porque, se seguimos a súa propia lóxica, ¿que sentido tería chegar a acordos con xente malvada que quere destruír o país e agredir a cidadanía? Se non saen dese discurso que non conduce a nada bo —nin a nós nin a vostedes nin ao país—, poderíamos mesmo chegar ao corolario propio do populismo de que: se só vostedes representan a maioría social e o pobo, ao final, ¿para que fan falta máis partidos que o seu? Se xa están todos integrados nos círculos das Mareas, ¿para que ter democracia?, ¿para que ter Parlamento? Ese é o camiño que, evidentemente, non

queremos recorrer e creo que, nese sentido, hoxe —insisto— a celebración do debate de investidura no Parlamento é unha boa nova.

Señorías, respectémonos. Comecemos por nos respectar como adversarios, que foi o que fixo o candidato con vostedes. Se defenden o público en sentido lato — o concepto de público en sentido lato—, estarán de acordo co que escribiu un filósofo novo e que creo que vai ter moita sona, Byung-Chul-Han, da Universidade de Berlín, cando di que o respecto constitúe a peza fundamental para o público; onde desaparece o respecto, decae o público. A decadencia do público e a crecente falla de respecto condiciónanse mutuamente. Ese discurso de bos contra malos, de catastrofismo e de que todo o anterior está mal historicamente nin é o que quere a sociedade galega nin é o que defendeu o noso candidato, senón que o que defendeu foi unha maioría, incluso máis aberta da que ten nesta Cámara, dialogante, capaz de entender ao outro, de achegar posturas e de chegar a acordos. E esa defensa dese modelo político e social de tolerancia e respecto é o que nos fai a algúns sentirnos tremendamente orgullosos do presidente e do seu discurso do pasado martes. (*Aplausos.*)

Dicía que foi un discurso realista. Foi un discurso respectuoso e foi un discurso para os pactos. O candidato propuxo directamente varios acordos en materia de educación; de estratexia económica; de modelo produtivo; para apoiar os autónomos e o emprendemento; polo rural e polo sector primario; un pacto demográfico e sobre a natalidade; un pacto sobre o financiamento autonómico; un pacto sobre a chegada do AVE a Galicia; un pacto sobre a lingua e un pacto sobre a memoria cultural galega. Pero, sendo importantes todos estes pactos, é máis importante que lles ofreceu o pacto e o diálogo no Parlamento, nesta casa, como mecanismo habitual para a adopción de decisións na política galega. Gobernar na procura de acordos é xa, como todos sabemos, unha vella idea. O «*consensus gentium*», do que falaba Aristóteles —que daba, por certo, que algo era verdade cando todos estabamos de acordo nesa realidade—, converteuse co tempo nun criterio de xustiza: Grocio, cos iusnaturalistas, posteriormente pasa a Locke, Rousseau, Hobbes; incorpórase á economía a través de Pareto e Wicksell, e é recente na filosofía política con Rawls ou Buchanan. Unha idea clara, que é que co pacto, se estamos todos de acordo en algo, evitamos as inxustizas dunhas persoas sobre outras. Esa é a filosofía e o fondo do contido do que ten propor pactos, propor consensos, cando non son necesarios porque xa se ten a maioría absoluta.

Así, o consenso e o acordo pode ser no futuro un criterio de eficiencia, como dicía Wicksell, que o gasto está ben feito; pode ser un criterio de xustiza, como dicía Buchanan, porque, se estamos de acordo nos criterios de repartición e de equidade, quere dicir que estamos facendo ben a xustiza redistributiva; e, desde logo, é unha garantía de estabilidade e de durabilidade das normas, que é unha cousa boa por si mesma.

Nós, certamente, sabemos que somos capaces de chegar a acordos. Cando nós estivemos na oposición, na lexislatura 2005-2009, ata 20 leis propostas polo Goberno saíron adiante co noso voto favorable, entre elas a Lei de transparencia, a Lei de subvencións, a Lei galega contra a violencia de xénero ou a Lei do libro. Na lexislatura pasada só unha proposta lexislativa presentada desde o Goberno tivo o respaldo de todos os grupos da Cámara. Foi a Lei da reforma da área metropolitana de Vigo, que xa viña moi consensuada, ademais de polo bo labor do conselleiro da Presidencia e vicepresidente da Xunta, polo acordo entre os al-

caldes implicados na construción da área metropolitana. No resto, en todas as propostas, a oposición sempre fixo o mesmo: emenda á totalidade e voto en contra.

Isto pode levar a pensar que o grupo maioritario na lexislatura pasada non tivo vocación de diálogo ou vontade de diálogo. Pois non, porque houbo máis leis que si se aprobaron por unanimidade. ¿Cales? As que propuxeron os grupos da oposición. Aí, fronte ao que vostedes chaman ás veces «rolo», o que fixemos foi a lexislatura da autonomía galega na que máis leis aprobadas a proposta da oposición se alcanzaron, seis, e non eran menores: reforma da Lei de iniciativa lexislativa popular, reforma da Lei de violencia de xénero, reforma da Lei de protección de animais domésticos, nova Lei de protección e contra a discriminación do colectivo LGBTI, Lei de enfermos terminais e reforma do Regulamento da Cámara.

En consecuencia, eu creo que, cando vostedes abandonen a campaña electoral —que xa pasou, porque xa estamos na investidura— e deixen as trincheiras e a confrontación, darranse conta de que nesta maioría teñen unha maioría dialogante que está disposta a chegar a acordos con vostedes. Porque —como dicía antes— a sociedade galega, a xente do común, non está representada por ningún grupo en solitario; está representada non polo noso, nin polo grupo das mareas, nin polo grupo do Bloque, nin polo Grupo Socialista, está representada por toda a Cámara.

E nós confiamos en que, co tempo, se dean conta de que algo teríamos que facer ben para renovar a confianza maioritaria de Galicia. Xa non digo que vostedes fixeran algo mal, digo que nosoutros fixeramos algo ben. Non todo puido ser tan malo como vostedes se cansaron de dicir nos últimos catro anos, en algo teríamos que acertar. Algo fixo o Goberno que encabezou Alberto Núñez Feijóo que é compartido pola maioría social do país. Pensen que chegar a grandes acordos non significa deixar de ser oposición, nin suspender a discrepancia, nin deixar de propoñer alternativas. Ese é o papel dos grupos que están na oposición. Chegar a grandes acordos só significa poñer Galicia primeiro, só significa dotar Galicia e as xeracións futuras dun marco político estable, deseñado con xenerosidade por homes e mulleres de posturas e ideoloxías distintas.

Como propuxo o candidato, leguemos ás novas xeracións un marco político mellor, un contorno mellor no rural, un ensino mellor, unha mellor ordenación do territorio, unha mellor definición do modelo de transporte público, unhas empresas innovadoras, unha mellor forma de afrontar o reto demográfico.

Como dixoo candidato á Presidencia da Xunta, Galicia é de todos; non é do PP, non é del e non é de ninguén. Galicia é de todos os grupos da Cámara. E o que esperamos de vostedes neste período é que a fagan súa e que se fagan corresponsables dalgunhas das grandes decisións que debemos tomar nos próximos anos.

Só por esas afirmacións, señor candidato, é vostede digno da confianza do noso grupo, do Grupo Parlamentario Popular, que —como dixen— representa a maioría social de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Ten agora a palabra o señor candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo, para darlle resposta á portavoz e aos portavoces dos grupos parlamentarios. Cando queira.

**O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, grazas polas súas contribucións, grazas polas respostas dos portavoces e da portavoz dos distintos grupos parlamentarios. Sen dúbida —e quedou claro esta mañá—, non compartimos a diagnose, pero hai moitos asuntos nos que as preocupacións son comúns.

É certo, señorías, que partimos de que hai prioridades do país, e que esas prioridades as temos que traballar durante estes próximos catro anos. E eu reitero hoxe —díxeno tamén en toda a campaña electoral— que é máis o que nos une que o que nos separa. É posible que as verbas dalgún voceiro ou voceira poidan levar a pensar que isto non é así, pero o certo é que aquí estamos todos representando os galegos, todos. E, en consecuencia, se os galegos e as galegas son capaces de traballar esta mañá nas fábricas, nos hospitais, nas universidades, con independencia de que votaran a un ou votaran a outro traballan xuntos, se os galegos e as galegas están afrontando retos xuntos, se os galegos e as galegas para ir traballar ou para conversar ou para tomar un café ou para avanzar, ou incluso as familias galegas, nas que non todos os membros da familia votan o mesmo, son capaces de ser parentes e de quererse, supoño eu que seremos capaces de priorizar, de arremangarnos e de traballar. *(Aplausos.)*

Por iso volvo solicitar, volvo dicirlles e volvo pedirles que, a pesar das diferenzas que nos separan durante estes próximos catro anos, ata o ano 2020, non esquezamos nunca o que somos. Somos os representantes dun pobo, dun pobo unido, dun pobo que se respecta e dun pobo que cre en si mesmo. E, en consecuencia, eu vou seguir o que dixen e o que penso, porque creo que é a mellor forma de intentar unir e non dividir.

Señorías, reitero que me presento como militante de Galicia. Comprenderán vostedes que a esta altura biolóxica da miña vida, e sobre todo a esta altura política da miña vida, non teño ningún outro compromiso, ningún. Militante do país, militante de Galicia.

Dá a sensación nalgunhas partes das súas intervencións, con maior intensidade ou menor intensidade, de que vostedes están aquí presentándose como candidatos ou candidata dos seus partidos. En fin, cada un preséntase como considera oportuno. Eu vou seguir defendendo Galicia. Se esta tarde obteño a maioría da Cámara, non vou defender os votantes do Partido Popular, non vou defender o meu partido, vou defender todos os galegos e galegas, votaran o que votaran. Ese é o compromiso que asumín durante a campaña electoral, o compromiso que asumín no primeiro discurso de investidura e o compromiso que quero asumir no inicio deste último. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, di que sempre nos atoparemos en acordos para defender a Galicia e os servizos públicos. Estamos de acordo. Para defender a Galicia e os servizos públicos viables do país estamos de acordo.

Di tamén que toca repensar Galicia, porque se confiamos no futuro do país, hai que repensar o país para afrontar o futuro que temos por diante. E volvo estar de acordo.

Di vostede que vai facer unha oposición estrita e rigorosa do control do Goberno. Iso é cumprir a súa obriga. Polo tanto, estou de acordo en que o BNG faga unha oposición estrita e rigorosa do control do Goberno.

É certo, señoría, que, ademais de dicir todo iso, me dixo que eu era un traidor a Galicia. Certamente, non se combinan moi ben as primeiras aseveracións con esta diagnose. Pero, en fin, cando a hipocrísia é de tan mala calidade, o máis importante é dicir a verdade.

Señoría, eu non estou aquí soamente para ser o presidente da Xunta de Galicia; eu estou aquí para ser o presidente de todos os galegos e as galegas, os que votaron ao BNG tamén. *(Aplausos.)* Non teña dúbidas, non vou traizoar ninguén porque nunca o fixen nin o vou seguir facendo.

Señoría, vostede faloume de Lola, de Manuel e de Rosa, todos estes están nas familias da maioría dos galegos que estamos aquí. Eu tamén teño na miña familia Rosas, Manueles e Lolas. Eu teño na miña familia parentes con todos os seus membros en paro. Si, señoría; claro, señoría; por suposto, señoría. Téñoos. Sei o que é o paro perfectamente; non fai falla que ningún nacionalista mo recorde, seino perfectamente. *(Aplausos.)*

Mire, ¿vostede pensa realmente que os votantes do Partido Popular de Galicia, o 47,5 % dos votos que obtivo o Partido Popular de Galicia, son todos ricos?, ¿pensa vostede, en consecuencia, que o 47,5 % dos galegos son ricos, señoría? ¿Como é posible dicir que os ricos votan a un e os que pasan dificultades votan a outro?

Criticame por comprometerme co emprego para os próximos catro anos. Namentres sexa presidente da Xunta de Galicia direi que o primeiro problema do país é o emprego. Por iso, claro que me vou comprometer, e comprometereme con todas e cada unha das decisións económicas, industriais e sociais que adoptemos.

Señoría, fálame vostede do emprego. O resumo é: desde a última vez que estiven aquí no discurso de investidura no ano 2012 ata o de agora, o paro baixou en Galicia en 80.000 persoas e as afiliacións á Seguridade Social en Galicia incrementáronse en 42.000 persoas. Eses son os datos, señoría; eses son os datos que vostede coñece ben. E non sería razoable simplemente discutir os datos de rexistro do paro e os datos de afiliacións á Seguridade Social.

Din vostedes que nos van apoiar no financiamento da Comunidade Autónoma; así o espero, señoría. Eu non vou recordarlles como ese Goberno que vostedes apoiaban en Madrid, o Goberno do señor Rodríguez Zapatero, pactaba un sistema de financiamento con Cataluña e despois invitaba o resto a ver se estabamos de acordo ou non. *(Aplausos.)* Non llo vou recordar, señoría, porque xa todo o mundo o sabe. Daquela, levábase o slogan nacionalista de «cooperación intelixente». Estaba o BNG apoiando Rodríguez Zapatero en Madrid e era cooperación intelixente. Agora parece ser que non hai esa intelixencia, segundo podo comprobar no día de hoxe.

Mire, señoría: ¿eu son militante de Galicia? Si. ¿E por que vou loitar? Vou loitar para que se manteñan os postos de traballo en Dumbría, para que se manteñan os postos de traballo en Cee e para que se manteñan os postos de traballo en Sabón. ¿Vostede vai loitar por iso? (*Aplausos.*) Imos estar de acordo, en consecuencia, en loitar por todo iso, señoría. Sempre o fixen.

Señoría, o prezo do leite é unha das preocupacións do Goberno da Xunta de Galicia, pero tamén debería ser unha preocupación de todos os gobernos da Xunta de Galicia. Eu herdei un prezo do leite a 25 céntimos cando gobernaban vostedes, agora está a 28,2 céntimos. É certo, señoría, que se me pregunta se estou satisfeito lle direi que non. Agora, se vostede me propón unha reprimenda polo prezo do leite, permítame que lle recorde que o prezo do leite que herdei dun nacionalista na Consellería do Medio Rural era de 25 céntimos no ano 2009.

Señoría, trabúcase vostede cando di que na automoción perdemos tres mil postos de traballo; non, señoría, incrementamos mil postos de traballo. Temos neste momento carga de traballo para unha década e hai un investimento de 3.000 millóns de euros no sector da automoción. (*Aplausos.*) ¿Realmente non cre que fixemos algo ben no sector da automoción no país?, ¿non cre, señoría, que fixeron algo ben os traballadores e as traballadoras do sector da automoción?, ¿non cre que fixemos algo ben nos nosos contactos con PSA-Peugeot-Citroën?, ¿que fixemos algo ben, por exemplo, salvando as instalacións de PSA-Peugeot-Citroën traendo unha lei a este Parlamento, polo que fomos criticados, señoría? Claro que a aplicamos. Onte abrimos a nave H; investimento: 20 millóns de euros. Se non trouxeramos esa lei, nin nave H, nin proxecto K-9, nin proxecto V-20, cero, señoría; paralización da factoría PSA-Peugeot-Citroën como consecuencia do derrubamento do Plan xeral de ordenación urbana de Vigo. Claro que a aplicamos, señoría. Aplicámola e neste momento podemos mirar con esperanza todos os investimentos en PSA-Peugeot-Citroën. Pero ¿por que non se alegra vostede de que fixeramos ben as cousas na automoción se é unha industria fundamental de Galicia? Cando Citroën vai mal, é por culpa da Xunta, e cando Citroën vai ben, é a pesar da Xunta.

Señoría, este tipo de soliloquios non convencen a ninguén. Créame, non ten moito sentido criticar a automoción ou criticar o naval. Non imos recordar como atopamos o naval, vostede sábeo igual ca min. Non imos recordar un comisario dun Partido Socialista en Europa que quixo simplemente pechar todos os estaleiros galegos reclamando aquel chamado «*tax lease*». Daquela, señoría, estivemos sós (*Aplausos.*) en Europa intentando buscar unha solución para o *tax lease*.

Señoría, non creo que sexa xusto dicir que non fixemos nada contra a violencia machista. Vostede chámalle violencia de xénero, eu chámolle —na miña opinión— polo seu nome: violencia machista. (*Protestas.*) Si, señoría, violencia machista. Non creo que sexa razoable dicir isto porque o compromiso contra a violencia machista foi inequívoco durante todos estes oito anos. Primeiro, abrimos o único centro integral para as vítimas de violencia machista. Fixemos un convenio en coordinación co Estado para reforzar e compartir as bases das persoas que delinquen contra a liberdade das mulleres. Fixemos a mellor coordinación cos concellos, incrementando en máis dun trinta e cinco por cento o presuposto cos concellos, especialmente para reforzar a rede de máis de oitenta centros de información á muller.

No eido económico, hai tres tipos de axudas económicas, e vostede coñéceas. Desde o ano 2009, máis de dúas mil cincocentas mulleres percibiron algunha delas, a pesar da crise, a pesar da recesión e a pesar de que os presupostos baixaban cada ano.

E no último pleno da pasada lexislatura aprobamos unha iniciativa por proposta do BNG, por proposta do BNG, señoría. Por iso... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Por proposta do BNG. E se quere vostede —como me dixó— seguir falando da violencia machista, estamos á súa disposición, non teña vostede ningunha dúbida.

Mantemos os compromisos co Colexio de Psicoloxía, que dende o ano 2009 atenderon a máis de tres mil mulleres e a máis de cincocentos homes.

Na fronte xurídica damos letrado e asistencia gratuíta en calquera dos colexios de avogados de Galicia, e a Xunta, por primeira vez na historia, persóase nos casos de violencia machista; por primeira vez, señoría. Polo tanto, non creo, honradamente, que merezamos ese cualificativo.

Señoría, con todos os respectos, hai que defender as leis, estamos de acordo, aínda que a vostede non lle guste. As leis hai que defendelas. Polo tanto, imos defender a Lei de interrupción voluntaria do embarazo e imos defender o dereito á obxección de conciencia dos facultativos e facultativas de Galicia. E defendendo eses dous dereitos temos que conseguir que todas as interrupcións voluntarias do embarazo que ampara a lei se fagan en hospitais galegos. Ese é o compromiso que temos. E pódolle asegurar que temos que conciliar o dereito da muller á interrupción voluntaria do embarazo e o dereito dunha xinecóloga ou cirurxiá que non quere exercer esa intervención, porque as dúas son mulleres e as dúas teñen dereitos. Por iso hai que conciliar eses dereitos e dar unha solución, e a solución é que na inmensa maioría dos casos, salvo en patoloxías moi concretas nas que poida estar en perigo a vida da nai, se poidan e se deban facer todas as intervencións en hospitais de Galicia. Ese é o compromiso, e vólvollo reiterar.

Dicir que neste momento a lingua non a protexemos... Eu agradezo, en todo caso, algunha frase que collín da súa intervención, porque me parece que son frases interesantes, porque advertín —e espero non equivocarme— que, por primeira vez, dixera vostede que a lingua nos une. Efectivamente, señoría. Por iso non convén que se apropie ninguén dela, non convén que uns cantos se apropien de algo que é de todos en prexuízo da maioría. *(Aplausos.)* ¡Claro que a lingua nos une! *(Aplausos.)*

Imos seguir avanzando. Señoría, si, imos seguir avanzando porque o 98 % da poboación declara entender moito ou bastante o galego, porque o 97 % afirma saber falalo, porque o 83 % afirma saber escribilo e porque o 97 % afirma saber lelo.

Polo tanto, señoría, se temos as maiores cotas de coñecemento do galego, o que nos falta é que a mocidade o fale. O que nos falta non é coñecelo, que é o que eu podo garantir, o que nos falta é practicalo e falalo. Iso é o que nos falta, señoría. Pero iso —como vostede comprenderá— excede das competencias de calquera Goberno democrático: a obriga ou obrigar alguén a falar no idioma que lle pete ao político de turno. O que si, dende logo, garantimos é que o coñecemento do galego, falado e escrito, hoxe está por riba de calquera outro momento



histórico de Galicia, hoxe está por riba de calquera outro momento político e da historia de Galicia. (*Aplausos.*) Cuestión distinta, señoría, é como podemos falalo, e esa é outra cuestión.

Señoría, aprobamos o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico. Aprobamos o dominio *.gal*, que está operativo na Xunta e en calquera cidadán que o queira utilizar, e agradézolle aos promotores desa iniciativa.

O idioma galego ensínase en trinta e cinco universidades en todo o mundo, o dobre respecto do que se ensinaba no 2004. En Galicia reforzamos, a través dunha lei, os lazos sociais e económicos co mundo lusófono, 250 millóns de persoas. Remítome ao dito polo presidente Cavaco Silva na Real Academia da Lingua Galega na Coruña diante dos académicos, do presidente da Lingua e diante de min. Remítome ao que dixó o presidente da República Portuguesa agradecendo a iniciativa do Goberno galego en relación co mundo lusófono e en relación co portugués.

Claro que necesitamos un grande acordo para a protección, para a difusión e para a extensión da lingua galega; claro que aprobaremos un plan de dinamización lingüística na xuventude; claro que impulsaremos a produción de materiais didácticos en galego; e claro que consolidaremos máis espazo para o galego no mundo das TIC. Por suposto que si, ten vostede o compromiso de que o imos facer. Gustaríanos coa súa axuda, sen dúbida. Pero volvo reiterar: non creo que debamos merecer este tipo de recoñecementos.

Señora Pontón, con todos os respectos, volver reivindicar o concurso eólico do Bipartito non é a mellor forma de alonxarse de presuntas irregularidades no Goberno. Non pode reivindicar o concurso do Bipartito e despois falar automaticamente de exemplaridade e de rexeneración democrática, porque eses son dous termos absolutamente contraditorios. Se quere, busque na hemeroteca, que vostede trouxo a hemeroteca, e mire o que pensaba o Goberno socialista do concurso eólico nacionalista; non ten que fixarse no que digo eu, fíxese soamente nos periódicos da época.

Por iso, non creo, señoría, que poidamos discutir sobre o concurso eólico. Podemos discutir —e parece que ao BNG lle gusta— que durante a crise económica seguísemos subvencionando a enerxía eólica ás grandes eléctricas. Esa é unha proposta na que, polo que vexo, tanto vostede como o Grupo En Marea están a favor; ese é o seu plantexamento. Se vostede quere darlles diñeiro ás empresas eólicas para que fagan parques eólicos non eficientes, esa é unha política económica clara. Pero despois non discuta vostede sobre subvencionar as grandes empresas e as multinacionais, porque esa é unha contradición *in terminis*.

Claro que me alegro de que os fillos dos labregos poidan estudar nas universidades. ¿Sabe por que, señoría? Porque temos as taxas universitarias máis baixas de España e porque a universidade galega é a máis accesible de España. O fillo dun labrego, o fillo dun obreiro, o fillo dunha muller de aldea, pode ser incluso presidente da Xunta. E iso é algo máis que conseguimos na sociedade democrática na que vivimos, señoría. (*Aplausos.*) Algo máis: pódolle asegurar que iso é algo grande; algo grande, señoría, sen dúbida. (*Aplausos.*)

En todo caso, señora Pontón, alégrome do seu ton. E recoñezo que no Plan de retorno que vostede nos plantexa creo que temos moitos puntos nos que avanzar conxuntamente, no

Plan de retorno de fillos e de fillas que naceron en Bos Aires, en Caracas, en Montevideo (Uruguai) ou en calquera cidade europea. Claro que temos que falar, e gustaríame concretar con vostedes algunhas propostas. Teña a seguridade de que nós imos facer propostas e mi-raremos como podemos compracela, as súas e as do seu grupo; non a vostede senón aos in-tereses que representa.

Agradezo —insisto— o ton da súa intervención. Creo que ben merece a pena facer o que vos-tede dixo: atopar acordos para defender Galicia, atopar acordos para defender os servizos pú-blicos, repensar a Galicia do futuro e facer unha oposición estrita e rigorosa para o Goberno. Creo que esas son as grandes cuestións polo menos coas que eu quedo da súa intervención.

Señor Leiceaga, quero agradecerlle a súa intervención, que ben merece a pena ser comentada.

En primeiro lugar, quero agradecerlle ao seu partido a abstención do seu grupo no Congreso dos Deputados. *(Risos)* Non lla agradezo como membro do Partido Popular de Galicia, como vostede comprenderá. Perda coidado, non lle vou pedir que se absteña nesta sesión de investidura. *(Risos.)* Pero si, señoría, como cidadán e como representante ordinario do Estado en Galicia, creo que o Partido Socialista fixo o que tiña que facer, porque o Partido Socialista é o partido que máis tempo gobernou España, e sabe as dificultades que ten a gobernabilidade de España.

Polo tanto, como cidadán, como presidente da Xunta de Galicia en funcións, como galego, eu agradezo a disposición do Partido Socialista en relación coa gobernabilidade de España. Porque a gobernabilidade de España ten unha inmediata relación coa gobernabilidade de Galicia. Porque se non hai Goberno en España, señoría, vostede e eu seguiremonos pregun-tando se se van ou non se van cumprir os prazos do AVE, como consecuencia de que nos úl-timos dez meses non se fixo un só contrato de alta velocidade en España. *(Aplausos.)*

Di o señor Leiceaga que «amar a Galicia é algo persoal e íntimo», e eu estou de acordo, se-ñoría. Pero, entón, ¿por que cuestiona se eu quero ou non quero a Galicia? Non o cuestiona. Pois iso é un grande avance, porque hai voceiros que cuestionan se eu quero o meu país. É algo sorprendente que os galegos voten a alguén que non quere o país que os representa. Pero, en fin, agradézollo en todo caso, porque entendín, sen dúbida, mal o seu plantexamento.

Señoría, preocúpame a demografía, por suposto que si. Pero dicir que a demografía está en re-gresión como consecuencia deste partido ou deste Goberno, vostede que sabe de demografía máis ca min —e espero aproveitar os seus coñecementos en beneficio de todos—, sabe que esta curva demográfica —que a puido trazar perfectamente vostede, que estudou este asunto— empeza nos anos oitenta a baixar. Si, señoría. Mire, 43.000 en 1975; no ano 1985 xa estabamos en 28.000. Co Bipartito no ano 2005, por exemplo, naceron 21.000 persoas en Galicia; *(Mur-murios.)* no ano 2010, naceron 22.047. Digo que no ano 2010 naceron 22.047... *(Murmurios.) (Pro-núncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, que vostede me pregunta os que naceron no ano... Seguro que vostede ten a resposta, señoría. *(Protestas.)* Non se preocupe, pero xa llo anticipo eu: entre 19.000 e 22.000; non saímos de aí. Señoría, é como se digo eu, en fin...

En todo caso, eu quero seguir pensando que sabe de demografía. Se vostede agora me vén dicir que nun ano que gobernaba o PSOE e o BNG naceron máis rapaces porque gobernaba o

PSOE e o BNG, evidentemente vostede non sabe de demografía, señor Leiceaga. *(Aplausos.)* E dígollo absoluta e cordialmente. Polo tanto, fagamos as cousas ben.

Mire, señoría, creo que non é un tema menor o tema da demografía. Por iso eu acepto que vostede plantexe este asunto, porque para nós a demografía é un asunto capital, é un asunto fundamental. E por iso non entendo por que non apoiaron o Plan demográfico, o único que se presentou. Podía ser bo, regular ou malo, pero, polo menos, teríamos un Plan demográfico alternativo. É curioso, señoría, que teñamos que chegar ao goberno sen que estivera feito o Plan demográfico anterior. Pero, en fin, chegamos ao goberno e fixemos o Plan demográfico que neste momento temos en vigor.

Dende ese Plan demográfico, somos a Comunidade Autónoma con máis deducións fiscais de España; somos a Comunidade Autónoma con máis incremento de escolas infantís de España; somos a Comunidade Autónoma cunha tarxeta Benvida de 100 euros ao mes durante o primeiro ano da vida do bebé, e ata tres anos en familias con dificultades económicas; e somos unha Comunidade en España, señoría, que cada vez que un membro do Goberno, cada vez que o Consello de Política Social, o conselleiro de Educación, o conselleiro de Facenda, calquera membro do Goberno fala, poñemos como principal problema estrutural do país o tema demográfico. Agradezo que traia vostede este tema, e gustaríame, como é lóxico, poder traballar este asunto.

Pero como vostede ten os datos, e fixo un discurso económico, na miña opinión, o máis sólido dos escoitados da Cámara, quero dicirlle, señoría, que vostede sabe igual ca min que o problema demográfico non son as persoas que saen de Galicia, salvo que vostede non queira utilizar os datos correctos.

Galicia no ano 2015 foi a comunidade autónoma con menor taxa de emigración de España. As saídas de Galicia representaron o 1,1 % da poboación, fronte a case o 2 % da media de España.

Galicia é tamén a comunidade autónoma na que saíron menos mozos, en proporción á poboación desa idade de 16 a 34: un 2,2 % fronte ao 3,3 % de media en España.

No ano 2007 foi o ano en que máis mozos saíron, case catorce mil. E eu non vou dicir que saían os mozos porque gobernaba o Partido Socialista. *(Protestas.)* Non, señoría. O que si lle digo é que se quere coller vostede todo o saldo, o saldo migratorio acumulado dende o ano 2009 ata agora, o saldo é positivo, pois entraron máis dos que se foron no total da poboación, señoría. Temos un saldo positivo de 17.500 persoas. Entraron 17.500 persoas máis das que saíron. Marcharon de Galicia 207.000 persoas e entraron en Galicia 225.000 persoas.

Só a través dos datos podemos construír algunha proposta. Por iso non parece razoable que unha persoa cun discurso económico sólido me diga que a demografía é un problema de emigración. Sabe vostede que non é un problema de emigración, nin no interior de España nin fóra de España. Por iso creo que debemos atallar o problema non cunha frase feita, senón cun conxunto de medidas difíciles de abordar, nin nunha, nin en dúas, nin en tres legislaturas.

Por iso comentáballe á portavoz do BNG, e tamén a vostede, que nos interesaría ter un programa de retorno, si, dos fillos de emigrantes e tamén dos xoves que tiveron que saír durante

a recesión económica. Aínda que saíron menos de Galicia que do resto de España, hai xoves que se foron ás cidades ás que vostede se refire, a resposta é que si; pero fóronse menos que do resto das comunidades autónomas, a resposta é tamén que si.

Di vostede que a recuperación está en marcha, e eu estou de acordo. Di vostede que é débil esa recuperación. Pois non imos discutir ao respecto se lle digo que cando cheguei ao Goberno o PIB baixaba o 4 % e agora está subindo en máis do 3 %. É certo que podía ir mellor, pero subir un PIB máis do 3 % non é fácil.

Señoría, no ano 2009 —cando vostede era portavoz nesta Cámara— o PIB en Galicia diminuíu o 4,5 %; o PIB neste momento en Galicia está crescendo o 3,4 %. No ano 2009, señorías, as exportacións baixaban en Galicia máis do 19 %, e agora temos récord de exportación na serie histórica de exportacións no ano 2013, no 2014, no 2015, e estamos a piques de solventar o 2016 tamén con récord de exportación. Señoría, o índice de produción industrial en Galicia cando cheguei ao Goberno baixaba ao 20 %; hoxe o índice de produción industrial é o segundo mellor de España, o 4,9 %, e crescendo, señoría.

Señoría, creo que a recuperación se pode discutir se é intensa ou menos intensa. Mentres exista paro é unha recuperación insuficiente; estamos de acordo. E o paro rexistrado leva —como dicía o portavoz do Grupo Parlamentario Popular— trinta e seis meses consecutivos baixando, e hoxe temos 23.000 persoas menos no paro que hai un ano; e o paro en España baixou o 9 % e en Galicia máis do 10 %. Señoría, temos menos paro rexistrado hoxe que no 2015, no 2014, no 2013, no 2012, no 2011, no 2010 e no 2009; menos paro que cando eu falei aquí por primeira vez despois das eleccións de marzo do ano 2009.

As afiliacións á Seguridade Social levan trinta e un meses consecutivos medrando. Hoxe temos 20.000 afiliados máis que hai un ano, hoxe hai máis afiliacións que cando fixen o discurso de investidura no ano 2012; máis afiliacións á Seguridade Social. Xa non estamos falando nin de EPA nin de paro, máis afiliacións directas á Seguridade Social. Cando cheguei ao Goberno, señoría, as afiliacións á Seguridade Social baixaran no ano 2008-2009 unhas 50.800 nun ano, e hoxe temos 20.300 afiliados máis no último ano. E se quere coller vostede a serie, recórdolle os datos: 44.200 afiliados máis hoxe que hai catro anos.

Evidentemente, señoría, non podo estar tranquilo co paro, é a miña primeira preocupación desde o punto de vista económico, porque é a primeira preocupación dos galegos. Na EPA sabe vostede que estamos no 16,3 % —a última EPA coñecida—, España está no 18,9 %. A taxa de paro xuvenil está por debaixo 4,3 puntos da media española, dez puntos menos que cando comezou a lexislatura do ano 2012, paro xuvenil.

¿E a temporalidade? Claro que nos preocupa a temporalidade, señoría. Preocúpannos dúas cousas: a precariedade e a temporalidade e mais os baixos salarios, igual que a vostedes. Pero tres de cada catro asalariados galegos teñen un contrato indefinido, tres de cada catro, 608.000 galegos e galegas teñen un contrato indefinido, o 75 %, e o peso do emprego a tempo parcial reduciuse case un 5 %. Como é natural, señoría, cada un ten a súa propia opinión. Pero o Goberno da Xunta de Galicia no ano 2009 e no ano 2012 tivo que xestionar a recesión e a crise económica, que vostede moi ben apuntaba a recesión e a crise económica do

sur de Europa, de España e da Unión Europea, no seu conxunto na zona euro. Así, tivemos que xestionar durante os últimos oito anos. E por iso agradézolle a súa diagnose da situación económica, aínda que, como é lóxico, con distintas intensidades.

Di vostede e critica que en Galicia hai pouco investimento estranxeiro, e, sen embargo, nos parágrafos anteriores di vostede que están vindo moitas empresas a Galicia para comprar empresas galegas. ¿En que quedamos, señor Leiceaga? ¿As dúas cousas preocúpanlle? Pois é difícil. ¿A vostede que lle preocupa?, ¿que haxa pouco investimento ou que haxa moito? A partir de aí poñémonos de acordo. O que non pode ser, señoría, é que vostede me critique por unha cousa e pola súa contraria. Non parece iso moi razoable, señoría. (*Murmurios.*)

Señoría, non creo que unha persoa da súa formación e información poida dicir como dixo que non hai ningún megavatio instalado en Galicia desde que chegamos ao Goberno. Señoría, ¡que pena que non teña a nota para dicirllo exactamente! Pero pódolle asegurar que máis de seiscentos megavatios. Errar de 28 a 600 é unha diferenza creo que non apropiada para un currículo económico como o seu. (*Murmurios.*)

Claro que nos preocupa o sector lácteo, señoría. E claro que nos preocupa que hai que apoiar as organizacións de base cooperativa. Aí encontráronos. ¿Hai posibilidades de que así sexa? A resposta é que si. É a primeira vez que temos unha cooperativa que neste momento pode estar representando o 15 % do total dos gandeiros en Galicia; é a primeira vez, señoría. Creo que hai que apoialos, si, e creo que hai que apoialos de todas as formas legais que poidamos. E por iso non creo que sexa un balance do Goberno dicir que grazas a nós fixemos as cooperativas, pero non creo que tampouco sexa unha queixa da oposición dicindo que por culpa de nós non hai as cooperativas.

Mire, señoría, o noso modelo sería, sen dúbida, o asturiano, onde unha cooperativa ten o 85 % do total do leite que se produce en Asturias. E das catro cooperativas, tres a favor e unha en contra. Pero imos seguir avanzando, señoría. E nós saudamos dende aquí a iniciativa de Irmandiños, de Feiraco e de Melisanto para unirse e traballar xuntos no sector lácteo. (*Aplausos.*)

Imos seguir traballando, e creo que coincidimos tamén, nos camiños de Santiago. O Camiño de Santiago non pode ser un parque de atraccións, certamente. E por iso gustaríanos que en todos os concellos por onde pasa o Camiño de Santiago, e sobre todo onde finaliza o Camiño de Santiago, puideramos traballar xuntos. Dende logo, por nós non vai quedar, dende o primeiro instante estamos preparando o Xacobeo 2021. Señoría, cando cheguei ao Goberno o Xacobeo era no 2010; non vou falar do que me atopei preparado cando cheguei ao Goberno no ano 2009.

Na Axenda de competitividade, señoría, nós deixamos un plan estratéxico presentado antes das eleccións: o Plan estratéxico da nosa economía ata o ano 2020. Presentámonos ás eleccións sabendo o que queríamos facer. Non nos presentamos dicindo cousas, non, senón escribindo, concretando isto e explicitando as cousas. Economistas de prestixio, como vostede, e economistas do Foro Económico de Galicia e outros economistas viron o plan, pedímolles aportacións. Polo tanto, señoría, nós temos unha axenda, temos unha Axenda de planificación económica, temos unha Axenda dixital, temos unha Axenda de Industria 4.0, temos unha Estratexia de especialización intelixente. Nós temos todos os programas activados

desde o punto de vista económico, desde o punto de vista da innovación e desde o punto de vista da competitividade.

Señoría, claro que estamos intentando diminuír os problemas burocráticos. Por iso aprobamos a Lei do emprendemento e por iso aprobamos as oficinas *Doing Business*. E por iso, señoría, hoxe no *DOG* —ou onte— saían as posibilidades que ten unha empresa de instalarse, e que non teña previamente que pedir todas as certificacións previas aos concellos senón que unha empresa intermediaria se obrigue ela mesmo, baixo responsabilidade da empresa, a que todo o que está facendo ese emprendedor estea ben feito desde o punto de vista local. Polo tanto, creo que si, efectivamente, levamos feitos moitos pasos en relación con este asunto, e estou convencido de que vostede os coñece e, polo tanto, os valora.

Señoría, controlamos o déficit público, e ese é o principal compromiso europeo, e di vostede que non falei de Europa. Se as comunidades autónomas e o Goberno central tiveran o déficit público de España, hoxe España non tería a maioría dos problemas económicos que ten. E se somos unha rexión europea onde se nos respecta tanto no Comité de Rexións como en cada entrevista con calquera comisario, é dicir, ministro de Europa, é porque somos unha comunidade autónoma que sabemos por encima de todo que somos europeos. E, polo tanto, os compromisos con Europa dende Galicia estámolos cumprindo.

E non parece razoable, señoría, que me impute vostede un incremento da débeda, aínda que máis sorprendente aínda é que me faga o portavoz de En Marea falar de débeda pública. Pero o certo e verdade é que no tema da débeda pública sabe vostede que somos a Comunidade que menos incrementou a débeda pública de todas as comunidades autónomas. E sabe vostede que cando cheguei ao Goberno a porcentaxe de débeda pública era superior á media do resto das comunidades autónomas. E hoxe estamos case catro puntos por debaixo, algo teremos avanzado.

Non pode ser, señoría, que se me discuta se incrementamos a débeda pública e á vez que temos que investir máis en sanidade e máis en educación. Concréteme exactamente cal é o seu modelo, aínda que —insisto— estou absolutamente convencido de que vostede está de acordo co control do déficit público. De feito, o seu partido propuxo unha reforma constitucional no mes de agosto para o cumprimento do déficit público como principio constitucional. ¡Imaxínese vostede se estará de acordo ou non estará de acordo!

Señorías, creo que imos seguir traballando, e eu agradezo todas as aportacións do Partido Socialista, que non foron poucas. Estamos de acordo na demografía. Estamos de acordo en que é necesario unha Axenda de competitividade. Estamos de acordo en que é necesario diminuír as trabas burocráticas para crear empresas no país. Estamos de acordo, señorías, nunha política fiscal, que por primeira vez observo —polo menos é o que escoitei— que o Partido Socialista podía estar de acordo en baixar impostos. Xa sei que durante unha época baixar impostos era de esquerdas, despois non o foi, pero parece razoable que baixar impostos, se podemos, sexa algo plantexable.

Pero imos seguir construíndo. E no financiamento das comunidades autónomas necesito o Partido Socialista especialmente, necesítoo, necesítámolo especialmente. Porque no finan-

ciamento das comunidades autónomas terán moito que dicir os presidentes autonómicos do Partido Socialista nas comunidades autónomas, e, por suposto, o Grupo Parlamentario Socialista en Madrid.

Señoría, non creo que sexa razoable dicir que esquecemos os servizos públicos básicos. Non creo que sexa razoable dicir que temos moita lista de espera cando en todos os datos de lista de espera temos menos lista de espera que a media dos servizos de saúde das comunidades autónomas, ou que a sanidade se valora mal en Galicia cando resulta que no barómetro sanitario último, o do Ministerio de Sanidade, a atención primaria para os galegos mellorou ou segue igual para un 78 %, só para un 13 % empeorou, e as consultas hospitalarias melloraron para o 65 %, e a atención hospitalaria mellorou para o 66 %, e as urxencias melloraron ou seguen igual para o 58 %.

Polo tanto, non creo, señoría, que poidamos reflectir unha mala imaxe da sanidade pública galega. Eu, desde logo, estou orgulloso da sanidade pública do meu país. E cada vez que teño ocasión de falar de sanidade pública co resto das comunidades autónomas, unha das cousas que poño enriba da mesa de Galicia é que, na miña opinión, o Servizo Galego de Saúde e o Osakidetza son os dous mellores servizos de saúde do Sistema nacional de saúde español. *(Aplausos.)* Señor Leiceaga, non creo que debamos ter un plantexamento tan pesimista da sanidade. *(Aplausos.)*

En todo caso, reitero —para non estenderme— que lle agradezo a súa aportación. Paréceme que a aportación no ámbito económico do Partido Socialista é absolutamente fundamental para avanzar. Señoría, permítame: 978 megavatios, sesenta parques eólicos instalados cunha potencia de 978 megavatios, 1.000 millóns de euros en plans industriais. Estes son os datos, señoría. Supoño que estes datos, polo menos, o farán reflexionar sobre que no tema eólico non teña vostede unha diagnose correcta.

Finalizo. Señoría, dime vostede que lle parece ben que o plantexamento noso sexa un planteamento de incrementar o emprego en 80.000-100.000 postos de traballo. Agora ben, preguntame con bo criterio como se vai conseguir. Dígolle, mire, señoría, vendo hoxe o periódico de *La Voz de Galicia*: «*La Diputación busca crear 13.000 empregos en esta lexislatura*», a Deputación da Coruña. Soamente que as deputacións do PSOE poñan 13.000 empregos, ¡xa temos 50.000!, señoría. *(Risos.)* Xa non estamos nada mal, ¿non? *(Aplausos.)* Estamos avanzando sen ningunha dúbida cara a ese obxectivo. Polo tanto... *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* E non traio este dato como crítica senón como crónica, señor Leiceaga. E eu agradézolle moito á Deputación da Coruña que saiba que dentro dos seus compromisos tamén está intentar dinamizar a economía, por iso xestionan recursos públicos e por iso teñen un presuposto moi saneado, señoría.

Xa me gustaría a min ter o presuposto da Deputación da Coruña desde o punto de vista do saneamento, si, señoría, si. O ex-presidente da Deputación da Coruña, do Partido Popular, o que fixo foi deixar a débeda pública da Deputación da Coruña a cero, a cero. Non estaría mal, señoría, esa herdanza para calquera presidente dun organismo. Polo tanto, grazas por axudarnos a crear os 100.000 postos de traballo. *(Murmurios.)*

Pero creo que podemos facelo. Si, señoría, creo que podemos facelo. ¿Por que? Porque nesta lexislatura o paro baixou 80.000. Se nos últimos catro anos —onde tivemos dous anos de

crise, o 2012 e o 2013, moi fortes, perdón, o 2013 e o 2014, e empezou a levantar un pouco a economía no ano 2015 e mellorou substancialmente no ano 2016— fomos quen de que as listas de desemprego baixaran 80.000, creo que podemos, a pesar do *Brexit* e as eleccións norteamericanas, creo que poderemos, con estas dúas parénteses, que a economía europea e a economía española —sobre todo esta última— sigan mellorando, sigan crescendo, e poñamos conseguir os 80.000 postos de traballo.

Señor Leiceaga, finalizo.

Tamén estou de acordo con vostede, e agradézolle esa aportación, porque creo que é unha aportación bastante patriótica, en que este non é o momento de plantexar reformas estatutarias. Efectivamente, señoría, na mala situación na que estamos neste momento e no contexto nacional no que estamos, non lle convén a Galicia abrir e cuestionar os principios que vostede mesmo defende e que eu ratifico: a igualdade, o respecto e que ningún territorio ou nacionalidade histórica teña mellores condicións que outro territorio, como Galicia, nacionalidade histórica. Agradézoo moi especialmente, creo que é unha forma de traballar conxuntamente. Estaremos moi atentos ás propostas do Partido Socialista de Cataluña en relación con este asunto. E espero e desexo que os novos responsables do Partido Socialista en España teñan tamén a mesma sensibilidade que vostede acaba de amosar hoxe.

Polo tanto, señor Leiceaga, coincidimos. Coincidimos en temas fundamentais, como na demografía, e en que é necesario un pacto pola educación. Efectivamente, temos xa que non perder máis tempo, antes de Navidad temos que saber en que consiste a reválida que vén substituír a selectividade, é imprescindible. Coincidimos, señoría, en que o transporte público é fundamental. E coincidimos, señoría, en que o status dos autónomos en Galicia o temos que mellorar, sen dúbida. E por iso dentro do plantexamento económico os autónomos van ser referencia permanente nesta lexislatura.

Remato, señorías, intentando contestar —ou, polo menos, reflexionar— sobre a intervención do representante, do voceiro, do Grupo de En Marea.

Mire, señoría, con todos os respectos llo digo, co mesmo respecto co que vostede leu a súa intervención... *(Pausa.)* Se me permite, señoría, grazas, grazas por permitirme ler as notas. Digo que empezou falando de pecados —citándome—, e di que os que pecan son os que gobernan. É un plantexamento bastante interesante. É dicir, que, cando vostedes gobernan na Coruña, en Santiago e en Ferrol, non pecan, vostedes simplemente gobernan. ¿Non se dá conta vostede, señoría, de que gobernan en moitos sitios? Non sei se o seu grupo, ou similar, ou parecido ou... —o cualificativo permítame que non sexa capaz de atopalo—, pero vostedes gobernan en moitos sitios. Pregúntelle á presidenta do Parlamento de Baleares se goberna. Goberna a Cámara. Pregúntelle ao alcalde da Coruña, de Ferrol, de Santiago, se gobernan. Pregunte na Generalitat de Cataluña se gobernan. Pregunte en Barcelona, pregunte en Madrid. Señoría, ¿quere dicir que todos os gobernos que gobernan son sinónimo de corrupción e cando están na oposición son sinónimo de xente do común? *(Risos.) (Murmurios.)*

Mire, señoría, ¿non se dá conta vostede de que, cando fala desde aquí, están falando moitísimos territorios onde vostede está a gobernar? Si, señoría, vostede non, o seu grupo. Permí-



tame, entendo que é o seu grupo. Se non, na réplica, vostede tenme que aclarar exactamente se vostedes gobernan ou non gobernan. Porque nós interpretamos que o goberno da Coruña é do seu grupo, ou o de Santiago. Ben, correcto. Entón, dado que vostedes gobernan en moitas cidades de Galicia, en moitas comunidades autónomas, e presiden cámaras, parlamentos, supoño que vostede mellorará a conclusión de que os que gobernan producen corrupción e os que están na oposición son a voz da xente. O voceiro do Grupo Parlamentario Popular falou dunha forma moi concreta sobre o asunto, eu creo que foi unha intervención brillante, porque non creo que sexa razoable, señoría, que as primeiras palabras sexan para dicir que o Goberno sempre representa a corrupción. Porque iso, señoría, en democracia é moi grave.

Mire, señoría, non creo que se deba cuestionar o criterio libre e democrático dos galegos. Eu pensei que a súa primeira intervención a podía vostede aproveitar para desculpase diante da xente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señoría, porque dicir que o Partido Popular gañou porque hai moitos galegos alienados e ignorantes ben merece unha desculpa na Cámara, señoría. Non sei se vostede o fará, aínda lle queda un turno. Pero, se non o fai, eu pido desculpas por este pronunciamento dun político galego en relación co pobo de Galicia, pídoa formalmente. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, non é razoable vir aquí cun discurso —que respecto, por suposto; sobre todo, a primeira parte do discurso— que é practicamente o mesmo que escoitei no ano 2012. Se vostede colle o *Diario de Sesións*, na sesión de investidura do ano 2012 —que introduciu o portavoz do Grupo Parlamentario Popular—, ademais de dicir que non merecía ser presidente da Xunta, e ademais de dicir que, se houbera eleccións no momento da investidura, xa as tiñamos perdidas, e ademais de dicir que escapariamos coma ratas de San Caetano, ademais de dicir todo isto, señoría, que eu escoitei..., eu agradézolle a vostede que cambiara de ton. Paréceme que iso é moi axeitado, en primeiro lugar, para este Parlamento, pero tamén para o seu grupo, tamén para os seus compañeiros. Creo que iso é moi importante e por iso eu non podo máis que agradecerlle ese cambio de ton, porque me parece que é un avance importantísimo.

Mire, señoría, nós estamos aquí simplemente porque os galegos quixeron que estivésemos. Quixeron que estivese vostede e mais eu, e o conxunto dos deputados e deputadas que estamos aquí. Estamos aquí porque somos uns representantes do pobo. Eles son os que mandan, señorías, eles son os que deciden, eles son os donos das actas que momentaneamente nós representamos. Non é razoable, en consecuencia, facer este tipo de comentarios, dígollo con normalidade. Por iso penso que debería vostede pedir desculpas á Cámara. Pero esa é unha cuestión que a vostede lle corresponde.

Mire, señoría, aínda que non se decatara aínda, Galicia respondeu claramente á política de *no es no*. Galicia non votou nunca *no es no*, Galicia votou «si». «En Galicia, si», os galegos entendérono perfectamente. E por iso non volvamos outra vez pensar que os galegos se equivocan votando. Os galegos acertan votando, señoría. Cando os galegos os votaron a vostedes nalgúns concellos —incluso nun gañaron, si, señoría, nun gañaron, noutros gobernan e non gañan, pero dá igual, nun gañaron—, nós nunca insultamos a xente porque os vote a vostedes, se a xente os vota a vostedes é porque é libre no seu voto. E, polo tanto, imos respectar sempre, sen ningunha dúbida, as propostas que vostede nos traslade, non teña vostede ningunha dúbida.

Vostede está orgulloso dos seus gobernos, paréceme ben. Vostede está orgulloso do goberno de Ferrol, paréceme ben. Dixo que o modelo municipal de Galicia era o modelo de Ferrol, paréceme ben. Todo o mundo sabe como está o goberno de Ferrol, pero se a vostede lle gusta... Está roto, señoría, con líos internos, e con líos no Partido Socialista e entre as Mareas e Podemos. Pero a vostede parécelle ben. ¿Hai algunha cuestión que poidamos aprender do Concello de Ferrol? Nós tomaríamos nota. Na Coruña, señoría, non sei exactamente en que consiste o goberno. Eu respecto moito o alcalde da Coruña, é unha persoa educada e cortés. Pero dicir que hai que tomar nota do Concello da Coruña... Con todos os respectos, señoría, o único que escoitei ultimamente do Concello da Coruña é que o Partido Socialista quere entrar no Goberno do Concello da Coruña. Será porque o Partido Socialista descubriu que en Ferrol a mellor forma de facer oposición é estar no Goberno de En Marea. *(Aplausos.)* Será por iso, señoría, porque non entendo moi ben exactamente cal é o obxectivo fundamental disto.

Mire, señoría, parafraseando ao primeiro edil de Santiago, ás veces hai un discurso fácil e outras hai a realidade. Efectivamente, ás veces hai un discurso fácil pero outras hai a realidade, e agora vostedes están na realidade.

Imos seguir traballando, se lles parece. Certamente, non puiden apuntar as propostas súas. Si me chamou a atención a crítica sobre a débeda, non é a primeira vez que a fan. Vostedes seguen traballando coa mesma política económica que traballou AGE. Non foi francamente moi exitosa desde o punto de vista económico. Desde o punto de vista electoral foi menos do que se esperaba, pero certamente tiveron vostedes máis éxito que outros partidos políticos. Pero, certamente, señoría, ¿que se nos critica? A proposta de AGE nos presupostos da Xunta de Galicia sempre é subir a débeda pública, e despois sempre reclaman que incrementamos a débeda pública. ¿Exactamente cal é a proposta? Dígoo para coordinarnos, señoría.

Mire, denunciar aquí e condenar persoas que están denunciadas por calquera cidadán nun xulgado non creo que iso sexa unha boa intervención, señor Villares. Porque supoño que moitos xuíces e maxistrados se estarán preguntando como é posible que alguén, antes de que finalice un xuízo, xa teña ditada unha condena. Hai 3.577 pacientes tratados da hepatite C en Galicia, somos a segunda comunidade autónoma de España con maior tratamento con base na poboación afectada. Galicia leva investido 130 millóns de euros na hepatite C e vai seguir traballando na hepatite C. Polo tanto, creo que tamén foi unha ocasión perdida para axustar razoablemente esa forma de expresarse. *(Aplausos.)*

Mire, tomei nota, di que os empregados públicos baixaron 11.000 en sanidade e 5.000 en educación. Voulle ler exactamente a plantilla do Servizo Galego de Saúde pechada a finais de 2015: 86.108 efectivos. Cando cheguei á Xunta de Galicia había 86.858, é dicir, baixamos o 0,9 %, aproximadamente 600 efectivos. ¿Como se pode dicir nunha Cámara que diminuímos 11.000 profesionais da sanidade e 5.000 profesionais de educación cando durante oito anos a estabilidade na plantilla da Xunta de Galicia foi a liña fundamental? Non houbo despedimentos de empregados públicos, non houbo redución da xornada de persoal interino, é a comunidade autónoma que mantivo máis estable a plantilla. Iso si, señoría, pedímoslles un grande esforzo económico aos empregados públicos de Galicia, e participaron máis que calquera no mantemento dos servizos públicos esenciais, poñendo parte do seu soldo a favor dos servizos públicos esenciais. Eu nunca llelo agradecerei o suficiente, porque sei perfec-

tamente que un empregado público que entrega boa parte da paga extraordinaria para financiar os hospitais, a educación e os servizos sociais merece un respecto do Goberno, empezando polo seu presidente. *(Aplausos.)* Claro que si, señoría, ímolo facer.

Mire, señoría, supoño que vostede coñece ben a plantilla da xustiza, polo menos na Comunidade Autónoma. E supoño que vostede non me emendará se lle digo que hai 260 empregados máis na xustiza da Comunidade Autónoma desde o ano 2009 ao ano 2015, 260 funcionarios máis, 39 unidades, concretamente 15 novos xulgados, e 19 novas prazas de magistrado. E que estamos investindo na Administración de xustiza máis ca nunca, máis ca ningún outro goberno.

Dicir que non coidamos os servizos públicos, señor Villares, con todo o respecto, creo que é simplemente faltar á verdade. ¿Imos seguir traballando polos servizos públicos? A resposta é que si. Imos seguir traballando polo servizos públicos, por suposto que si. E o emprego e os servizos públicos van ser fundamentais. E por iso á voceira do BNG lle agradecín que, se estamos de acordo nas prioridades, avancemos. Se a prioridade é Galicia e os servizos públicos, avanzaremos. Supoño que vostede quererá avanzar se estamos de acordo en algo. Iso é o que espero, e espero, señoría, que non me desdiga durante estes catro anos.

Mire, señoría, con todos os respectos —e vou finalizando— dicir que na ordenación do territorio fixemos as cousas ao revés. Pero, señor Villares, di vostede que o primeiro que hai que facer en ordenación do territorio é aprobar as directrices de ordenación do territorio. ¿Pero non sabe vostede que están aprobadas? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Non, señoría, o primeiro que fixemos foi empezar polo principio. O primeiro, as Directrices de ordenación do territorio; o segundo, o Plan do litoral; o terceiro, o Atlas da paisaxe; o cuarto, a Lei do solo; o quinto, o regulamento da Lei do solo; e sexto, unha nova lei de ordenación do territorio, porque leva vinte e cinco anos e temos que reformala. *(Aplausos.)* Señoría, iso é exactamente o que fixemos. ¡Como imos facer ao revés se o que fixemos foi o principio!

Señoría, dicir que non temos compromisos coa inclusión social... Sabe vostede que temos compromisos coa inclusión social, moitísimos compromisos coa inclusión social. E o problema, señoría, é que aínda hai demanda na inclusión social, ese é o problema que ten o país. Pero non que non respondamos. O conselleiro de Política Social e mais eu, que o presencié, asinamos coas 26 ONG da pobreza e da exclusión social en Galicia unha axenda social única para o país, na que estaban os concellos, estaba o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, a Xunta de Galicia, as ONG e nós. A inclusión social, señoría, incrementou o presuposto desde que son presidente da Xunta nun 47,2 %. Partindo dun presuposto de 66 millóns de euros, estamos a piques de conseguir os 100 millóns de euros, exactamente 97,8. O ticket eléctrico, evitar cortes de subministración de luz, axuda a material escolar, programa de intervención coa infancia e a súa familia, o censo de vivendas baleiras... ¿Por que vostedes non queren apoiar estas iniciativas nalgúns dos concellos seus? ¿Por que, señoría?

Di vostede que un exemplo da renda de integración social é o que fai o Concello da Coruña. Eu volvo reiterar o respecto cara ao Concello da Coruña, pero permítame que lle recorde os datos. Mire, o Concello da Coruña aprobou unha partida de 2 millóns de euros, 2,1, para a

renda de integración social. ¿Sabe o que acaba de facer esta semana ou a semana anterior? Baixar de 2,1 millóns a 300.000 euros. ¿Esta é a renda de integración social que vostede me propón? A Xunta de Galicia incrementa a renda de integración social, A Coruña baixa a renda de integración social, e ¿esta é a proposta que nos propón, señoría? ¿Sabe por que baixou a renda? Porque a Xunta de Galicia cobre a renda de integración social na comunidade autónoma. É certo que a modificación presupostaría atender ao dato —segundo me din, insisto— de mellorar as débedas que ten con Emalcsa e a comprar bicicletas. Non entro nesas prioridades. Señoría, non ría. Iso é o que aprobou o Concello da Coruña. Polo tanto, creo que ese tipo de cousas ben vale a pena traelas a colación, porque non é razoable que se nos diga que non coidamos dos que menos teñen.

Díxeno e está escrito: a primeira preocupación son os que peor o están pasando, a segunda preocupación é loitar contra a erradicación da violencia machista e a terceira preocupación é ter conta da xente que está enferma e que ten dificultades, e tamén dos emigrantes que viven fóra do país, especialmente os que viven en Venezuela. Esas foron exactamente as tres prioridades que plantexei no discurso de investidura, as tres, señoría, por esa orde.

Imos, en todo caso, traballar. Non temos máis interese, pódollo asegurar, que acertar. E eu espero que, segundo vaíamos comentando e dialogando, nos poñamos de acordo, e que, se se trata de falar dos problemas de Galicia, esteamos de acordo; se se trata de plantexar cuestións que atenten contra as maiorías, contra a liberdade ou contra a forma de ser dos galegos, aí probablemente discrepemos.

Señorías, finalizo. Eu escoitei os discursos o máis atento que puideron e respondín coa maior concreción que puideron a cada unha das cuestións e os comentarios que vostedes me plantexan. Dánon a impresión a moitos dos que estamos nesta Cámara —e aproveito para agradecer a presenza na tribuna— que vostedes fixeron un discurso que xa o tiñan pensado, que xa o tiñan pensado dixera o que dixera o martes, e que incluso o tiñan pensado antes das eleccións con independencia do resultado. Pero esa é unha cuestión que eu non podo en ningún caso concretar, e eu creo que sinceramente por aí non imos ben.

Fixemos propostas concretas, a verdade é que si. Falamos dunha nova lei de emprego e concretamos entre 80.000 e 100.000 postos de traballo. Falamos de se hai máis medidas que poidan facer de Galicia un mellor lugar para os autónomos, e concretámolas: tarifa plana un ano máis que no resto de España. Señorías, iso ten unha extraordinaria importancia económica, unha tarifa plana para un autónomo, para unha muller ou para un home, un ano máis que no resto de España.

Señorías, falamos do rural, claro que falamos do rural. E vostedes dinme que eu falei do rural hai catro anos. ¿É que acaso un presidente da Xunta non debe falar do rural cada vez que ten ocasión de dirixirse aos galegos? ¿É que acaso, señorías, hoxe por hoxe non podemos dicir que se incrementaron as vendas do peixe da baixura e do marisqueo en Galicia máis ca nunca? ¿É que acaso non podemos dicir que cando chegamos á Xunta perderamos un 44 % de cota de pesca e agora a incrementamos un 13 % nos últimos anos? ¿É que acaso, señorías, non podemos dicir que temos proxectos no sector lácteo de comercialización e de transformación que son toda unha esperanza para o país?

Falamos da rehabilitación, da rehabilitación das nosas vilas. Falamos da Lei de cascos históricos. Falamos do futuro dos servizos públicos, si, da sanidade pública, da educación pública, dos servizos sociais públicos. Señorías, claro que falamos da cronicidade, claro que falamos da atención a domicilio, claro que falamos de construír, de finalizar a construción dun novo Servizo Galego de Saúde cos hospitais novos que nos faltan para que o cen por cento dos galegos poidan ter un hospital ao seu carón. Falamos da infancia e dos maiores, porque empeza todo aí, na infancia e nos maiores. Falamos da demografía, e agradezo as aportacións do portavoz do Partido Socialista de Galicia.

Señorías, pero falemos en serio e falemos con humildade. ¿Temos problemas? Por suposto. A maioría absoluta non a entendo como unha escusa para presentarme aquí tendo a razón absoluta, en ningún caso. Díxeno e reitéroo: equívocome moitas veces, dubido moitas veces, pero creo que ás veces acertamos. E por iso me sorprende escoitar aquí algúns plantexamentos que consisten en non acordar practicamente nada nalgunhas materias. Pero se as maiorías dubidan porque queren acertar, ¿como é posible que as minorías non acepten nin sequera discutir e a posibilidade de acordar en moitas materias coa maioría?

Señor Villares —vou rematando—, dixo vostede o outro día que sobre un mal diagnóstico non se poden apoiar boas receitas. É verdade, ten razón. ¿Coincidimos no diagnóstico de que nós gañamos as eleccións e vostedes as perderon? *(Risos.) (Murmurios.)* Coincidimos plenamente. Entón ¿que lle fai pensar que vostedes acertan sempre e que nós erramos sempre? *(Risos.)* ¿Verdade que o diagnóstico no que coincidimos non pode levar a estas conclusións? Porque, se non, é como dicirlles a todos os galegos que están equivocados salvo os que votaron polo seu grupo. E iso, como vostede comprenderá, para un demócrata coma vostede que defende o Estado de dereito, pois non pode ser de ningún xeito, por moito que lle pidan que o diga. Non se pode dicir. *(Aplausos.)*

Señor Leiceaga, vostede pertence a un partido que ten unha longa historia no país. Efectivamente, vinte e dous anos de goberno en España. Polo tanto, vostede pertence a un partido que ten un importantísimo pasado no noso país. E a min gustaríame que vostede siga nun partido que ten un importantísimo futuro no noso país, porque creo que é bo para o país. E na súa intervención decateime de que vostede quere apostar polo futuro do seu partido e paréceme moi ben. Porque a diagnose que fixo da economía é a diagnose máis acertada de todas as intervencións, por suposto excluída a do profesor Puy, que falou con datos e vostede falou con certos plantexamentos partidistas. O señor Puy trouxo datos á Cámara, señoría, e lamentablemente creo que vostede está de acordo comigo en que, se baixamos 79.900 o número de persoas rexistradas no paro, é un bo dato; en que, se Galicia é a cuarta comunidade autónoma que máis baixou o paro, é un bo dato; en que se temos unha EPA do 16,3 %, dous puntos longos por debaixo da de España, non é un mal dato.

E, señora Pontón, eu comprendo que perderon por menos do que se esperaba. Iso ninguén o discute. Pero o que non parece razoable é que iso signifique que gañaran. Porque, señora Pontón, con toda a cordialidade, sabe que me alegro moito de que vostede sexa voceira do BNG. Pero do mesmo xeito vostede ten que recoñecer que Galicia non é nacionalista. ¿Sabe por que? Porque os galegos temos criterio propio, señoría, e os galegos nunca fomos nacionalistas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non... Mire, simplemente aínda

que só fora porque nos gusta botar as contas ben, sen trampas, a nós non nos interesa un nacionalismo excluín-te, non nos interesa, señora Pontón. Pero, desde logo, a min si me interesa unha portavoz do BNG que non sexa excluín-te co grupo da maioría, porque iso suporía poder chegar a acordos. Como chegamos, señoría. Porque teño que recoñecer que o BNG apoiou a proposta inicial nas caixas, teño que recoñecelo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Moitas grazas, señoría, por recoñecer que foi o Partido Popular o que apoiou ao BNG. Agradézollo moito, señoría, para que vexa que non hai ningún apriorismo de ningún tipo, señoría, ningún apriorismo. (*Aplausos.*) Se o BNG quere traer propostas para a viabilidade dos servizos públicos, terá aquí un fiel seguidor.

Miren, señorías, remato definitivamente. En fin, aquí todo o mundo defende a democracia, pero hai algúns partidos que rifan á xente. Rifan á xente e consideran que, cando a xente vota, a xente se equivoca. Galicia non se equivoca nunca e hai que obrigar a unha cousa a todos os que empezamos a lexislatura: a respectar as decisións de Galicia. Eu respecto a Galicia, a toda Galicia, á Galicia da maioría que nos votou, por suposto, pero tamén ás distintas minorías que votaron ao resto dos partidos políticos. Fagamos todos o mesmo. Traballemos xuntos. Respectemos, señorías, os resultados electorais, como hoxe quedou patente na Cámara. De momento, certamente, a percepción da vontade de cooperación, con maior ou menor intensidade, estou percibíndoa. Gustaríame non equivocarme.

Miren, o importante non é o meu futuro, para nada. O importante non é quen de vós lidera a oposición. Iso irase decantando. E o importante tampouco creo que sexa estar preocupado por se van liderar as correspondentes forzas políticas ás que representan. Iso non é importante. O importante é o país, o importante é Galicia. O importante non é falar de nós, é falar da xente que nos escoita. E aquí estamos por Galicia. Pídlles que durante esta lexislatura non o esquezamos. E por iso lle agradezo moi especialmente ao grupo parlamentario ao que teño a honra de pertencer, primeiro, que me apoiara durante todos estes anos, e, espero, o seu apoio durante esta tarde. Aquí, na política, nin o grupo maioritario nin os grupos da minoría nin o candidato teñen maior relevancia, todos estamos de paso, todos. O que permanece é o país. Pensemos menos en votos —xa está decidido o balance, señor Leiceaga, o balance está xa xulgado—, pensemos menos en votos e pensemos máis en persoas. (*Aplausos.*) O que importa, señorías, non é o candidato á Presidencia da Xunta, o que importa non son os deputados e as deputadas que durante un tempo estamos na Cámara. O que importa, señorías, é Galicia.

Moitísimas grazas. (*Fortes aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor candidato, señor Núñez Feijóo.

Suspendemos a sesión ata as 17.00 horas.

Boa tarde.

*Suspéndese a sesión ás tres e once minutos da tarde e retómase ás cinco.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde, señorías.

Reanudamos a sesión.

Corresponde agora a rolda de réplica dos grupos parlamentarios, por un tempo de dez minutos cada un, conforme o recollido no artigo 136 do Regulamento.

Antes de proceder, teño a ben anunciarlles que, en cumprimento do disposto no artigo 136 do Regulamento, tras o debate, a votación se levará a efecto, como dixen, arredor das 18.30 h., sen prexuízo de que as incidencias da sesión obriguen a sinalar unha nova hora para a votación.

A votación será pública, farase o chamamento por orde alfabética do primeiro apelido, comezando polo deputado ou deputada cuxo nome sexa sacado a sorte, agás os membros do Goberno en funcións e mais os da Mesa da Cámara, que votarán ao final.

As súas señorías responderán dende o propio escano: si, non ou abstención. O candidato será elixido se obtén os votos da maioría absoluta. Esta elección comportará a aprobación do programa de goberno, artigo 136 do Regulamento.

Comezamos, polo tanto, agora, coa réplica dos grupos parlamentarios. Ten, en primeiro lugar, a palabra a portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón Mondelo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moi boa tarde, señorías.

Señor Feijóo, díxenllo hoxe pola mañá e quero repetilo, nós non imos entrar nunca na descalificación persoal, tampouco na manipulación das palabras que facemos ou que faga vostede nesta Cámara. E insisto, eu agardo que vostede, como presidente dos galegos e das galegas, empece a respectar a oposición e a asumir que hai galegos e galegas que non pensamos como vostede. Creo que iso sería un paso adiante, e agardo, tamén, que na vindeira lexislatura non se siga asfixiando a democracia cunha maioría parlamentaria que nas cuestións relevantes, en moitas ocasións, impediu que puideramos cumprir coa nosa función de controlar o Executivo.

Teño que dicirlle, tamén, que lamento que lle moleste que falemos de violencia machista. Podemos falar de violencia machista, podemos falar de violencia de xénero... Se quere chamarlle polo seu nome, nós seguimos propoñendo que por lei se recoñeza que iso é un feminicidio, porque é o que está pasando coas mulleres neste país. *(Aplausos.)*

E non entendo que lle moleste, ou que lle molestara pola mañá, que fixeramos alusións a que non nos parece normal que ante un asunto que está afectando a vida de tantas mulleres a un dereito fundamental, como é poder vivir sen violencia, lle recriminemos que iso non merecera un apartado específico na súa intervención como candidato a presidente.

Pero é que o máis grave, señor Feijóo, é que na súa resposta —non sei se decatou— non foi capaz de dicirnos nin unha soa medida que puxera en marcha o seu Goberno; porque hai axudas paras as vítimas de violencia de xénero, porque no 2009 o Bipartito puxo en marcha unha lei

que garante que existan esas axudas, señor Núñez Feijóo, e porque durante estes anos —durante estes últimos anos— o seu Goberno cumpriu as leis, pero é evidente que as leis non serven, e o único paso adiante que se deu nesa materia foi unha iniciativa que propuxo o Grupo do BNG, precisamente, para garantir que calquera muller que necesite esas axudas para poder romper co círculo da violencia non teña que estar meses e meses esperando.

Polo tanto, señor Núñez Feijóo, nós seguimos coa man tendida a calquera grupo, a calquera iniciativa, para que, realmente, haxa solucións e alternativas, porque é evidente que non chega co que se ten feito para loitar contra a violencia de xénero, para loitar contra este feminicidio. E nós pensamos que hai que revisar o marco e que hai que poñer en marcha máis medidas, máis recursos e, sobre todo, prazos e obxectivos.

Eu estou segura de que se vostede ten un firme compromiso contra o machismo, na súa segunda intervención vai aproveitar para dicirnos que pon fin a financiar con cartos públicos centros que segregan o alumnado polo seu sexo, porque iso é un apartheid que en pleno século XXI non pode existir, e moito menos, señor Feijóo, financiar con cartos públicos a desigualdade.

Eu tamén lle recoñecín na miña primeira intervención que vostede é un gran propagandista, e o slogan de «Primeiro Galiza», efectivamente, é un gran slogan, señor Núñez Feijóo, o que pasa é que vostede leva oito anos perdendo oportunidades de demostrarnos con feitos que o primeiro é Galiza.

Falou na súa intervención dun tema que é o exemplo claro de como vostede á hora da verdade traizo a os intereses deste país e antepón os intereses do seu partido, ou outros intereses non tan claros.

Voulle poñer un exemplo, falou vostede del, o tema das caixas. Señor Feijóo, claro que chegamos a un acordo, por certo, sobre unha lei que propuxo o BNG, non sobre unha lei que propuxera o Goberno para cambiar a Lei de caixas, cambiar o seu funcionamento e blindar as caixas ao servizo deste país.

Non sei se lembra o que fixo vostede. O que fixo vostede foi paralizar a aplicación desa lei para blindar os ex-directivos das caixas, que aproveitaron —por certo— ese tempo extra para blindar esas indemnizacións, e ao final vostede levou adiante unha operación que o que produciu foi a desaparición das caixas deste país e a desaparición do poder financeiro galego.

Outros territorios aos que vostede critica porque teñen aspiración e ambición, como Euskadi ou Cataluña, mantiveron o seu sistema financeiro. Vostede foi cómplice da venda de Novagalicia Banca nun proceso absolutamente ruinoso. Señor Núñez Feijóo, ¿está disposto a que investiguemos esa venda? Ou, ¿pode vostede dicirnos que gañou Galiza? ¿Como defendeu os intereses de Galiza neste caso? Moito mellor nos iría aos galegos e galegas se vostede tivera ambición de país como teñen en Euskadi ou como teñen en Cataluña. *(Aplausos.)*

Falounos tamén de financiamento, e eu aquí digo: é que manda truco. Ou sexa, vostede criticounos a nós cando foi quen asinou un pacto de financiamento co Goberno de ZP que nós xa lle dixemos que era un mal negocio para Galiza, e agora o que vén aquí é dicirnos



que o que quere é seguir mantendo o mesmo modelo, que non defende un modelo propio para o noso país.

Vostede non quere autonomía fiscal plena, vostede non quere unha facenda galega propia, vostede quere manter o actual *statu quo*, que o que lle permite é, precisamente, ao señor Montoro dicir se en Galiza hai que recortar na sanidade, na educación ou na Lei da dependencia.

Desde o BNG queremos cambiar iso. Para cambiar o modelo da dependencia teranos para tender a man; para seguir mantendo este modelo, que é absolutamente ruinoso para este país, nós, desde logo, non imos colaborar.

Lamento que siga minimizando o problema da emigración. Nós non estamos falando de que volvan as terceiras xeracións de fillos de xente que emigrou deste país. Estamos falando de os galegos e galegas que marcharon onte, que tiveron que coller as maletas porque aquí non había oportunidades, teñan unha ocasión de retornar.

As cifras oficiais, que tanto lle gusta a vostede nomear, din que en Galiza na última lexislatura desapareceron 100.000 persoas menores de trinta e cinco anos da poboación activa. Lea os datos, señor Núñez Feijóo: 100.000 mozos e mozas menos neste país que tiveron que marchar pola falta de oportunidades. ¿A vostede isto non lle parece un grave problema para Galiza? Se isto non lle parece un grave problema para Galiza, é que non quere ver cal é a realidade deste país.

Sorpréndeme, señor Núñez Feijóo, o seu silencio coa AP-9. É sorprendente que ante un asunto que afecta tanto a xente deste país, a economía, as persoas, que pon en risco mesmo a vida da xente —porque hai moitas persoas que non se poden permitir o luxo de ir pola AP-9 e teñen que ir por vías moito máis inseguras—, cando o Goberno do Estado lle dá un plantón a Galiza, vostede se poña de perfil, como se ese problema non existira.

¿Está disposto, señor Núñez Feijóo, como militante de Galiza, a defender que poñamos en marcha un grande acordo para acabar con esa estafa legal que supón a AP-9? Agardo, señor Núñez Feijóo, a súa resposta.

Tamén nos falou aquí —e isto si que xa me pareceu de nota— das POL e das DOT, falounos aquí das directrices de ordenación do territorio e do Plan de ordenación do litoral. ¿Vostede coñece o que poñen eses documentos? ¿Sabe que neses documentos se di que Ence ten que estar fóra da ría de Pontevedra? ¿Que vai defender vostede, señor Feijóo?, ¿a prórroga dese goberno do señor Rajoy que di que Ence vai seguir contaminando a ría de Pontevedra?, ¿ou vai defender as súas directrices de ordenación do territorio, nas que dicía que tiñan que saír da ría de Pontevedra? Estaría ben que nolo aclarara, para saber como entende vostede iso que chama «ser militante de Galiza».

E mire, sobre a lingua. Teño moi pouco tempo. Por nós non hai ningún problema, pode vostede apropiarse dela. Non hai absolutamente ningún problema. Aprópiase dela todos e cada un dos días da súa vida. E se realmente ama tanto o noso idioma, levante esa prohibición

que impide que as matemáticas, señor Núñez Feijóo, se poidan ensinar en galego na Galiza. Levante a prohibición de que se poidan impartir matemáticas en galego.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Tampouco me contestou a unha pregunta que era moi importante: se non hai crise, ¿por que hai recortes? Vólvolla repetir: se xa non hai crise, ¿por que hai recortes?

¿Quere un pacto polos servizos públicos? Rescatemos a sanidade pública, a empezar polo hospital de Vigo. Eliminemos os repagos dos medicamentos que seguen pagando moitas familias neste país.

Repoña todo o profesorado e os médicos que recortou durante estes anos e, realmente, do temos de fondos a Lei da dependencia.

E mire, en dez minutos non dá tempo a todo, pero ten que entender que non podemos crer na súa palabra, xa llo dixen na miña primeira intervención. ¿Como imos crer que agora di a verdade cando afirma que vai crear 100.000 postos de traballo? ¿Que razón temos para crelo?

Isto non é ningún xornal, isto é información oficial da Xunta de Galiza: «Feijóo afirma que, coa resolución do concurso eólico de Galiza, haberá o maior plan industrial da historia, cun investimento de 6.000 millóns de euros e 12.000 empregos». ¿Onde está este emprego, señor Feijóo?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** «Ourense acollerá unha fábrica de vehículos eléctricos que creará un millar de empregos». Tamén foi un anuncio do seu Goberno. ¿Onde están estes empregos que vostede prometeu crear en Ourense, señor Feijóo? ¿Por que temos que crelo agora? ¿Que cambiou?

De verdade, señor Feijóo, despois de todo o que vostede nos dixo, do que lle lembramos hoxe, ¿cre que temos algún motivo para crer na súa palabra? ¿Que razón temos para crer na súa palabra? Díganolo.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Remato, señor presidente.

Nós, desde logo, non imos apoiar o candidato do Partido Popular. Síntoo, señor Núñez Feijóo, pero vostede non nos representa. Non imos absternos, porque non hai ningunha razón que nos leve a traizoar o noso programa e as persoas que nos votaron. O noso voto vai ser negativo, porque non imos branquear a corrupción do Partido Popular nin a mentira, nin as privatizacións, nin o sufrimento, nin a dor de tantas persoas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón. Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** E dígolles a todas as persoas que senten o desalento que aquí seguimos coa man tendida para construír a Galiza que queremos e soñamos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Boas tardes, señor presidente.

Señorías.

Señor candidato, a verdade é que hai amores que matan, señor Feijóo. (*Risos.*) Dígollo por esas palabras tan amables que dedicou ao noso partido e a min mesmo. En fin, a verdade é que os electores non deron oportunidade —felizmente para vostede— de que nós tiveramos que decidir se vostede é o presidente ou non. En todo caso, sabe que para que puideramos ter sequera que decidir se absternos, primeiro tería que ter unha investidura fallida. (*Aplausos.*) Non sei se está vostede disposto a iso. En fin, sempre se pode intentar, ¿non?

A verdade é que a retórica da unidade —vímolo onte co futuro presidente de Estados Unidos, Donald Trump, a pesar dunha campaña tan divisiva, ao final fai un chamamento a que as feridas se pechen e a volver á unidade— é lóxico que a faga quen aspira a gobernar para todos os galegos.

O que pasa é que eu creo que nós temos a obriga, como partido que imos estar na oposición nesta Cámara, de ver se detrás desa retórica hai algo consistente ou ben se temos simplemente unha cáscara baleira que cando a abres non hai nada dentro, e levamos unha sorpresa.

Para iso, o mellor sitio para comprobalo é este Parlamento, como lle dicía na miña intervención. E hai moitas fórmulas. Eu propuxen dúas comisións parlamentarias. Unha delas sobre o financiamento autonómico —sei que temos coincidencias nese tema—. Vostedes cambiaron de opinión, e parécese ben. O modelo do ano 2009 foi moi criticado, aínda que despois, finalmente, a Xunta de Galicia votou a favor dese modelo cando foi posto enriba da mesa, como ben sabe vostede. Pero sobre todo eu escoito nos últimos días, en moitos lugares, o señor conselleiro dicir —o conselleiro en funcións— que a súa posición, en realidade, é que non se movan demasiado as cousas, que as cousas sigan como están, porque, seguramente, os resultados dese modelo non son tan malos para Galiza como vostede proclama.

O modelo, entre outras cousas, incorpora xa unha consideración da dispersión e do avellentamento, unha consideración importante. O modelo incorpora xa a progresividade. O único elemento importante do seu modelo é a progresividade, e xa está, ¡xa está!

Hai un grao de apoio moi importante ás comunidades con menos recursos. ¿Pódese ir máis alá? Por suposto. Eu fágolle..., non é un reto, pero si, digamos, tenderlle a man para ir un pouco máis alá. Defendamos todos que a posición relativa de Galicia en termos de financiamento por

habitante non retroceda. ¿Ese sería un reto interesante? ¿Sería un bo reto para defender entre todos? En todo caso, constituamos a comisión e traballemos xuntos nesa dirección.

A outra comisión que lle dicía é a do sector eólico. Vostede é experto en utilizar diversas cifras, pero eu a que lle daba é a de megavatios instalados como consecuencia do seu concurso eólico, ¡do seu concurso eólico! ¿Cantos megavatios instalados hai, derivados do seu concurso eólico? Porque leva oito anos gobernando, ¡oito anos!, non leva seis meses. Entón, ten que ser responsable e facer balance das súas decisións. ¿Cantos megavatios instalados hai derivados do seu concurso eólico, non de autorizacións doutros gobernos ou de autorizacións deste Goberno pero con base en resolucións previas? Iso é o que ten que dicirme, e xa o comprobaremos. Xa comprobaremos despois onde están estas cousas.

Ademais das comisións, están as tramitacións de plans no Parlamento. Vostede citou algún, páreceme ben. Podemos discutir aquí, e espero que así sexa, o de transporte, o dos autónomos, o plan de impulso do galego no sector da mocidade, e algúns outros, as estratexia ambientais e para o cambio climático, e estas cousas. Espero que nesa proposta de darlle un novo papel á Cámara e de facer que o consenso prevaleza, sexa capaz de trasladar eses plans ao Parlamento, que poidamos discutilos, que poidamos melloralos e que, ao final, sexan plans de todos.

E logo, formulación de posicións en temas centrais, dous ou tres. O AVE —o control e seguimento do AVE—. A AP-9, porque hai unha proposición de lei, dirixida ao Congreso dos Deputados, que foi aprobada por todos os grupos da Cámara e que está nunha posición delicada nestes momentos na súa tramitación no Congreso dos Deputados. Rescatémola co esforzo de todos e consigamos que saia adiante, como primeiro paso, para poder despois discutir que facemos coas peaxes. E hai algunha outra cuestión importante. En fin, as reválidas, das que falamos antes.

Claro, está moi ben dicir que non somos do Partido Popular, que nós somos de Galicia, pero despois, á hora de verdade, eu vexo que neste tema vostedes están seguindo as directrices do partido. Cando, ademais, o que escoitamos por aí —incluso dende as súas filas— é que en realidade están de acordo en que isto non é posible, que hai que cargarse este sistema, que hai que volver ao de atrás e que hai que darse un tempo para pensalo mellor.

Pois se iso é así, fágano, aínda en contra do seu partido, porque estarán a favor dos galegos. Iso é o que significa ser militante de Galicia, se tomamos as palabra en serio.

E despois, en fin, non vou discutir todos os datos porque non teño tempo, pero si imos discutir un, simplemente un. Este é o gráfico que expresa o número de nacementos en Galicia dende 1990 ata hoxe. Inicio do señor Fraga. Aquí, máis ou menos, no ano 2004 temos onde o deixa o señor Fraga: 20.000 nacementos. Aquí temos o último ano do señor Touriño, 23.175; por iso eu esta mañá lle dicía que non era entre 19.000 e 22.000, senón que eran 23.175 no último ano do señor Touriño. E aquí está, onde de momento o deixa vostede, que son 19.412.

Por tanto, durante os anos de Touriño, ascenso continuado; durante os anos de Feijóo, caída continuada. (*Aplausos.*) E vostede di... Non, espere, espere... ¿Isto ten que ver co Go-

berno? Non completamente. ¿Quen pode dicir que isto se debe só ao Goberno? Pero é que, se o Goberno non ten nada que ver, ¿para que facemos plans? Se a acción política sobre isto non ten influencia, ¿para que imos discutir sobre demografía na Cámara? Só discutimos sobre demografía porque isto ten influencia, porque se non ten ningunha influencia, ¿que pintamos aquí?

Por tanto, non podemos darlle todo o crédito ás accións do Goberno, ten que ver co crecemento económico, coa creación de emprego, con todas estas cousas, efectivamente, pero algún crédito debemos darlle. Se non, olvidémonos do plan, non dediquemos nada a isto, fagamos outras cousas, porque se vostedes non cren na acción derivada dos plans de revitalización demográfica, non gastemos diñeiro niso.

Cuantificación dos compromisos. Sería importante. Xa sei que vostede vai dicir: isto imos facelo a través dos orzamentos. Onte escoitei que era unha gran noticia que se comprometían a traer os orzamentos do 2017 rápido á Cámara. ¡Home, o raro sería que non o fixeran, tendo maioría absoluta como teñen! Pero, en todo caso —imos poder discutilo aí, efectivamente—, si os grandes rasgos. Porque eu vexo que recuperar o poder adquisitivo dos funcionarios, iso vai comprometer, aproximadamente, a marxe de exercicio e medio destes catro. Reducir os impostos, vostede dixo que ía ser máis importante que nesta lexislatura, ¿comprometemos a marxe dun exercicio presupostario? E para todo o demais, que fixo vostede anuncios repetidos como a lexislatura do medio rural, que imos facer non sei cantas cousas máis..., vainos quedar unha marxe moi limitada.

Por tanto, deberíamos, polo menos, dicir algo sobre as grandes cifras, ¿non? Por exemplo, nos impostos vostede citou unha referencia aos impostos no rural. ¿Hai algo máis? Estaría ben saber de que estamos falando, porque só sobre a base da concreción podemos avaliar sequera a súa proposta. Porque ao mellor estamos de acordo e ao mellor non, dependerá de como o fagan.

E o compromiso con Galicia, a verdade é que se resume en varias cousas. Resúmese nun compromiso en relación coa lingua. Resúmese nun compromiso en relación coa cultura. Resúmese nun compromiso en relación co autogoberno. Porque vostede dixo onte: é o Parlamento, a lingua, unha terra, unha cultura...

O Parlamento, efectivamente, tamén ten que ver co autogoberno, co contido do autogoberno. Home, o señor Puy...

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por faor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ...o profesor Puy, case se me vai a cabeza, ía dicir o sucesor Puy, despois do ben que foi acollido o seu discurso pola bancada popular... (*Aplausos*) Pero non, non, é simplemente que se me foi a cabeza. O profesor Puy fixo unha boa intervención dicindo: ¡Home!, se ao final o autogoberno e a AP-9... ¿De que estamos falando? Non, pero o autogoberno, vostede o sabe, é o tráfico, é a policía, é a Inspección de Traballo, é a xestión do litoral... Son moitas outras cousas que están pendentes, non tan importantes como as que tivemos, pero que teñen o seu peso.

Por tanto, se falamos en serio... E sobre todas estas cousas nalgún momento o señor Núñez Feijóo dixo que estaba de acordo e defendeu que viñeran a Galicia. Pois é o momento de que, ademais de estar de acordo, como ten grande influencia en España, consiga que o Partido Popular diga que si e poidamos completar o noso autogoberno e estar á altura doutras comunidades autónomas. Nós no autogoberno falamos, efectivamente, de benestar, dos cidadáns, falamos de intervir na economía para facer que o sector industrial teña máis potencia, falamos dos sectores primarios. Temos unha concepción civil do autogoberno, non é puramente de identidade, pero a identidade tamén é importante, señor Núñez Feijóo, e debería...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ...estar a favor diso.

De novo, a nosa posición non variou; imos dicir que non á súa investidura. Pero, como lle dicía esta mañá, estamos dispostos a tender a man en moitos temas, a colaborar noutros e a opoñernos cando sexa necesario. Estamos dispostos a ser unha oposición seria, construtiva e leal que traballe a favor da cidadanía de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Coa venia, señor presidente.

Das respostas que deu o candidato popular seguimos botando en falta moitas que poderían clarificar como poderíamos mellorar o Goberno e a situación do noso país e da cidadanía, da nosa xente, xa que ese é o mandato que temos todas e todos aquí.

Para empezar, en relación co autogoberno, dixemos e seguimos botando en falta un maior compromiso..., un maior compromiso non, un compromiso por parte do candidato popular co autogoberno e unha defensa, evidentemente, da ampliación das competencias e do desenvolvemento completo do Estatuto de autonomía. E, en segundo lugar, relacionado con iso, todas as transferencias que son posibles en virtude do artigo 150 da Constitución, que aínda non foron transferidas, algunhas das cales xa as expuxemos antes, das que non recibimos resposta de ningún tipo, e, como dixemos, parécenos absolutamente insuficiente, moi pouco ambicioso, por non dicir desinteresado completamente co país, o feito de non querer continuar coas transferencias, na medida en que poida pensar que iso significa ter máis capacidade de autoxestión, máis capacidade de autogoberno. Se o presidente do país non está preocupado por ter unha maior capacidade de autogoberno, pois non sabemos que clase de presidente para un país é este.

Con relación a iso, porque non é unha información menor e non é unha posición menor, seguimos reclamando nós tamén unha posición clara sobre financiamento autonómico. Creo que da xente, dos grupos que estivemos aquí representados, a nosa esta mañá foi ben clara;

a súa, non tanto. Vaguidades que, ademais, se concretaron en que durante os últimos catro anos, onde xa se podía ter negociado o novo sistema de financiamento e mentres tiñan vostedes o seu goberno amigo en Madrid, pois non fixeron nada para dar un paso adiante nese sentido. Polo tanto, unha perda de tempo e unha perda de oportunidade que non saberemos se se repetirá ou non.

En canto ás comisións de investigación, celebramos —xa o dixemos o outro día— a apertura ou que agora teñan a ben investigar o tema das caixas. Xa que van abrir o das caixas, deberían de abrir tamén os caixóns; deberían de abrílos e de poñer enriba da mesa —a ver se desta vez si— toda a documentación que tivo o Consello da Xunta cando autorizou a fusión das caixas e que non foi coñecida anteriormente por todo este Parlamento. Sería unha boa ocasión e un bo exercicio de transparencia. Talvez cheguen tarde, seguramente, porque o espolio do aforro dos galegos e das galegas non vai poder ser recuperado con esa comisión, pero si polo menos a satisfacción e o alivio da verdade, que sempre é algo importante.

Outra das cuestións tratadas esta mañá e á que vostede tamén se referiu na contestación foi o tema da débeda. Galicia é unha das comunidades autónomas que maior gasto público dedica ao seu pago, co que o gasto social se reduce en relación co resto do orzamento. Cumpriu co déficit, pero ¿cumpriu co gasto social?, ¿cumpriu coa xente? En absoluto. Agora o gasto é dun 16 % do PIB do gasto público e antes era do 3,4 %. En todo caso, xa llo dixemos noutras ocasións, en relación coa nosa propia política económica, o problema xa non é soamente o gasto, o problema, sobre todo, é o ingreso. Necesitamos impostos cos que financiar o gasto público e impostos que deben de se buscar alá onde existe riqueza e non en lugares diferentes. Por iso, as reducións lineais de impostos parécennos inxustas; por iso, negar a progresividade parécenos inxusto; por iso, que todo o mundo pague igual parécenos inxusto, porque non todo o mundo ten as mesmas posibilidades e non todo o mundo ten as mesmas oportunidades; por iso, queremos un sistema impositivo que tamén sexa progresivo.

Falou tamén así, brevemente, de defender —así, de pasada— os postos de traballo de Cee e de Dumbría. Gustaríanos que subise aquí e adquirise o compromiso con Ferroatlántica, cos seus traballadores e traballadoras, de non autorizar a venda despedazada do grupo, de non autorizar a venda das hidroeléctricas, de non autorizar a venda para que un fondo de investimento especule coa nosa propia auga e cos nosos recursos. E, nese caso, no caso de que se pretenda facer, que rescate a concesión para o público, porque si que podemos facela, e podemos facer aínda unha xestión máis eficiente que a que se produce desde un punto de vista privado, entre outras cousas, porque o beneficio que levan as empresas privatizadas coa concesión podía levalo directamente o erario público.

Con relación ao galego, estaría vostede moi contento —supoñemos, en relación co razoamento que fixo— con que o galego se convertese, como o latín nos seminarios, nunha lingua morta que coñecesen todos os curas pero que ninguén falase. Ese non é o seu papel con relación á lingua, e non o é nin estatutaria nin legalmente porque o Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei de normalización lingüística os obrigan a vostede como presidente, ao conxunto da Cámara e ao Goberno galego a fomentar o uso do galego; non soamente a garantir o coñecemento, senón para empezar, e en segundo lugar, para desterrar os prexuízos que contra el existen. Algo do que non fixo nada durante estas últimas lexislaturas, durante as

dúas lexislaturas nas que vostede levou o Goberno; máis ben mandando sinais contrarios desde o punto de vista do Executivo e do Lexislativo, negando a normalidade lingüística da que hoxe segue estando excluída a nosa lingua en moitos ámbitos de carácter público.

Dos pecados falou vostede, non eu, eu tiven que empezar falando dos pecados porque foi o que vostede dixo antonte aquí. Dixo que os pecados cometidos nestes muros se espiaban nas urnas. Nós seguimos pensando que non. Hai pecados que non se espían porque continúan aí. Poderán ser 41 deputados, pero o paro segue aí, a exclusión segue aí, o déficit na sanidade segue aí, a depreciación e a precarización da educación seguen aí, a falta de oportunidades segue aí e o devalo demográfico segue aí. *(Aplausos.)*

Falou de proxectos industriais coma se estivese en campaña electoral, reiterando ese anuncio que fixera en Curtis. ¿Cal é a súa proposta sobre o sector lácteo?, ¿esperar que veñan as empresas de fóra sen que a Xunta interveña en absoluto? ¿Ou é, polo contrario, a aposta, como fixo con Alimentos Lácteos, deixando 20 millóns de débeda e 8,5 millóns perdidos de diñeiro público coas empresas quebradas? ¿Esa é a súa aposta polo sector lácteo?

Hai erros ou hai mentiras, non sei moi ben, como é a primeira vez que temos un debate vostede e eu... Bueno, é a segunda, pero no Parlamento, a primeira. Concederille como equivocación o que creo que é unha mentira, e aquí, desde logo, desde esta tribuna, eu non dixen que se reducisen en sanidade e en docentes 11.000 persoas —pode revisar as actas, se quere—. Falei de en sanidade, 1.800 profesionais e docentes, 2.300. A pregunta segue sendo a mesma: ¿consideraba vostede que faltaban antes profesionais? ¿Sobraban antes ou faltan agora?, porque as dúas cousas a un tempo non poden ser e as necesidades asistenciais da poboación seguen sendo as mesmas. Logo, ¿sobraban antes ou faltan agora? A nosa opinión é clara, faltan agora, non sobraban antes.

Segue equivocándose ou seguen mentindo —segundo se vexa— co tema da paga extra. A paga extra —sacrificio do funcionariado, evidentemente— foi un verdadeiro decomiso, foi unha expropiación do salario dos funcionarios, pero non para pagar os servizos públicos, senón para rescatar os bancos. Esa é a mentira, ¡claro que é a mentira! *(Aplausos.)* ¡Evidentemente que é a mentira! Están as cifras e están os cartos para ver, os cartos que se enviaron para o rescate e os cartos que se enviaron para salvar os servizos públicos; están para ver.

Ademais, con relación aos salarios dos funcionarios e con relación á paga extra, tamén o Goberno fixo trampas; trampas que declararon os propios tribunais dicindo que debía devolverse a propia paga extra porque se fixera trampa coa regulación legal da mesma.

¿Cos eólicos? Xa se comentou aquí, pero —datos da Rede Eléctrica Española— potencia instalada en Galicia en 2009, 3.208 megavatios; en 2015, 3.362 megavatios; diferencial, 154 megavatios, que, por certo, son imputables ao concurso eólico anterior, e os do concurso eólico, cero. ¿Error ou mentira? Cadaquén que escolla.

Falou vostede de imputados tamén pedindo respecto aos procesos xudiciais, e apelaba, ademais, ao tema xudicial, ao tema dos xulgados, ao dos xuíces e maxistrados, e falaba diso nesta Cámara. Pois ben, precisamente por iso hai que diferenciar ámbitos. Hai que diferen-



ciar o ámbito xudicial do ámbito político. No ámbito xudicial, evidentemente, a condena penal é a que marca a inhabilitación, pero a responsabilidade política exíxese na sede da responsabilidade política, que é a Cámara, que é o Parlamento de Galicia. Por iso, nós vimos aquí e falamos de responsabilidades políticas; non xudiciais, pero si políticas. Por exemplo, poderá suceder incluso que, chegado o momento, o seu coaligado Baltar, en Ourense, saíse absolto daquelas acusacións que se lle fixeron sobre os escándalos sexuais. Si, podería saír absolto penalmente; agora ben, desde o punto de vista da ética política, desde o punto de vista do principio de igualdade —desa igualdade contra o machismo da que vostede falou desde esta tribuna—, o lóxico, o ético, o decente sería pedir o cesamento desa persoa. (*Aplausos.*) ¡Iso sería o lóxico! (*Aplausos.*) Se non é así, chegado o momento xa se encargará a xustiza de facer o que teña que facer.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Vou rematando. —Tiña razón Antón, non dá tempo para todo.—

Eu sigo preguntándome que é o que non lle gusta das cidades do cambio. ¿Non lle gustan os casos de corrupción? ¡Ah!, non, é que Conde Roa era do PP. ¿Non lle gusta tampouco o de Espadas? ¡Tamén era do PP! Tampouco lle gustará que falemos da Pokémon, pero, claro, é que tamén eran do PP. Pero, bueno, ¿están asociados ás cidades do cambio? Non, eran as cidades do precambio, por iso chegou o cambio, porque a xente quería varrer a corrupción das institucións, e así o fixo e así o seguirá facendo, porque a xente, unha vez que se acostuma á dignidade, non quere volver atrás. (*Aplausos.*)

¿Que lle molesta das cidades do cambio?, ¿que estean as contas sen aprobar desde o 2014? ¿Na cidade do cambio de Ourense quere dicir, verdade? ¿Ou que estean alí os concelleiros e concelleiras? ¡Ah!, iso era en Ourense tamén, que é outra cidade do cambio.

Vou rematando, señor presidente. O que lles pon nerviosos, o que lles pon nerviosas é que nós amosamos coa práctica que con pouco é posible facer moito e que coa xestión pública, coa boa xestión pública, se vive mellor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Permítanme, antes de reiterar o noso apoio ao candidato na votación que vai ter lugar a continuación, que contraste algunhas das afirmacións que vimos de escoitar ao longo de hoxe.

A primeira, o Parlamento. Díxose aquí que o Parlamento non funcionaba, que non se podía controlar o Goberno. Eu teño as cifras exactas: na lexislatura pasada houbo 1.778 comparecencias en comisión para responder preguntas do Goberno. Se sumamos as presenzas do Goberno en pleno e en comisión, dá que o Goberno estivo nesta Cámara 1,84 veces todos os

días da lexislatura, incluídos sábados e domingos. O Goberno pode ser controlado, outra cousa é a súa capacidade de controlalo ou de querer controlar cousas que non existen, que iso tamén ás veces pasa; (*Aplausos.*) polo tanto, esta Cámara controla o Goberno. E se vostedes non teñen capacidade de demostrar cousas que non existen, pois non me sorprende tampouco porque o que non existe non se pode demostrar.

Quero tamén que quede moi claro o compromiso do Partido Popular en contra da violencia machista. No último pleno desta lexislatura, señora Pontón, aprobamos unha lei que favorecía o cobro e as axudas por parte da Xunta ás mulleres maltratadas en Galicia. Foi unha proposición de lei que presentou unha súa compañeira de grupo —que hoxe non está aquí, por certo—. Foi aprobada co voto a favor do Partido Popular, do seu grupo e do grupo de AGE, e tivo a abstención do Partido Socialista. Esa foi a última votación que tivemos nesta Cámara na pasada lexislatura.

Pero quero recordarlle tamén —porque ás veces o esquece— que quizais un dos fitos máis importantes na loita contra a violencia machista foi cando o Partido Popular, no Goberno de España, aprobou as ordes de protección, que permitiron que as vítimas da violencia machista foran afastadas inmediatamente de quen lles infrinxía o dano. Polo tanto, compromiso en contra da violencia machista, todo. (*Aplausos.*)

Outra cuestión que é bo clarexar, dado que, ademais, é unha iniciativa asinada polos deputados do meu grupo, é o tema da Comisión das Caixas. Nós pedimos que se conclúan os traballos desa comisión precisamente porque non hai nada que ocultar. Nós apoiamos a constitución da comisión. Quero lembrar que o plan de traballo foi aprobado por unanimidade dos catros grupos que existían na Cámara na pasada lexislatura. Quero recordar que houbo corenta, case cincuenta, comparecencias —entre elas algunhas moi salientables— que seguro que hoxe non teríamos aínda que as pedísemos —como a do gobernador do Banco de España— por escrito, algunha secretaria de Estado, por suposto o presidente da Xunta, o conselleiro, a ex-conselleira e os directores xerais que, por parte do Goberno da Xunta, levaran a política financeira. Quero recordar que a Xunta foi a única que mandou material, porque toda a información que se lle pediu á Xunta foi facilitada, non así o FROB nin o Banco de España que dixeron que esa era unha competencia de control estatal e, polo tanto, non nos remitiron información. Aínda así, hai material dabondo para chegar a unha conclusión; unha conclusión que se vai enriquecer co desenvolvemento do que aconteceu nos últimos tempos: estábamos investigando unha cuestión que eran as indemnizacións millonarias —que como sabe vostede estaba *sub iudice*— e os comparecentes beneficiados por esas indemnizacións, negáronse a declarar. Hoxe declararon ante o xuíz, nós alegrámonos de que o xuíz ditara unha sentenza e, mesmo, compartimos a opinión do Tribunal Supremo de que esa sentenza quedou curta, pero o certo é que con esas sentencias podemos enriquecer o coñecemento do que pasou na Comisión das caixas.

Hoxe rexistraron —curiosamente— o Grupo Socialista e o Grupo Nacionalista Galego outra petición de Comisión de investigación das caixas de aforros. A min chámame a atención, porque resulta que os únicos que dalgunha maneira fomos coherentes nesta cuestión ao longo do tempo fomos os do Partido Popular —recordo— e cando o Bloque presentou a lei para modificar a Lei de Caixas, tivo o apoio do Grupo Popular; o Grupo Socialista —como

vostede recordará— dixo que aquilo era un asalto do PP, que metían as mans nos aforros dos galegos. Vostede recordarao porque nos criticaron aos dous grupos conxuntamente. Cando vén a fusión, aí o PSOE o que di é que esa era a fusión que eles querían porque seguía o señor Gayoso, por certo, era a fusión que eles querían. O señor Abel Caballero dixo que, por fin, Feijóo cedera e tiñamos a fusión que Galicia necesitaba, e foron vostedes os que votaron en contra porque seguía o señor Gayoso. Se non chega a seguir o señor Gayoso, daquela esas caixas estaban unha en Bankia e a outra nin se sabe. Pero estaríamos en Bankia, iso era o que vostedes, *de facto*, terían provocado se naquel momento non se aproba esa fusión. Polo tanto, aí estábamos de acordo o PSOE e o Partido Popular, e o Bloque estaba en contra. E, finalmente, agora parece que os que están a favor dunha comisión —non se sabe moi ben para que— son o Bloque e o Partido Socialista. Haberá comisión, haberá conclusións e Galicia saberá exactamente que foi o que pasou.

AP-9. A AP-9, evidentemente é unha transferencia importante. Nós apoiamos esa lei e queremos que se tramite en Madrid e que se aprobe esa lei. O profesor Leiceaga, permítame que lle chame profesor, Leiceaga, e que lle diga coloquialmente —que somos amigo— que eu non aspiro a ser sucesor de nada nin de ninguén, incluso non aspiro a ser sucesor de min mesmo dentro de varios anos como portavoz do Grupo Socialista, fíxese o que lle digo. Non aspiro a ser sucesor de nada. Pero dito isto, o que lle quero dicir é que confiemos en que en Madrid se tramite a Lei da AP-9. Vostede e máis eu tivemos unha experiencia —que recordamos os dous, que non foi excesivamente boa— cando se pediu desde este Parlamento —tamén por unanimidade— a transferencia de Policía de Tráfico. Foi rexeitada en Madrid, o meu grupo abstívose, o seu grupo votou en contra e só votaron a favor os nacionalistas; e todo isto débemos, tamén, facer pensar cal é o alcance da capacidade dun Parlamento autonómico para levar unha lei que teña que ser aprobada por definición e por mandato imperativo do Parlamento autonómico a unha Cámara, ás Cortes que reflicten e recollen a súa liña xeral. Iso non quere dicir, por suposto, que nós non sigamos pedindo a AP-9, ¿non? Pero creo que esa reflexión é boa, porque nas cortes se rexeitaron moitas cousas, rexeitouse o Plan Ibarretxe, rexeitáronse moitas medidas que as Cortes consideraron que non eran necesarias.

Competencias. Nalgunhas das que se mencionaron poden contar co apoio do Partido Popular, non teñan a menor dúbida, noutras creo que non.

O tema do *Prestige*, que saíu varias veces, o tema da seguridade marítima. Eu creo que se algo aprendeu Galicia do *Prestige* e da catástrofe do *Prestige* foi que non hai ningún país —e moito menos do tamaño de Galicia, nin sequera do tamaño de España— que poida facer fronte a unha desgraza como foi a do *Prestige*; é necesaria a colaboración de todos os países da Unión Europea. Afortunadamente, niso temos avanzado algo. A min gustaríame ter avanzado máis, sobre todo en materia de seguridade marítima e na lexislación sobre o uso do barcos de dobre casco. A Unión Europea nisto non é tan atrevida como os Estados Unidos, pero o certo é que o tema da seguridade marítima é unha competencia que hai que darlle unha dobre pensada. Nós, en principio, despois da experiencia vivida, podemos pensar que non é o máis axeitado que estean aquí radicadas.

Señor Villares, débeda pública. A comunidade autónoma que menos incrementou a súa débeda —díxollo o candidato esta mañá— foi Galicia. Galicia está agora entre as comunidades menos

endebedadas de España e, en 2008, eramos unha das máis endebedadas. Teríamos 3.000 millóns de débeda máis se a débeda galega tivera evolucionado igual que o resto da débeda do Estado e, ademais, grazas a decisión que tomou o Goberno do Partido Popular, hai un fondo de facilidade financeira que nos permite agora, nestes momentos, sen ningún tipo de control nin intervención por parte do Estado, contar con financiamento cero, o cal está liberando —o outro día o anunciou o vicepresidente 65 millóns de euros no orzamento do ano que vén— recursos que non pagan os intereses da débeda, senón que se poden dedicar a políticas sociais. Certamente —tamén como dixo o presidente—, teríamos moita máis débeda se tiveramos aprobado as súas emendas para emitir máis débeda nos exercicios anteriores. Débeda que, por certo, de acordo coas súas emendas, era para gasto corrente. Ben, gasto corrente e non gasto de investimento. Vostedes, efectivamente, nisto, levan intentando moito tempo soprar e sorber, e non se pode soprar e sorber, o normal que ocorre cando un trata de sorber e soprar é que se acaba manchado e neste tema, a verdade, é que vostede sempre que sae acaba tendo que recoñecer que é incoherente, absolutamente, a súa postura.

Con relación aos ingresos, quero recordarlles que en Galicia temos un imposto de patrimonio. É o instrumento máis progresivo que ten a Comunidade Autónoma, xunto co IRPF, que ten unha tarifa máis progresiva que o Estado, tamén. Temos un imposto de patrimonio cunha tarifa progresiva que está permitindo que as persoas que máis teñen en Galicia, as grandes fortunas, entre elas algunha moi destacada, contribúan a paliar a crise.

Dixo vostede esta mañá, fixo unha referencia que me chamou a atención dicindo que as novas Irmandades da Fala son os círculos das mareas. Eu quedei francamente sorprendido recordando ao vello Villar Ponte, *Nacionalismo gallego (apuntes para un libro)*. *Nuestra afirmación regional*, de cuxo éxito é responsable a posta en marcha das Irmandades da Fala —como sabemos hai 100 anos na sede da Real Academia na cidade da Coruña—, onde dicía que a lingua é o «escudo de la autonomía espiritual, más fuerte que las armas, la vida misma de los pueblos, una resultante natural del medio, de la herencia, de la selección». En suma, polo tanto, un epítome da nacionalidade, o propio instrumento de actuación. E, ¿que di Villar Ponte, precisamente? ¿A quen se dirixe Villar Ponte? Diríxese a todos os bos galegos, sexan de dereitas ou de esquerdas, pois non se trata agora de cuestións «ideolóxicas capaces de polarizarse en banderías odiosas generadoras de estériles apasionamentos». Na filosofía das Irmandades da Fala...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ...con respecto á lingua, pode vostede contar co Partido Popular, esa foi a mensaxe que deu esta mañá o candidato e que nós seguimos a manter. Evidentemente, o espírito de Irmandade da Fala, polo que un ve pola prensa, non se asemella moito ao que hai nos círculos das Mareas, porque cando un le que «a anterior viceportavoz miña tivo comigo un comportamento ingrato, insolidario e desleal» ou un deputado do círculos das Mareas di que a coalición da marea é unha «*patera asquerosa*», pois a un dálle a impresión de que non é exactamente o espírito da Irmandade que prevaleceu nas Irmandades da Fala (*Aplausos.*) pero...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, señor Puy

**O señor PUY FRAGA:** ...eu deséxolle sorte e que teña máis sorte que o seu predecesor no cargo.

O que si é moi interesante é esta disquisición que me fai vostede, que sería de alta altura xurídica, sobre o que é o ámbito xudicial e o ámbito político, porque vostede está condenando politicamente a alguén que só no ámbito xudicial se pode saber se é responsable de algo que xera unha responsabilidade política (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) e iso nun xuíz...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ... é particularmente chamativo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** ...dicir que o que di a Lei democrática no ámbito político, non só non hai que cumprilo, senón que hai un plus de castigo por estar un na política. Mire, o primeiro que hai que facer é respectarnos, e antes de respectarnos temos que respectarnos a nós mesmos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas, señor Puy. Remate.

**O señor PUY FRAGA:** E un xuíz non pode dicir que se están vendo no tribunal contratos aos amigos e non acudir á Fiscalía e poñer en coñecemento deses contratos aos amigos. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy. Remate, por favor. Remate xa, por favor. Non, mire, mire o reloxo. Remate.

**O señor PUY FRAGA:** A ver se nos respectamos todos.

Señorías, o presidente esta mañá...

**O señor PRESIDENTE:** Conclúa xa, faga a última afirmación e conclúa xa.

**O señor PUY FRAGA:** Vamos á tarefa que temos por diante: emprego, crecemento, manter o estado de benestar, axudar desde o público a quen máis o necesita, consolidar o autogoberno, a demografía, son demasiado imponentes só para unha maioría, incluso tan sólida e tan ampla como a do Partido Popular. Fixémoslles unha invitación, agradecemos a proposta, sexa con amor ou sen amor, que nos fixo o portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, pero traballando por Galicia atopáronos se vostedes queren contribuír agora.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas, señor Puy.

Dúplica do candidato. Ten a palabra o señor Núñez Feijóo.

**O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, empezamos o segundo turno de réplica —creo que último—, volvo reiterar o agradecemento polo ton desta sesión, tanto pola mañá como pola tarde, e quixera contestar ou intentar concretar algunha das cuestións que vostedes reflectiron na tarde de hoxe.

Di vostede, señora Pontón, que nós non respectamos a oposición. Pódolle asegurar que si, que respectamos moito a oposición, entre outras cousas porque estivemos na oposición despois de gañar as eleccións, sabemos que é moi importante a oposición. Sabemos que é moi importante ter 37 escanos, que é a maioría absoluta menos 1, e estar na oposición catro anos. Soubemos estar na oposición incluso cando gañamos, señoría, vostedes nunca estiveron na oposición gañando, nunca (*Aplausos.*), nunca, señoría, nunca. Non coñezo ningún concello, ningunha deputación, ningunha comunidade autónoma en que vostedes estiveran na oposición despois de gañar, nunca. Nunca, señorías. Nunca, señorías. Por iso, este grupo parlamentario sabe moi ben o que é estar na oposición. Desde o ano 2005 ao ano 2009 estivemos na oposición gañando limpamente as eleccións, simplemente que non tiñamos a maioría absoluta da Cámara e, polo tanto, sobre a oposición, creo que dar leccións sobre que é estar na oposición ou respectar a oposición, probablemente non. Mire si sei que é estar na oposición que durante catro anos fun o xefe da oposición e só lle podía facer unha pregunta ao presidente, dúas preguntas ao mes, exactamente as mesmas que poden facer vostedes con sete escanos ou con seis. Mire si sei o que é respectar a oposición. Por iso non tiña ningunha dúbida, señoría, que seguiremos respectando a oposición, por suposto, porque somos demócratas e porque grazas á democracia estamos hoxe aquí e porque sabemos que os votos dos galegos valen todos o mesmo, e os votos do BNG ben merecen unha representación por parte da oposición e ben merecen, tamén, un respecto por parte do Goberno.

Non pretendía abrir un debate sobre termos de violencia machista, en ningún caso, creo que estamos de acordo no fundamental. O que di vostede, máis menos, é que non fixemos nada, e o único que fixemos foi repetir as medidas súas e, sen embargo, repetindo as medidas súas, todo está mal. Supoño, señoría, que as medidas súas non estarían tan ben cando resulta que, se o único que fixemos foi facer o mesmo que vostedes, todo vai tan mal.

Mire, señoría, en primeiro lugar, facer o que vostedes prometeron e nunca fixeron, é a primeira cousa que fixemos, señoría, que é poñer en marcha o centro integral de vítimas de violencia machista, 2.000 millóns de euros máis de presuposto tivo o Bipartito que nós, non tiveron tempo nin para abrir o centro de recuperación integral das vítimas.

Mire, señoría, fixemos cousas que vostedes nunca fixeron, por exemplo, que a Policía Autonómica, por primeira vez na súa historia, se dedique a protexer as vítimas da violencia machista, porque cando vostedes estaban, a Policía Autonómica non tiña eses compromisos nin ese é o obxectivo fundamental, si, un obxectivo concreto para a Policía Autonómica. Xa sei, señoría, que a Policía Autonómica non dependía dos nacionalistas nese Goberno.

En terceiro lugar o que fixemos, nada máis e nada menos, foi impulsar novas medidas e novas actuacións empezando polo principio, pola educación, e a igualdade é un contido que na educación pública galega está a disposición dos máis nenos, dos menores, xustamente ¿para que? para que rexeiten dende o principio esa violencia machista.

E, por último, seguir a poñer medidas na vindeira lexislatura, por exemplo a formación do persoal da Administración pública en materia de igualdade ou, por exemplo, un protocolo de atención ás vítimas cun único profesional de referencia. Por tanto, señorías, claro que nos preocupan as vítimas de violencia machista, por suposto que si, pero, en fin...

Mire, señoría, din vostedes que non nos teñen que dar permiso para falar o galego. Por suposto, que vostedes deran permiso aos galegos para falar a nosa lingua sería sorprendente. Tampouco nos teñen que dar permiso para querela nin para sentila nin para facela propia. Xa lle digo, non temos ningún inconveniente en falar do galego o que se queira. ¡Ata aquí poderíamos chegar!, por suposto que si.

Señoría, vostede dime se nós imos respectar a decisión dos pais e as nais de mandar os seus nenos e as súas nenas aos colexios que reparten en función das aulas. Señoría, vostedes financiáronos todos os anos do seu goberno, a todos e a cada un deles. ¿A quen quere enganar, señoría? A todos e a cada un deles financiáronos os anos do seu goberno; financiaron os pais e as nais que mandan os seus nenos e as súas nenas aos colexios que separan nas aulas. E a pregunta é: ¿vostede cre que esa nai non merece un respecto? ¿Vostede cre que ese pai non merece un respecto? ¿Vostede cre que aquí hai que pensar como vostede diga, todas e cada unha das nais e dos pais de Galicia? Está vostede moi equivocada, señoría. Imos seguir defendendo a liberdade en Galicia porque a liberdade é un dereito constitucional que nos levou moito tempo conseguir. *(Aplausos.)* Polo tanto, señoría, pense vostede no que imos facer.

Queren volver falar da Comisión das Caixas de Aforros. Benvidos e benvidas, señoría. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor NÚÑEZ FEIJÓO:** O primeiro que fixemos foi poñer outra vez a Comisión das Caixas no debate. ¡Se foi este grupo parlamentario! ¿Que é o que temos que facer máis que sentirnos orgullosos de que, cos poucos medios que tivemos, siga habendo unha entidade financeira domiciliada en Galicia, con sede social en Galicia, que mantén os seus servizos en Galicia, que mantén as oficinas abertas en Galicia, que mantén García Barbón e os Cantóns da Coruña con xente? ¿Pero vostede pode pedirlle máis a un goberno autonómico do que fixemos? ¿Pode pedirnos máis do que fixemos, señoría? *(Aplausos.)* É simplemente ignorar a situación. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, di que nós blindamos os ex-directivos das caixas. Quen blindou os ex-directivos das caixas foi o Bipartito, modificando as leis para que algún directivo puidese continuar como directivo da Caixa. Exactamente co seu voto, señora Pontón, que estaba no hemiciclo. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Señoría, pero se dá igual o que vostede diga, se o importante é o que diga o *Diario de Sesións!*

Mire, eu asinei unha carta para o gobernador do Banco de España pedindo que deixara sen efecto as cláusulas —na miña opinión abusivas— de incremento das retribucións dos directivos. Aínda estou esperando a súa contestación, señoría. Daquela, vostedes apoiaban o Goberno do Partido Socialista. Eu dirixín unha carta ao gobernador do Banco de España cando me dei conta de que unha caixa que estaba sendo intervida non podía en ningún caso

incrementar as retribucións dos directivos —como presidente da Xunta—. Aínda ese gobernador do Banco de España non contestou esa misiva. Ao contrario, tiveron que vir os tribunais para deixala sen efecto.

Señorías, vostedes gobernan en moitos concellos sempre que poden, sempre que o PP non ten a maioría absoluta —vostedes apúntanse a calquera cousa—; gobernan con eses partidos que sacaron á rúa para defender eses ex-directivos que vostede neste momento está criticando. Si, señoría, as hemerotecas están cheas. ¡As hemerotecas están cheas! Vostedes gobernaban en Vigo con ese partido.

Por iso, señoría, sorpréndeme que fale vostede de caixas. Falemos o que consideremos oportuno. O primeiro que fixen é non aceptar un trato discriminatorio para Galicia, como lles estaban dando ás caixas de Cataluña, ás caixas de Andalucía e ás caixas doutras comunidades autónomas. Di vostede que Cataluña mantivo as caixas. ¿Que caixas? Di que Cataluña mantivo a caixa. A única caixa que estaba solvente, La Caixa, porque Unnim e Cataluña Caixa quebraron, señoría, e foron mercadas por outras entidades financeiras.

Cando me decatei de que isto ía volver ser outra vez asimétrico, é dicir, de que as comunidades autónomas que lle interesaba ao Partido Socialista Obreiro Español seguirían tendo caixas porque as ían sanear, automaticamente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —Falaremos de Bankia e dalgún representante de Bankia que parece ser que milita en Podemos.— Digo, señoría, que... *(Murmurios.) (Risos.)* Non rían, señorías, se está de absoluta actualidade. *(Murmurios.)* ¡De absoluta actualidade! Creo que vostedes incluso están moi a favor das persoas que, grazas aos pais que traballaban coa tarxeta *black* en Bankia, podían mercar pisos aos seus fillos, señorías. Non se olviden de que está de absoluta actualidade, señorías, ¡de absoluta actualidade! *(Aplausos.)*

Si, señoría, se van sanear as caixas catalás, hai que sanear as caixas galegas. Primeiro requisito, e conseguímo-lo. O segundo, hai que asegurar os depósitos dos galegos, e conseguímo-lo. E terceiro, imos ser a primeira comunidade autónoma en que se inicie a devolución das preferentes que se emitiron cando o Bipartito estaba no Goberno. E tamén o conseguimos.

Si, señora Pontón, comprendo que a realidade ás veces é moi dura, pero, non por omitir a realidade, convén vivir na entelequia. O das caixas seino moi ben, señoría. Estiven só contra todos. *(Murmurios.)* Si, señoría. Recordo o Partido Socialista cando me dicía: Non, non, se o que hai que facer é meter Caixa Galicia en Bankia; e Caixa Nova, como é unha pequena, pode ir con Cajastur, Caja Murcia ou Mare Nostrum. Esa era a proposta do Partido Socialista, e cando votou en contra o Partido Socialista. Señor Leiceaga, non o inclúo a vostede neste erro do Partido Socialista, porque sei que vostede mantivo unha postura distinta, pero si a deputados socialistas que están nas bancadas. *(Murmurios.) (Risos.)* Vexo que hai algún dos aludidos que entende a mensaxe. Grazas por recoñecelo, señor Losada. *(Risos.) (Aplausos.)*

Polo tanto, señoría, o que fixemos coas caixas eu sométo-o á consideración dos galegos. Xa o sometín no ano 2012, e agora no ano 2016. Síntome orgulloso do que fixemos contra o Goberno central e contra o Banco de España, este grupo de deputados e o BNG no principio, que tamén o apoiou. Agora podemos dicir que non sabemos o que pasará no futuro. Non o



sei, o que si podemos dicir é que Galicia é a única comunidade autónoma de toda España que segue mantendo unha entidade financeira domiciliada na comunidade autónoma, que vén ser a herdeira das antigas caixas de aforros. Reitero o dito, señora Pontón, fíxese na literalidade da frase. (A señora Pontón Mondelo: Si, si.)

Mire, eu non estou en ningún caso minimizando a emigración, é dicir, a saída dos xoves de Galicia. Non, para nada. O que si dixen é que Galicia é unha das comunidades autónomas onde menos mozos saíron do país cara a outros lugares de España ou cara a outros lugares de Europa ou de América. E o que si dixen é que durante o período en que fun presidente o número de persoas que entraron superaron ás que saíron en 17.000 persoas. A pesar de que a emigración...; é dicir, dende o punto de vista da inmigración, os inmigrantes fuxiron de España como consecuencia de que España chegou a ter seis millóns de parados. E, polo tanto, miles e miles de uruguaiois ou de ecuatorianos ou de colombianos ou de arxentinos saíron de España porque España non lles daba de comer, señoría. Pois, a pesar diso, a pesar de coller o peor momento da saída de inmigrantes de Galicia e de España, o neto entre os que saíron e os que entraron é positivo en +17.000 persoas. Pero por suposto que me preocupan aqueles médicos que acabaron a súa formación e están traballando noutro sitio, ou aquelas enfermeiras ou aqueles arquitectos ou aqueles enxeñeiros. Sobre todo preocúpanme aqueles que se foron en contra da súa vontade; non me preocupan aqueles que se quixeron ir para incrementar a súa experiencia e os seus estudos, que estou convencido de que tamén os hai. Por iso presentaremos propostas en relación con este asunto, e sería bo polo menos analizarlas e, polo menos, establecer se hai algunha posibilidade de acordo.

Mire, señoría, vostede dime que eu levante a prohibición de que as Matemáticas non se poidan dar en galego. É coma se hai alguén que me di: levante vostede a prohibición de por que o Coñecemento do Medio non se pode dar en español. Si, señoría, si. Quedamos en que o 50 % das asignaturas se daban en castelán e o 50 % se daban en galego. Cumprimos estritamente todas as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e a sentenza do Tribunal Supremo; todas e cada unha. É o decreto máis garantista, desde o punto de vista xudicial, de todos os que aprobamos, señoría. (Aplausos.)

Lamento, señora Pontón, que acabara vostede a súa intervención dicindo que o que saía desta Cámara como presidente da Xunta non os representa. É unha forma que eu non comparto da democracia. Non teña vostede ningunha dúbida de que non vou considerar esas palabras como un insulto. Eu creo que as palabras pronunciadas nesta Cámara dicindo que «o que vote este Parlamento, a min non me representa», con todos os respectos, creo que lle fan máis dano a vostede que a min. En todo caso, señoría, eu vou intentar representar a moitísimos votantes do Bloque Nacionalista Galego. É certo que cada catro anos son menos, pero vou seguir intentando representar a todos os votantes do Bloque Nacionalista Galego. (Aplausos.) Non teña vostede ningunha dúbida, señoría, porque creo que é o que hai que facer e, dende logo, eu vouno facer.

Señor Leiceaga, non teño ningún interese —créame— en declararlle a vostede ningunha predilección, e hai amores que matan, é certo. Como diría o poeta: «*La soledad no es estar solo, la soledad es que yo te quiera y que tú pienses en otro*». (Risos.) Por iso, señor Leiceaga, non hai ningún problema nesa relación. Vostede e eu coñecémonos dende hai moito tempo, res-

péctoo como parlamentario, creo que mantivo vostede unha postura moi digna durante o tempo que estivo de voceiro desta Cámara noutros momentos e creo que vostede, ademais, se foi do Parlamento supoño que por coherencia —non o sei— e cónstame que, por exemplo, nas caixas vostede non estaba de acordo coa imposición madrileña do Partido Socialista Obreiro Español. Non estaba de acordo. E eu agradézollo. Agora ben, se lle molesta que diga isto, se quere, cambio de ton. Non lle molesta, estamos de acordo.

Polo tanto, di vostede que non tivemos ocasión de decidir a quen apoiarían vostedes, se non tiveramos maioría absoluta. Porque, na primeira, se non conseguimos esa maioría, a cuestión é a quen apoiarían vostedes. Eu crin, señor Leiceaga, que vostede se presentaba para apoiarse a si mesmo. Aquí si, en Galicia. Eu crin que vostede se presentaba para ser a segunda forza. Pero, en fin, non o sei. En todo caso, se facemos política- ficción, a cuestión é: se vostedes non son segunda forza, ¿a quen apoiarían vostede? Esa é unha boa pregunta.

Eu sei o que fan vostedes na Coruña, en Ferrol e en Santiago: apoiar as Mareas. Na Coruña non gañaron, e apoiáronos, en Ferrol non soamente non gañaron, senón que nos faltaron dous para a maioría absoluta, e foron tenentes de alcalde das Mareas. Agora resulta que rifaron coas Mareas e que os do Partido Socialista en Ferrol din que os das Mareas son persoas non democráticas. Claro, eu todo isto non o sei, pero, como vostede pode imaxinar, lémolos todos os días. Polo tanto, non sei que faría o Partido Socialista Obreiro Español se ao Partido Popular de Galicia lle faltara un escano para a maioría absoluta, pero temo, señoría, o que poderían facer. En todo caso, iso ¡que máis dá!, se xa non se produciu.

Polo tanto, señor Leiceaga, cando crea que un deputado nesta Cámara di cousas sensatas, igual que cando vostede cre que o presidente di cousas sensatas, pois imos coincidir. Non hai ningún problema, por suposto que non.

Vostede defende o sistema de financiamento actual. O BNG di que é unha aldraxe, e as Mareas tamén. (*O señor Villares Naveira: En Marea.*) —En Marea, perdón; é que, como hai tantos nomes... Perdoe, señor Villares.— Digo que vostede di que non é un mal sistema o resultado. Correcto, que o resultado non é un mal sistema. A portavoz do BNG mire o que dixo nas dúas intervencións, e o señor de En Marea mire tamén o que dixo.

Probablemente de financiamento saiba vostede máis que os outros portavoces, entre outras cousas porque estudou axeitadamente o sistema. E o certo e verdade, señoría, é que hai cousas que dixo nas que eu concordo con vostede. Pero vostede recordará perfectamente que ese sistema de financiamento o pactaron os que agora están no Goberno de Cataluña, Esquerra Republicana de Cataluña, Iniciativa por Cataluña... —Si, si; si, señoría, vostede sábeo igual ca min— ...e o Partido Socialista de Cataluña. E pactárono cunha ministra galega, nacida en Ourense —a cota do Partido Socialista galego—, e despois a nós avisáronnos e dixéronnos: se non firmades, aínda vos imos quitar o presuposto que tedes como consecuencia de que este sistema dá un pouco máis de presuposto en determinados parámetros. A verdade é que non era moi amistoso o tema de se asinamos ou non asinamos. Pero é certo que algunha das cousas que vostede reflicte do sistema de financiamento son cousas que convén mantelas. Estamos de acordo.

Señor Leiceaga, quero pedirlle desculpas en relación coa miña intervención inicial desta mañá cando dixen que había 978 megavatios instalados. Non é así, hai 978 megavatios autorizados e, polo tanto, pídolle desculpas.

Si quero dicirlle, señoría, que hai 1.000 millóns de plans industriais desembolsados e 2.100 empregos. Dígoo porque a voceira do BNG me falaba aquí de emprego. ¡Home!, para emprego, o eólico do BNG. Para emprego supoño que dalgúns; desde logo, dos galegos, non. *(Aplausos.)*

E para compromisos, señoría, para compromisos con Galicia, recórdolle que recadamos, grazas ao canon eólico, 160 millóns de euros. Para vostede, que cre en impostos medioambientais, non é un tema menor, porque cando vostedes gobernaban non puxeron un euro para os eólicos. Tamén é certo que nós, durante algúns anos que gobernamos, tampouco lles pedimos nada aos eólicos. Pero cando chegamos ao Goberno no 2009 puxemos un canon eólico que se reparte ao 50 % entre os concellos e a Xunta de Galicia, e levamos recadados 160 millóns de euros. Polo tanto, señoría, ¿quen defende o país?, ¿quen é o militante de Galicia desde o punto de vista do sector eléctrico?, ¿quen é o militante de Galicia desde o punto de vista eólico, os que recadamos e lles pedimos ás empresas que paguen por ter eólicos en Galicia ou os que miraban para outro lado e nada lles pedían? Señoría, creo que ben merece a pena poñer en valor o que fixemos, porque, se non o poñemos... Denunciáronos ante os tribunais. Vostede sabe que recorreron o canon e gañamos nos tribunais o canon. En consecuencia, volvemos reiterar: ¿onde se incrementaron os parques eólicos en España? Os parques eólicos non se incrementan en España como consecuencia de que as eléctricas perden as subvencións da enerxía eólica. As eléctricas empezan a ver que non é un negocio redondo como antes e, polo tanto, soamente constrúen parque eólicos que sexan rendibles ao prezo do *pool* segundo se estea pagando a enerxía nese momento. Iso, máis a consecuencia da crise económica, máis a consecuencia da baixada do consumo eléctrico, máis a consecuencia de miles e miles de megavatios instalados —un disparate— fotovoltaicos e termosolares, fai que España tivera unha potencia instalada do dobre do consumo diario. Automaticamente, señoría, non se podía seguir instalando parques eólicos sen subvención. E nós non imos subvencionar uns parques eólicos que son un gran negocio pero que, sen embargo, financiamos cos impostos dos galegos e do resto dos españois. Señoría, esa é a proposta e vostede coñécea ben. Hai xente que ri simplemente porque non sabe exactamente do que estamos a falar, pero ese é o seu problema, señoría.

Mire, señoría, sobre o tema demográfico vostede collíame a gráfica. Esta é a gráfica, señoría. É tan clara a gráfica... Mire o desplome, señoría. Eu nestes anos estaba estudando secundaria. Mire o desplome, fíxese no desplome, señoría. Entón dime que non, que no ano 2008 un goberno onde estaban os socialistas incrementaron un pico os nacementos. E é verdade, é verdade, e eu felicítóos, señoría. Pero, bueno, vostedes no ano 2007 estaban aquí, e tiñan 21.000; e eu no ano 2009 estaba aquí e xa tiñamos 22.500. No ano 2006 estaban aquí e tiñan 21.300, e eu no ano 2010 seguía aquí e había 22.047. Entón o problema é o último ano, no que baixamos dos 20.000. Mire, señoría, baixo ese criterio, o que mellor entendía as políticas demográficas era Francisco Franco, señoría. *(Risos.) (Murmurios.)* Porque miren os que nacían cando gobernaba Franco: 43.000 en 1975, 44.000 en 1976. Mire, señoría, en chegar a estas conclusións absurdas supoño que vostede non estará de acordo. Polo tanto, non lle bote a culpa ao Goberno porque, se non, chegamos á conclusión de que o mellor goberno desde o

punto de vista da demografía era o goberno onde non había liberdades. ¡Que disparate é ese señoría! ¡Como se pode dicir que a culpa é deste goberno, e que resulta que porque nun ano se incrementase un coeficiente resulta que era o mellor!

Mire, señoría, a demografía en Galicia é un problema estrutural, e de feito non temos boas noticias en relación con ese asunto. ¿Por que? Vostede coñéceo ben, por iso me sorprende que siga con este tema da demografía. O envellecemento da poboación tamén afecta, por suposto, as mulleres. E afecta as mulleres en idade fértil. Agora temos menos mulleres en idade fértil que antes e cada vez teremos menos. Polo tanto, ese é o problema, señoría, e haberá que debater ao respecto, ese é o problema. Non é o problema de se antes gobernaba un e durante un ano foi ben e agora, que goberna o outro, durante dous foi mal.

E se quere falar vostede da demografía, falemos da demografía no conxunto do país, de España, si. Mire, señoría, no ano 2009 os nacementos en España baixaron un 5 % e en Galicia un 2,8 %. No ano 2010, por exemplo, ou no ano 2012, en España baixan o 3,8 % e en Galicia o 2,4 %. En España baixan outra vez máis no ano 2015. A evolución entre o ano 2008 e o ano 2015 é que en España os nacementos baixan un 19,5 % e en Galicia un 16,5 %. Entón, señoría, ¿quere falar de demografía? Eu quero escoitar as súas propostas, pero non me veña dicindo que nun ano do Goberno bipartito naceron 1.000 rapaces ou rapazas máis en Galicia, porque chegamos a conclusións, francamente, que a ninguén nos gustan.

Vou rematando, señorías.

Sobre impostos, vostede pregúntame qué imos facer cos impostos. Pois mire, nós estivemos facendo baixadas selectivas durante os anos da recesión económica. Baixamos os impostos na vivenda para os mozos e as familias numerosas, baixamos os impostos para as empresas galegas que investían en Galicia. Baixamos os impostos durante todos estes anos. E o primeiro ano no que tivemos un incremento do presuposto o primeiro que fixemos foi facer a maior rebaixa fiscal da historia da Comunidade Autónoma de Galicia: o 99 % dos galegos e das galegas non pagan por herdar nin por facer unha doazón intervivos como unha aportación antes da herdanza que corresponda. Baixamos dúas veces o imposto da renda das persoas físicas, e beneficiouse o 98,5 % dos contribuíntes. E voulle dar os datos: á data do que vai de ano 2016, hai 46.652 galegos que non pagaron por recibir a súa herdanza. Non é menor, 46.652 familias galegas non pagaron pola herdanza no que levamos de ano 2016, e hai 5.300 galegos e galegas que pagaron cero por adquirir calquera tipo de finca rústica no ámbito rural da comunidade autónoma. ¿Que imos seguir facendo? Por suposto, loitar contra a fraude fiscal. Atriga, nos tres últimos anos, aflorou unha fraude fiscal de 480 millóns de euros. Creo que ben vale a pena desde aquí volver felicitar os empregados públicos, neste caso concreto os que traballan na Axencia Tributaria de Galicia: 480 millóns de euros de débeda non declarada como fraude fiscal.

¿Que imos seguir facendo? Pois seguir baixando os impostos. Xa adiantamos un: que nos concellos rurais non se pague por adquirir unha casa, unha vivenda. ¿Para quen? Para a xente moza, para as familias numerosas, por suposto. Iremos vendo se se pode seguir ampliando esa gravación cero no rural para todos. Por suposto que o iremos vendo. Pero comprenderá vostede que neste momento me gustaría saber cal é a postura do Partido Socialista. Porque

o Partido Socialista nas comunidades autónomas onde goberna sobre os impostos sempre. ¿Vostede está de acordo en subir os impostos ou en baixalos, señor Leiceaga? Seguro que teremos ocasión durante a lexislatura de velo, por suposto que si. Agora, digo que en Andalucía vaia vostede preguntar que tal vai iso. Ou vaia preguntar, se quere, a outras comunidades autónomas onde goberna o Partido Socialista qué fai cos impostos. Pero, como é natural, creo que imos ter moito tempo para dialogar sobre isto.

Fun varias veces increpado —en plan positivo, por suposto— polo autogoberno. E eu estiven escoitando durante toda a sesión os temas do autogoberno. Hai algúns que cren que é moito máis importante conseguir a transferencia do castelo de Monterrei que manter a autonomía da Comunidade Autónoma cando a inmensa maioría das comunidades autónomas quedaron intervidas polo Goberno de España, pero cada un, como é natural, establece as súas prioridades. (*Aplausos.*) Mantivemos todas as competencias da Comunidade Autónoma durante a recesión e a crise económica, cousa que non foron capaces de facer a inmensa maioría das comunidades autónomas. Di o señor Leiceaga que isto é neutro. Non, non, estar no fondo de liquidez autonómica supón que os pagos os ordena o Ministerio de Hacienda de España. ¿Que dirían a un presidente da Xunta de Galicia se perde a tesourería? ¿Que cualificativos dirixirían a un presidente da Xunta de Galicia se quen ordena o pago é o Ministerio de Hacienda e non a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia? ¿Que dirían vostedes, señorías, se nós non tivésemos a autonomía suficiente para colocar a débeda pública nos mercados e tiveramos que pechar porque ninguén nos presta un euro, porque non se fían de nós e porque teñen dúbidas de que o devolvamos, e tiveramos que pedir o diñeiro ao Goberno de España para chegar a fin de mes e que o Goberno de España nos marcasse cales son as prioridades de pago? Señor Leiceaga, sabe vostede que non hai autonomía política sen autonomía financeira e, polo tanto, mantivemos a autonomía política e mantivemos autonomía financeira.

Se queremos falar da autoestrada AP-9, sen ningún problema, señoría. Vostedes gobernaron vinte e dous anos. ¡Miren que tiveron tempo de transferila! Pero non importa, iso é pasado. Se queremos falar da autoestrada do Atlántico, por suposto que si. Gobernaron oito anos co goberno de Rodríguez Zapatero. Non tiveron tempo de ampliar a autoestrada do Atlántico, é curioso, ¿verdade, señor Leiceaga? E agora resulta que hai algúns aos que se lles ocorre que hai que baixar a peaxe. Os mesmos que gobernaban no Goberno de España agora din que hai que baixar a peaxe da autoestrada do Atlántico. Señoría, hai que estar tranquilo coa historia de cada un, coa biografía política de cada un, é fundamental para poder falar con liberdade alá onde ten ocasión de ser escoitado.

Mire, señor Leiceaga, agradezo que estean vostedes dispostos a botar unha man, porque diso se trata, na miña opinión. Namentres as forzas políticas ata o ano 2020 esteamos compostas así, do que se trata é de botar unha man, de botar unha man a ver se somos capaces de formar parte da solución e non simplemente de apuntarse a describir os problemas. Logo falarei para rematar esta intervención.

Señor Villares, sería bo, agora que se reabre a Comisión das caixas, que viñeran vostedes a ela. Dígoo porque, como saben vostedes, non viñeron á anterior, viñan de observadores. É sorprendente. Aínda me estou preguntando por que non viñeron e aínda me estou preguntando por que, cando compareceu algún director xeral das caixas, vostedes non formularon

preguntas. Sería bo que preguntara no seu grupo por que, cando estaban os directores das caixas diante, vostedes non formulaban preguntas. ¿Quizais porque non se atrevían? ¿Quizais porque non tiñan posibilidade de preguntar non fora ser que lles responderan? (*Murmurios.*)

Señor Villares, con todos os respectos, eu síntome moi satisfeito co que fixen —non puiden facer máis, asegúrollo, non puiden facer máis— polos preferentistas, non puiden facer máis polos empregos das entidades financeiras, non puiden facer máis polas empresas que traballan para esas entidades financeiras levándolles todos os sistemas aplicativos. Lamento que, cando abríramos a Comisión de caixas vostedes non quixeran participar. E volvo reiterar —salvo que estea trabucado— que non lles facían preguntas aos directivos das caixas. ¿Por que? ¿Quizais porque non interesaba? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Imos seguir falando, señoría. Segue vostede cuns plantexamentos de débeda pública. Sería bo sabelo exactamente, pero eu xa sei, porque levo aquí bastante tempo escoitándoo, o que dicía AGE, que supoño que sería máis ou menos o que din vostedes agora —máis ou menos, non o sei exactamente, xa o iremos comprobando—. Pero nas preguntas parlamentarias da súa voceira, mentres estivo aquí, sempre tiña un problema coa débeda. E dicía: «Vostede está endebedando a Comunidade Autónoma». E a verdade é que si. Pero despois, cando presentaban as emendas no presuposto xeral da Comunidade Autónoma, vostedes incrementaban a débeda. Había que endebedarse máis. E comentaba o portavoz do grupo, e é verdade, que Galicia é a comunidade autónoma que menos incrementou a débeda pública desde o ano 2008. Creo que ese é un dato. Galicia está agora entre as comunidades autónomas menos endebedadas de España, e no ano 2008 Galicia tiña unha débeda pública, en porcentaxe, superior á media de España. Non creo que ese dato sexa un dato menor, creo que deberían telo en conta. Galicia tiña o 6,7 % do PIB, é dicir, 0,1 % da media de España, e agora estamos no 5,3 %, por debaixo da media. ¿E que conseguimos con iso? Pois ter 3.000 millóns menos de débeda pública que teríamos se nos endebedáramos igual que a media das comunidades autónomas. E, ademais, ¿que conseguimos? Aforrar 85 millóns de euros en gastos financeiros. Non creo que ese sexa un tema menor. ¿Agora vostedes están a favor ou en contra da débeda pública?

Controlar a débeda pública é importante para unha economía, sen dúbida. Poder acometer a maior rebaixa fiscal da historia de Galicia, con estes 46.000 galegos máis outros 5.000 que non pagaron —máis de 50.000 familias no pagaron impostos nin de herdanza nin de adquirir inmobles rústicos—, é un efecto de ter controlada a débeda pública. Galicia é a comunidade autónoma que máis diñeiro investiu por habitante con cargo aos seus presupostos: no ano 2005 o dobre que a media das comunidades autónomas. En Galicia, 466 euros de media; e nas comunidades autónomas, 242. O dobre que o resto das comunidades autónomas investiu Galicia con cargo aos seus presupostos durante a crise económica —dato do ano 2015, o último coñecido—.

¿E sabe tamén o que podemos conseguir ao controlar a débeda pública? Pagar menos en intereses e reforzar o gasto social. Galicia dedica xa máis do 40 % do seu orzamento á sanidade. No ano 2008 dedicaba o 35 %. Galicia dedica á sanidade 1.288 euros per cápita, un 7 % máis que a media das comunidades autónomas. E en materia de educación, un 24 % máis que a media das comunidades autónomas entre poboacións similares; entre poboacións de 2 a 24

anos, un 24 % máis que a media. Polo tanto, ¿a que sistemas sociais nos referimos? Isto é o que din os datos.

E este tipo de cousas levounos a facer hospitais. Si, a ampliar o hospital da Coruña, a finalizar o hospital de Lugo, a equipar completamente o hospital de Lugo, a estar finalizando o hospital de Ourense, a finalizar na súa totalidade o hospital de Vigo, a ter ampliado o Hospital do Salnés. Agora están comezadas as obras da Mariña lucense, e despois as obras do hospital de Pontevedra, do hospital de Ferrol e as do Hospital Clínico. E levounos a ter en marcha o maior investimento de tecnoloxía do Servizo Galego de Saúde: 88 millóns de euros en TAC, en resonancias, en mamógrafos dixitais.

Por iso estou convencido de que vostede non pode dicir, salvo que sexa unha consigna, que nós estamos privatizando a sanidade. Porque a verdade é que a sanidade pública galega é máis pública ca nunca. ¿Sabe por que? Porque a estamos financiando con recursos propios, e porque os hospitais públicos atenden a máis xente que antes, e porque facemos máis intervencións cirúrxicas, máis consultas externas e máis probas diagnósticas, e porque facemos máis atención a domicilio, e porque facemos máis cirurxía menor, e porque, en definitiva —e volvo reiterar o que dixen esta mañá—, me sinto orgulloso dos profesionais da sanidade pública galega, a pesar de que os ataquen, señoría, a pesar de que os ataquen. (*Aplausos.*) Xa o sei.

Se a vostede lle interesa o dato, o incremento dos concertos en clínicas privadas durante o ano 2004 ao ano 2008 foi un 44 %. Durante estas últimas lexislaturas, desde o ano 2009, diminuíu un 9 %. Se lle interesa o dato, dígollo para formar opinión e ter todos os datos. Porque, como vostede di, se erramos no diagnóstico, ¿como imos poder chegar a algunha base sólida no razoamento?

Mire, eu comprendo que todo é susceptible de cambiar, e as persoas, por suposto, poden mudar de opinión. Vostedes mudan de opinión con frecuencia. Iso non significa nada; simplemente, tomar nota. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostedes mudan de opinión, e resulta que din agora que nós dedicamos unha parte do complemento específico dos empregados públicos da Comunidade Autónoma para rescatar os bancos. É difícil un disparate maior. (*Risos.*) Dígollo porque, mire, o dos empregados públicos da Comunidade Autónoma —e insisto en que lles volvo agradecer todo o diñeiro que puxeron para manter os servizos públicos—, o investimos en sanidade e en educación. Nós non rescatamos os bancos, señoría. Nós o único que non podíamos admitir é que se rescataran as caixas catalás, as caixas andaluzas, as caixas castelán-manchegas, a caixa madrileña, e nós vir aquí de parvos. ¡Con isto xa non! Iso foi historia, señoría. De parvos, nada, e defender os intereses de Galicia, sempre, señoría, sempre. (*Aplausos.*)

Digo que vostedes mudan de opinión, e iso está ben. Resulta que durante algún tempo había unha serie de países cos que España en ningún caso podía ter relacións diplomáticas, nin ter ningún tipo de contrato con eles, ningún tipo de actividade con eles. Bueno, iso está ben. Un deses países, de acordo cos seus xefes de Madrid, é Arabia Saudita. Fíxense no que acaban de dicir, porque o xefe do Estado vai iniciar, ou está, nunha viaxe oficial a Arabia Saudita. Sen embargo, o seu xefe en Ferrol di que o importante son os barcos, señoría, (*Murmurios.*) que dá

igual, e, se hai que ir a Arabia Saudita e asinar contratos para conseguir barcos para Ferrol, a favor. Vostede ¿con quen está de acordo, co señor Iglesias ou co alcalde de Ferrol? (*Murmurios.*)

Iremos vendo pouco a pouco na lexislatura a favor de quen está vostede. Pero sería bo, señoría, ter un único criterio para poder discutir sobre a alternativa «a» ou a alternativa «b». Porque, se non, todas as alternativas é moi difícil poder respondelas.

Pero, señorías, cuestións á parte —a discusión parlamentaria sempre é rica—, eu honradamente veño aquí para pedir o apoio da Cámara, para pedir o apoio da Cámara e para defender o que fixemos. Dicia o señor Leiceaga e mais vostede e a señora Pontón que non me van dar o seu apoio polo balance dos meus anos de goberno. Pero eu pensei que o balance dos meus anos de goberno estaba xa xulgado, porque para iso facemos eleccións. (*Murmurios.*) ¡Ah!, ¿non? Bueno, parece ser que a oposición di que non, que os galegos se equivocan votando, outra vez. Eu crin que ese debate xa o tiñamos superado, pero, bueno, saberán vostedes o que teñen que facer.

Miren, eu teño que agradecer, reitéroo —e finalizo definitivamente—, e quero agradecérllelo a todos vostedes, o discurso de investidura. ¿Por que? Porque empecei a intervención o pasado martes pedindo un respecto para o Parlamento, e observei durante estes dous días que hai un cambio de formas. E iso creo que é bo. E por iso agradezo o ton das súas intervencións, e que todos os galegos e todas as galegas puideran ver un debate marcado polo respecto. Polas diferenzas, si; polas propostas contraditorias, tamén; pero marcado polo respecto. Porque se pode discrepar con absoluta educación. É dicir, pódese discrepar profundamente cunha enorme educación.

Porque —algo máis que o respecto entre nós— o importante é que este respecto entre nós o que está trasladando é un respecto á Galicia que representamos aquí. E eu estou convencido de que, se mantemos o punto de partida nas formas, poderemos concordar cousas no fondo, que é do que se trata. Porque aquí vimos a escoitarnos, a coñecer as propostas de cada un. E, despois de coñecer as propostas de cada un e de defendelas, aceptar o resultado das votacións. Niso consiste a democracia.

Todos nos presentamos a estas eleccións, todos quixemos estar aquí. Sometémonos á consideración dos galegos e das galegas todos os que estamos aquí, todos. Todos tiñamos a aspiración de ser presidente da Xunta. Houbo catro candidatos: unha candidata e tres candidatos. E todos tiñamos a aspiración —os catro, a candidata e os tres candidatos— de poder someterse a unha sesión de investidura como a que está a piques de finalizar. E eu comprendo que non son o candidato de toda esta Cámara, porque había outros tres que querían ser candidatos. Pero os galegos, e non nós, decidiron que o candidato, dentro dos catro, fora un, que é o importante. Por iso estou aquí. Estou aquí porque os galegos me deixan estar aquí, me mandan estar aquí. E eu estou ao seu servizo, señorías.

Eu non son o candidato de toda esta Cámara. Sei que verme aquí frustra a expectativa dos outros candidatos, pero eu veño aquí para propoñerlles que, en lugar de que pasen outros catro anos sinalando o que falta, sinalando o que vai mal, sinalando os males, arrogándose a representatividade que non teñen, formen parte das solucións. Porque iso é o útil en lugar



de que estes catro anos pasen por diante e volvamos o ano 2020 e vostedes intentando botalle a culpa ao que gaña e volvendo facer outra sesión de investidura daquel que os galegos e as galegas decidiron que volva ser presidente.

Os galegos, polo tanto, son os propietarios. Decidiron e déronnos a honra de estar aquí a todos. E o que importa agora é estar á altura deses galegos e desas galegas. Desde logo, eu pódolles asegurar que non me presenteí a estas eleccións polo que fixen, senón polo que quero facer. Do mesmo xeito que aceptei e seguirei aceptando que me equivoco, que erro e que dubido, tamén lles podó asegurar que o que me importa é o que queda por facer.

O seu discurso, na miña opinión, foi tentar reescribir o que os galegos xa valoraron. Pero é que os galegos xa votaron, señorías. O reconto rematou. Entón, pensar hoxe aquí que estamos nunha especie de segunda volta é que nos trabucamos de sesión. Esta non é a segunda volta das eleccións. Esta é a primeira quenda dos próximos catro anos, e eu propóñolles a vostedes que saían da situación do 1 de marzo do ano 2009. Pero que saían da situación do 1 de marzo do ano 2009 non para meterse na situación do 25 de setembro do ano 2016, porque o que temos por diante é o ano 2017, o 2018, o 2019 e o ano 2020. Iso é o que temos por diante. Galicia espera por nós, e, en consecuencia, nós temos que responderlle a Galicia, que o que está esperando non é máis que que intentemos acertar.

É evidente que o que fixemos en lexislaturas anteriores todos os galegos o coñecen, e ademais foi valorado. E a pregunta que supoño que vostedes se están facendo é: ¿que fixeron vostedes durante este tempo? Piden vostedes cambios, piden vostedes cambios do que os galegos non queren cambiar. Queren vostedes cambios daquilo que os galegos apoiaron cos seus votos o 25 de setembro. Non me pidan que faga o contrario do que os galegos me mandan. (*Aplausos.*) Non me pidan iso, que non o vou facer.

Señorías, atoparán, sen dúbida, o exercicio de autocrítica, de autoexigencia e de inconformismo. Sempre me pregunto se podemos facer máis cousas, sempre me pregunto se o que fixemos é suficiente, sempre me pregunto se o diñeiro —que é un ben escaso susceptible de usos alternativos— o podemos dedicar a outras cousas. ¿Vostedes realmente se preguntan e cren que todo o que ocorre en Galicia é por culpa de Feijóo? ¿Vostedes cren que todo o que ocorre en Galicia é por culpa do PP? ¿Vostedes cren que o que pasou é que lles faltou unha semana de campaña? ¿Vostedes cren que o que pasou é por culpa dos xornalistas? ¿Vostedes cren que o que lles pasou é por culpa dos maiores? ¿Vostedes cren que o que lles pasou é pola alienación e pola ignorancia do noso pobo? ¿Vostedes cren que é a culpa dos galegos o que pasou?

Non, señorías, respectemos o país. Respectemos o país, o que pasou é o que os galegos decidiron que pasara. Ese é un principio básico que non convén en ningún caso perder de vista durante todos os días que teñamos a acta de deputado ou deputada.

Miren, ninguén di que non haxa problemas. Eu son o primeiro que dixen que o primeiro obxectivo do Goberno, se teño a confianza desta Cámara, son as persoas que máis sofren, as persoas que teñen efectos como consecuencia da falta de traballo do seu pai ou da súa nai, ou dos dous, son as persoas que non chegan á fin de mes, son as persoas que traballan e que o seu salario non é

suficiente. Foi o primeiro que dixen. Eu son o primeiro, polo tanto, que cre que aínda hai moitísimos galegos con dificultades. ¿E vostedes cren que eu estou aquí porque os galegos entenderon que o que eu dixen é que toda Galicia está ben e que non hai problemas? ¿Vostedes cren que eu estou aquí porque unha maioría dos galegos cren que en Galicia non hai ningún problema?

Non, señorías. ¿En que consideración teríamos os galegos se pensamos que o Partido Popular ten a única maioría de España? ¿En que consideración teríamos os galegos se os galegos pensaran e votaran as que cren que son as mellores políticas para eles e para os seus? Por iso os galegos nos votaron, señorías, porque cren que as mellores políticas de emprego están nas bancadas do Goberno, e porque cren que redistribuír as bolsas de dificultade e de pobreza, e as políticas sociais que practicamos, e as políticas de incentivação ás familias, e as políticas de sanidade, educación e servizos sociais..., e os labregos e os mariñeiros e os parados e os maiores consideran que somos a mellor opción dentro das opcións posibles.

E claro que hai problemas, señorías, claro que hai problemas para abordar, para resolver, claro que si. Eu o que pido para o meu pobo é que se respecte, e, a partir de aí, cada un que plantexe as propostas que considere oportunas. Claro que hai problemas por abordar e problemas por resolver. Respectemos os galegos. ¿Como? Traballando xuntos, esa é a miña proposta. Se imos a estar catro anos na próxima Xunta culpando a un tal Feijóo de todo o que vai ocorrer de aquí ao ano 2020, é como se pensaran vostedes que lles vai colar no ano 2020 o que non lles colou no ano 2009, nin no ano 2012, nin no ano 2016; iso xa non. Por iso, se queren botar unha man, estou á súa disposición. Se queren plantexar calquera proposta en beneficio de Galicia, dos servizos públicos galegos, da liberdade en Galicia e do respecto ás maiorías, estou á súa disposición.

E quero rematar dicíndolles algo que estou convencido que me cren. Eu non me presentei contra ninguén, ¿eh? Para nada. Eu non me presentei coa única motivación política de derrotar os que ocupan as bancadas da oposición. Non. A miña motivación non é esa.

Señorías, non oculto que dubidei de se me tiña que volver presentar ou non, por unha razón: porque dixen que me presentaría dúas veces. Por iso dixen que dubidei, por suposto. Mire, señoría, despois de presentarme dúas veces, en dúas ocasións, como candidato do meu partido, e que os galegos nas dúas nos deran esa maioría absoluta, era imposible superar esas dúas convocatorias. Si, señoría, era imposible, porque o único que podíamos facer, con bastantes posibilidades, era non revalidar. E se un mirara soamente o que lle interesa e a súa historia política ou a súa biografía política, ¿para que nos imos arriscar, acabando a carreira política cunha derrota no Parlamento?

Pois mire, señoría, volvinme presentar porque quero o meu país, por iso nunca, nunca, nunca lle pagarei a Galicia o que Galicia nos volveu dar, que é a terceira maioría absoluta e a única maioría de España. Por tanto, non busquen en min un inimigo de ninguén porque non o son. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, señora Pontón. ¡Alá vostede! ¡Se cre que eu son o seu inimigo...! Mire, para ter inimigos, o primeiro é ter dúas persoas enfrontadas. Como eu non estou enfrontado a vostede, terá inimigos sos; dende logo, eu non o vou ser. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non o vou atopar... O inimigo de vostede —se me permiten—... Dáme a sensación de que esquecen que Galicia non ten inimigos, Galicia o que ten son intereses: interese de saír adiante, intereses lexítimos, intereses de respecto dentro dun estado autonómico. E por iso eu estou aquí, para defender eses intereses. Non para ir en contra de ninguén, senón para ir por e para os galegos.

E por iso reitero: traballemos xuntos. Esa é a miña disposición, traballar xuntos. Para traballar xuntos, eu teño que pedir o apoio do Grupo Parlamentario Popular. Vostedes comprenderán que, se non, isto non sería así. Polo tanto, en primeiro lugar, teño que agradecer ao Grupo Parlamentario Popular o seu apoio. O seu apoio non soamente esta tarde, senón durante todos estes anos. E teño que agradecer aos votantes do Partido Popular o seu apoio, se non, non estaríamos aquí. E teño que agradecerlles a todos eles o apoio durante os anos de recesión, os anos da crise, os anos do non, os anos das dificultades. Teño que agradecerlle a todos eles, por suposto que si.

Pero despois de agradecerlle a este grupo parlamentario o seu apoio, e aos votantes o seu apoio, quero dicirlles que eu xa non son ou non serei o candidato dun partido nin o candidato dunhas papeletas nin o candidato dunhas siglas. Eu vou intentar ser o candidato —e espero que presidente— de todos os galegos e de todas as galegas. E por iso reitero, en nome de Galicia, que traballemos xuntos. Hai unha maioría aberta a todos os galegos, non dubiden diso. Hai unha maioría aberta.

Na política, señor Leiceaga, señor Villares, señora Pontón, estase de paso. E despois do que vivimos xuntos durante estes anos, o que permanece é o país, nada máis.

Galicia é unha tarefa común. E a tarefa común é das galegas e dos galegos de hoxe para a Galicia de mañá.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Feijóo.

Rematado o debate de investidura, procederemos á votación, que faremos ás —imos ben de tempo— dezaoto cincuenta. Avisaremos mediante timbre. Ás dezaoto cincuenta votaremos.

Grazas.

Levantamos a sesión.

*Suspéndese a sesión durante tres minutos e retómase ás seis e cincuenta e tres minutos da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señorías.

Silencio, por favor.

Reiníciase a sesión.

Procedemos, de seguido, á votación para a elección do presidente da Xunta de Galicia.

A votación efectuarase conforme o procedemento que antes expliquei e que recolle o artigo 136.6 do Regulamento.

Para isto, prégolle á señora secretaria que proceda a sacar á sorte o número da deputada ou deputado polo que vai comezar a votación.

Como dixen antes tamén, os membros do Goberno en funcións, e mais os membros da Mesa da Cámara, votarán ao final, e rematará a votación esta presidencia.

Prégolle, señora secretaria, que extraia o número e faga público o nome da persoa pola que imos empezar a votación.

**A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez):** Fernández Gil, César Manuel.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo tanto, iniciamos a votación.

Proceda, señora secretaria, a chamar segundo o sorteo, e despois por orde alfabética.

**A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez):** Fernández Gil, César Manuel: Si

Fernández Leiceaga, Xoaquín María: Non.

Fernández Prado, Martín: Si.

González Vázquez, José: Si.

Lago Peñas, José Manuel: Non.

López Abella, María Susana: Si

López Crespo, Carlos Enrique: Si.

López-Chaves Castro, Ignacio Javier: Si.

Losada Álvarez, Abel Fermín: Non.

Merlo Lorenzo, Juan José: Non.

Murillo Solís, María Guadalupe: Si.

Nóvoa Iglesias, Marta: Si.

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso: Si.

Pérez López, Álvaro: Si.

Pérez Seco, José Manuel: Non.

Pierres López, María Luisa: Non.

Pontón Mondelo, Ana Belén: Non.

Prado Cores, María Montserrat: Non.

Prado del Río, Paula: Si.

Presas Bergantiños, Noa: Non.

Puy Fraga, Pedro: Si.

Quinteiro Araújo, Paula: Non.

Quiroga Díaz, José Antonio: Non.

Rivas Cruz, José Luis: Non.

Rodil Fernández, Olalla: Non.

Rodríguez Arias, Marta: Si.

Rodríguez Estévez, David: Non.

Rodríguez Miranda, Antonio: Si.

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña: Non.

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María: Si.

Romero Fernández, Cristina Isabel: Si.

Sánchez García, Antón: Non.

Santos Queiruga, Carmen: Non.

Tellado Filgueira, Miguel Ángel: Si.

Toja Suárez, María Dolores: Non.

Torrado Quintela, Julio: Non.

Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís: Si.

Vázquez Domínguez, Sandra: Si.

Vázquez Verao, Paula: Non.

Vilán Lorenzo, Patricia: Non.

Villares Naveira, Luis: Non.

Álvarez Martínez, Luis Manuel: Non.

Amigo Díaz, María Encarnación: Si.

Balseiro Orol, José Manuel: Si.

Bará Torres, Xosé Luís: Non.

Barahona Martín, Magdalena: Non.

Blanco Paradelo, Moisés: Si.

Blanco Rodríguez, Noela: Non.

Cal Ogando, Marcos: Non.

Casal Vidal, Francisco: Non.

Castiñeira Broz, Jaime: Si.

Castro Domínguez, María Nava: Si.

Chao Pérez, Luca: Non.

Cores Tourís, José Manuel: Si.

Cuña Bóveda, María de los Ángeles: Non.

Díaz Mouteira, María Sol: Si.

Díaz Villoslada, Juan Manuel: Non.

Egerique Mosquera, Teresa: Si.

Fernández Fernández, Raúl: Non.

Quintana Carballo, Rosa María: Si.

Vázquez Mejuto, María Ángeles: Si.

Rey Varela, José Manuel: Si.

Vázquez Almuíña, Jesús: Si.

Rodríguez González, Román: Si.

Conde López, Francisco José: Si.

Vázquez Mourelle, Ethel María: Si.

Mato Otero, Beatriz: Si.

Martínez García, Valeriano: Si.

Rueda Valenzuela, Alfonso: Si.

Núñez Feijóo, Alberto: Si.

Burgo López, Concepción: Non.

Arias Rodríguez, Raquel: Si.

Solla Fernández, Eva: Non.

Calvo Pouso, Diego: Si.

Santalices Vieira, Miguel Ángel: Si.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora secretaria.

O resultado da votación é o seguinte: votos emitidos, 75; votos a favor, 41; votos en contra, 34; non hai abstencións.

Obtida a maioría absoluta, proclamo presidente da Xunta de Galicia a don Alberto Núñez Feijóo. (*Aplausos prolongados.*)

Moitas grazas.

Desta elección darase conta de inmediato á súa Maxestade El-Rei, conforme o disposto no artigo 18 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, das normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Levántase a sesión.


Boa tarde a todos.

*Remata a sesión ás sete e cinco minutos do serán.*



## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez López, Álvaro	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Burgo López, María de la Concepción	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Cal Ogando, Marcos	(EM)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Casal Vidal, Francisco	(EM)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castro Domínguez, María Nava	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Cores Tourís, José Manuel	(P)	55. Rodríguez González, Román	(P)
18. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	56. Rodríguez Miranda, Antonio	(P)
19. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Fernández, Raúl	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Gil, César Manuel	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Fernández Prado, Martín	(P)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. López Abella, María Susana	(P)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. López-Chaves Castro, Ignacio Javier	(P)	68. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
31. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	69. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
32. Martínez García, Valeriano	(P)	70. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
33. Mato Otero, Beatriz	(P)	71. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
34. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	72. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	73. Vázquez Verao, Paula	(EM)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25